

Pilar Monroy Fernández

CLUB DE REMO VILA DE CANGAS

1986 – 2011



Pilar Monroy Fernández

CLUB DE PZEMO
VILA DE CANGAS
1986-2011

©AUTORA

Pilar Monroy Fernández

COORDINADOR

Iván García González

FOTOGRAFÍA

Mª del Carmen Rodal
Vicente Parceró
Mª del Carmen Parada
Xosé Calvar
José Iglesias
Jesús Iglesias
Xaime Martínez
Enrique Broullón
Agustín García
Rebeca Nores
Ana Baquero
David Castro
Sergio Rodríguez
César Núñez
Jesús Gestido
José Ignacio Casqueiro
Cándido Bernárdez
Fernando Crego
Mº José Bermúdez
Victor Martínez
Noelia Martínez
Diego Velo

ARCHIVO E DOCUMENTACIÓN

Archivo Club de Remo Vila de Cangas
Ricardo del Río Santomé

Primeira edición 2011

© CLUB DE REMO VILA DE CANGAS

DISEÑO GRÁFICO E ILUSTRACIONES

Aarón Villar Durán
Estevo Paz Freire

REVISIÓN TEXTOS

Subdirección Xeral da Secretaría Xeral de Política Lingüística

COLABORACIÓN

Frigoríficos del Morrazo, S.A.

IMPRIME

Gráficas Duher, s.l.
grafduher@mundo-r.com

ISBN: 978-84-694-7221-7

D. LEGAL: PO 000-2011

EDITA

Club de Remo Vila de Cangas. Nave de Deportes Náuticos (Peirado)
36940 – Cangas del Morrazo (Pontevedra) G-36040681
crviladecangas@hotmail.com
www.crviladecangas.com

COA COLABORACIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ÍNDICE

AGRADECIMENTOS	7
PRÓLOGO	9
METODOLOXÍA E OBXECTO DO ESTUDO	11
VILA DE CANGAS: CLUB DE REMO	15
Orixes	17
1986-1991: primeira directiva	19
1992-1995: segunda directiva	49
1995-1999: terceira directiva	69
1999-2002: cuarta directiva	79
2002-2006: quinta directiva	89
2006-2010: sexta directiva	97
2010-2011: sétima directiva	103
Cadro técnico e adestradores	107
VILA DE CANGAS: ATLETISMO	111
EPÍLOGO	117
APÉNDICES	121
Documental	123
Estatístico	139
Palmarés deportivo	140
Resultados deportivos	144
Fotográfico	169
Remo banco fixo	170
Remo banco móvil (remo olimpico)	187
Atletismo	196



AGRADECEMENTOS

A gratitude é un termo que en innumerables ocasións esquece, por descoido da memoria, a algún receptor do agradecemento. No caso que me ocupa, farei o posible por non omitir ningún dos homenaxeados.

As fontes foron moi numerosas en xenerosidade de entrevistas, propiciando non só que este volume vexa a luz, senón que o faga dende un punto de vista máis humano, pleno de anécdotas, avatares que desencadearon a risa ou o choro e unha morea de emocións cargadas de sinceridade.

Se houbo algún erro na miña interpretación dos testemuños achegados, estes serían unicamente meus. Nos innumerables relatos que escoitei, atopei valoracións distintas respecto a un mesmo asunto e datos que non se correspondían segundo os dese unha ou outra persoa. Ante a disxuntiva e para propiciar a maior veracidade, tomei a liberdade de escoller a versión maioritaria e máis lóxica ao meu xuízo.

O meu primeiro Grazas! é sen dúbida para o gran Ricardo del Río Currás. Certo é que os nosos encontros foron breves, pero cargados de toda a sabedoría que só el sabía transmitir. Alí onde se atope, sei que poderá percibir o cariño e admiración daqueles que tiveron a dita de coñecelo. O Club de Remo Vila de Cangas débelle moito máis que os primeiros anos que o tivo de adestrador. Débelle a mesma idea primixenia da súa creación, xa que del xurdiu o primeiro pensamento da posibilidade da existencia do club.

Na súa casa, museo vital da personificación da arte, recibíume o mestre Camilo Camaño Xestido, quen me demostrou, unha vez máis, que a filantropía e a xenerosidade do seu espírito son tan naturais á súa esencia, como o é para calquera ser humano respirar. Agradezo a amabilidade das horas dedicadas a recordar os primeiros anos de andaina do equipo e sempre, o excelente trato que tivo cara á miña persoa.

Como recoñecemento ao continuo apoio ao longo da existencia do Club de Remo Vila de Cangas, moitísimas grazas á empresa Frigoríficos del Morrazo, coas dúas sociedades que a representan, Irmáns Gandón, SA e Moradiña, SL. Grazas igualmente ao seu xerente César J. Iglesias Docampo e os conselleiros delegados da empresa, Manuel Gandón Menduiña e José Barreiro Hermelo.

Dende hai vinte anos Frigoríficos del Morrazo patrocina o noso equipo, e é un dos maiores puntais de apoio para o seu desenvolvemento. As súas políticas claras de reforzo ao deporte foron unha constante na vila de Cangas, e propiciaron a divulgación do nome da nosa localidade, grazas aos éxitos obtidos.

Moitas grazas a José Enrique Sotelo Villar, polo seu continuo apoio ao deporte da vila. Dende os comezos da existencia do club, sempre se mantivo ao lado deste, e brindoulle a súa axuda en momentos autenticamente decisivos.



Por responder ás miñas preguntas no concernente á organización das engrenaxes internas do club, o meu máis sincero agradecemento a todos os membros das distintas directivas, adestradores e colaboradores que tiveron a deferencia de poñer os seus recordos á miña disposición. Foron Camilo Nores Maqueira, Aquilino Rodríguez, José Rodríguez, Sofía Hernández, M.^a del Carmen Rodal, Manuel Boubeta, Vicente Parcerero, Gaspar Rivero, Manuel Romero, Cándido Bernárdez, Óscar Carracelas, Salvador Da Silva, Valente Campos, Remedios Esther Rial, Pablo Paz, Javier García Lago, Fernando Crego Vidal, Manuel Malvar, José Ferral, Juan Ángel Garmendia, José Paz, Amable Guimeráns, Santiago Nuñez, José Calvar, M.^a Carmen Parada, Eligio Garrido, Evaristo Cancelas e José Luís Méndez.

Doulles as grazas a todos os deportistas entrevistados, por contestar pacientemente ás preguntas dunha persoa allea ao deporte do remo. Ademais de relatos orais, achegaron moitos deles recortes de prensa e fotografías que foron básicas para poder reconstruír o acaecido ao longo dos anos. Trátase de M.^a José Gestido, Elisabeth Pazó, Óscar Fernández, Marina Cabaleiro, Jaime Martínez, Jesús Iglesias, César Núñez, Sergio Rodríguez, Eusebio Cordeiro Rodal, David Castro Piris, Jesús Gestido, José Ignacio Casqueiro, Maximino Piñeiro, Rodrigo Rodríguez, Margarita Marchena, Aroa Soage, M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez, Tomás Cochón, Antonio Giráldez, Sara Gestido, Noelia Martínez e Manuel Lemos.

A Xaime Martínez e Agustín García Hermida débolles a miña gratitude máis sincera por achegar tanta información histórica do club, que facilitou o meu labor de investigación. O seu traballo de campo e a consecuente recompilación de datos fixéronme disipar as miñas dúbidas de que o traballo final puidese quedar máis que coxo pola falta de información. Sen dúbida, non se verá reflectido todo o acaecido nos vinte e cinco anos do Vila de Cangas, pero polo menos intentouse recoller o máis destacado. Agustín García foi o encargado de repasar e corroborar case toda a información concernente á epígrafe de historia, e achegou, en moitos casos coas súas palabras, multitude de datos curiosos que, doutra forma, eu nunca coñecería.

Seguindo coa epígrafe de documentación achegada, grazas a Rogelio Bermúdez e Ricardo del Rio Santomé por facilitar as clasificacións do equipo, así como ao portal de remo Impulso Fixo, na súa contribución de arquivo fotográfico e hemeroteca.

En canto ao que significa ser investigador histórico, o meu máis sincero agradecemento á persoa de Manuel Rodal González. Cos seus traballos realizados, metódicos e contrastados, plenos de veracidade histórica, exerceu de auténtico modelo para a miña carreira profesional.

E para rematar, grazas a Iván García por representar a quintaesencia do compañeiro dunha investigadora. Ademais do crítico máis esixente, foi o coordinador absoluto de todo este traballo, e exerceu de mediador entre o meu labor e as numerosas persoas entrevistadas.

Cangas do Morrazo, 12 de xullo de 2011



PRÓLOGO

O ser humano, curioso espécime de entre os que poboan o globo terrestre, atópase inmerso nun vórtice de accións cotiás que implican as obrigas da subsistencia diaria, nun ritmo de vida cuxa velocidade aumenta directamente proporcional ás responsabilidades.

Asumidas as premisas da idade adulta, preséntase a práctica do deporte como unha alternativa, a xeito de distensión, das rutinas do quefacer diario.

De forma individual ou colectiva, a honra, o orgullo, a dignidade que implica ser parte activa e orgánica dun deporte, pode simbolizar a columna vertebral que estrutura a realización persoal dunha alma humana. Para todos aqueles que portan sobre os seus corpos as pegadas do sacrificio a xeito de tatuaxes vitais de anos de constancia, isto é deporte. O zume que bombea a ondada nas veas. Unha alternativa subxectiva de balanza desequilibrada, onde pesan máis as satisfaccións que o que se deixa atrás no camiño.

Deporte, sen dúbida o actor principal deste relato. Concretamente o que se practica na poboación de Cangas do Morrazo, cinco parroquias, máis de vinte e cinco mil almas. Deporte que tanto lle debe a unha asociación como é o Club de Remo Vila de Cangas. Esta investigación escenifica unha sincera homenaxe plena de respecto merecido á entidade do Vila, un cuarto de século despois do seu nacemento.

Todas as persoas que pasaron por este club, deportistas, responsables, colaboradores, son os lexítimos protagonistas e heroes deste proxecto. Ao principio chamóuselle utopía. Coa madurez cambiou de onomástica: de nome realidade; apelidos, orgullo e dignidade.

Infinidade de premios e bandeiras. Chegou ao máis alto do remo e destacou especialmente en atletismo. Non faltaron avatares no seu camiño non obstante, nunca abandonou a senda da constancia.

Océanos de mar ven esvaecidas as súas fronteiras no medio de augas rudas que nada poden contra os nosos mozos e mozas. Deporte, canalizador de infinidade de xóvenes, detrás dunha mellora na calidade de vida que dignifica a persoa. A todos eles dedícase fundamentalmente este volume, relato de superación dos vinte e cinco anos do Vila, posto que gratitude é sinónimo de devolución.

Compañeirismo, risas, viaxes, dor, anécdotas, esforzo, impulso, perseveranza, lesións, dedicación, lealdade, confianza, valentía e medo, bágoas e superación. Corazón e un longo etcétera, engloban o recordo de tantas persoas que compartiron e comparten o soño dunha quimera feita realidade: Club de Remo Vila de Cangas.

Grazas e longa vida!





METODOLOXÍA E OBXECTO DO ESTUDIO

ORIXES E XUSTIFICACIÓN

Este traballo ten a súa orixe na análise dos vinte e cinco anos de existencia do Club de Remo Vila de Cangas. A súa redacción atende non só á importancia que tivo ao longo dos anos, senón á absoluta carencia ata o momento dun estudo desta índole. Pretenden estas follas funcionar a xeito de fonte para difundir o coñecemento do propio club, quizais dando tamén deste xeito un paso previo para a súa recuperación definitiva. O traballo ten como un dos seus fins primordiais, contribuír a rexenerar a actividade que un día o caracterizou, pegada da súa marca de identidade.

Comezo a investigación en febreiro de 2011, por expreso encargo da sétima directiva do club. Con só cinco meses por diante para realizar o que en condicións normais necesitaría un ano de traballo, mergullo en busca das fontes, á espera de atopar un fío condutor que poida definir o cariz da investigación.

FONTES E TRABALLO DE CAMPO

Entrando na análise heurística, pronto percibo que o material documental a manexar se atopa absolutamente disperso. Por material documental refírome a centenaes de recortes de prensa conservados dende o ano 1986, que serán a base para o meu estudo. Todo este inxente traballo de recompilación de prensa do último cuarto de século, é executado polo coordinador deste volume, Iván García, non sen certa dose de desespero en ocasións, dado o faraónico da empresa. Non decaemos no empeño e primeiramente obtemos eses diarios dos mesmos arquivos da entidade do Vila, así como dos fondos de innumerables caixas escangalladas, de recordos de multitude de antigos remeiros.

Movida a primeira ficha, perfilo o carácter arquivístico da investigación. Pero falta algo esencial. Algo que lle achegue o punto exacto de humanidade, que pretendo reflectir ao longo do groso do volume. A proximidade ao lector de tantos recordos é básica para procurar o dinamismo da lectura e que non quede todo reducido a un simple ladrillo cheo de po nos fondos dun estante. É importante que todo este conxunto de folios sexa próximo ao lector. Para iso, realizo tantas entrevistas como os 150 días de traballo me permiten. Entrevistas que intentan non deixar de lado a ningunha das persoas que tiveron relación co Vila de Cangas. Non obstante, pronto percibo que esta é misión imposible, dado o extenso dos recordos e vexo forzada a redución de entrevistas a un número representativo de suxeitos. Directivos, ex-remeiros, coordinadores e vogais, adestradores e técnicos. Socios e un longo etcétera serven de documentos orais a folios de apuntamentos esbarranchados coa présa da escoita ao emisor




ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS

O groso da investigación está organizado en catro niveis ou fases, o que contribúe a clarificar e planificar o seu desenvolvemento. Niveis que se dividen en: club de remo, sección de atletismo, epílogo e apéndices.

- Na epígrafe concernente ao club de remo, faise un varrido histórico polos sucesos máis importantes acaecidos ao longo da súa existencia, mostrando en ocasións a cara máis humana do remo, plena de anécdotas e curiosidades. Faise tamén mención ao cadro técnico dos seus diferentes adestradores.
- A sección de atletismo reflicte os seus anos de pertenza ao Club de Remo Vila de Cangas. Consciente da moderación de contidos desta epígrafe, quero deixar claro que non houbo nisto propósito ningún de ensombrecer á devandita sección, senón que, moi ao meu pesar, non atopei documentación abonda para desenvolver o seu estudo conforme aos grandes éxitos obtidos.
- O epílogo revela as conclusións ás que se chega con esta investigación e desvela un dos seus obxectivos primordiais.
- Os apéndices conforman un amalgama de información extra que completa o argumento relatado. En total son tres apéndices divididos en: apéndice estatístico ou resultados deportivos, hemeroteca ou apéndice documental e apéndice fotográfico.









**VILA DE CANGAS:
CLUB DE REMO**





Ricardo del Río Currás

Orixes

Toda creación motivada pola vontade humana ten unha ascendencia ideolóxica. O Club de Remo Vila de Cangas non é unha excepción.

Corría o ano 1985. Galicia era un fervedoiro de intereses cara ao deporte do remo. O Club de Remo de Tirán ou o de Meira, os máis próximos á nosa vila, tiñan moitos adeptos que, periodicamente, se asomaban á ría para gozar de tal disciplina. Esta modalidade, de orixes mariñeiras tan vinculadas á nosa vila, era un auténtico caldo de cultivo para o interese da sociedade.

Cangas do Morrazo, na cara norte da Ría de Vigo, é unha das postais máis fermosas que se poden atopar nas Rías Baixas e un lugar óptimo para a práctica dos deportes de auga, coas súas 32 praias que limitan 39 quilómetros cadrados de extensión. Enchida de ambiente mariñeiro por todos os seus costados, aínda conserva, preto do porto e na zona vella, as pintorescas casas de patín, útiles vivendas onde os curtidos mariñeiros colgaban as súas redes ao sol, prestos para saír ao mar en busca de capturas. Daqueles tempos de voga e sardiña permanece o espírito do remeiro que, co ánimo de chegar o primeiro a porto, rema con ansia e brío ao ritmo dos seus compañeiros.

Ao fondo, érguese esvelto o campanario da nosa ex-colexiata, orgullo arquitectónico dos conveciños, evocador recordo dun pasado lendario de invasións e bágoas. A vila de María Soliña. Xusto aos pés do porto, as instalacións do Club de Remo Vila de Cangas. A historia e punto de arranque do noso club comeza cun baleiro que un día alguén bota en falta: a práctica do deporte do remo, tan enraizado na nosa comunidade galega. Xorde a idea primixenia do proxecto dun grupo de amigos unidos por afinidades comúns que engloban o deporte, a cultura e a vida social en xeral. A noción primeira da posibilidade emana de Ricardo del Río e Camilo Camaño Xestido. O terceiro en discordia, Camilo Nores Maquieira, quen recibe a noticia, non sen certo grao de incredulidade.

Ricardo del Río, home entregado a facer o ben en pro da sociedade, non dúbida en comezar a estender a idea dun proxecto ambicioso en canto ao inxente humano necesario, que prende como unha lapa ardendo nas ilusións de compañeiros e colaboradores. Pouco a pouco, a popular técnica do boca a boca, posibilita a captación de adeptos a un proxecto non escaso de sorrisos esbozados baixo o amparo de faladoiros e cafés de augas chirilas. Ricardo del Río conversa con Honorio Núñez (empresario de Vigo) quen se ofrece como socio honorífico, así como cos Martínez, coñecidos mariñeiros da vila.

Así as cousas, con Sofía Hernández e Jesús Manuel Iglesias Barros, a aspiración inicial empeza a tomar forma baixo o murmuro de opinións cada vez máis frecuentes. Decídese comezar a buscar apoios anímicos e económicos entre os coñecidos. Todas as axudas son ben recibidas para o propósito da creación do club. Pronto se unen á idea persoas de certo peso na vila e emprendemos un camiño sen retorno polo que vaga un considerable conxunto humano. E é que *moitos poucos, fan un moito*.






Balea 1987

1986-1991: primeira directiva

A primeira reunión do devandito colectivo prodúcese o 15 de agosto de 1986, no domicilio de Camaño Xestido, parroquia de Coiro, municipio de Cangas de Morrazo. O fin de tal reunión é darlle saída á idea orixinal da creación dun club deportivo. De entre os asistentes¹, algo máis da vintena, fórmase unha xunta xestora con carácter temporal², xerme do futuro Club de Remo Vila de Cangas.



Cartel presentación club 1986

A súa fundación oficial prodúcese pouco despois, o 1 de setembro de 1986. O principal obxectivo e motivo polo que se constitúe o Vila de Cangas é o de recobrar un deporte popular como é o remo, que desaparecera na nosa vila nos anos cincuenta do pasado século vinte, ao que se lle engade o intento de recuperación dun bo sector da xuventude que entón pasaba por un momento delicado a causa da escaseza laboral e os problemas engadidos da droga, desgraciadamente unha realidade en voga naqueles tempos. Cunha poboación que roldaba os vinte mil habitantes, había unha alta porcentaxe de mozos con moi poucas saídas laborais. A creación da entidade deportiva ofrece a oportunidade de mellorar a calidade de vida social e cultural dun sector concreto da poboación, e dignificar ademais a súa persoa.

Dende a súa creación, o club sempre se mantivo aberto a todo aquel que quixese formar parte del como deportista ou colaborador, sen antepoñer requisitos ou condición ningunha. Co propósito de captar novos deportistas, faise un varrido polos diferentes colexios e institutos da zona, onde se explican os obxectivos do club e a resposta dos mozos foi practicamente inmediata. Xa fose porque moitos destes rapaces proviñan doutros deportes, tiñan afección polo exercicio físico ou simplemente eran captados polos seus amigos nos faladoiros do instituto, pronto empezan a aparecer os nomes dos remeiros da primeira canteira, como Óscar Carracelas, Fernando Crego, Jesús Iglesias, Jorge Castro Piris, Manolo e Cándido Bermúdez Cavanelas, etc.

¹ Asistentes: Ricardo del Río Currás, José Bernárdez Rodríguez, Manuel Gandón Nores, Antonio Nores Villar, Camilo Camaño Xestido, María Jesusa Refojos Barreiro, Vicente Parceró Gil, Estanislao Rodal Silva, Amable Rodal Barreiro, Juan Piñeiro Vázquez, Serafín Docampo Menduiña, Luis F. García Prado, Camilo Nores Maquieira, Fernando Luaces Fernández, Jesús Villar Villamil, María Teresa Hernández Sánchez, José A. Cid Novoa, J. Carlos Lorenzo Crespo, José P. Rial López, Manuel A. Vales Bahamonde, Sofía Hernández Sánchez, José Abel Bermúdez Rodríguez, Salvador Dasilva Fernández.

² Ver apéndice documental nº 1.



O 19 de outubro do mesmo ano preséntase en sociedade por medio dun acto público³ e bota a andar baixo cualificación de asociación cultural-recreativa, co propósito de estimular a práctica de todo tipo de actividades deportivas e culturais, principalmente o deporte do remo. O preparador físico é Ricardo del Río e o colaborador ou técnico, Vicente Parcero Gil, quen achega os estatutos. Neses momentos xa se conta cun nutrido número de socios numerarios, así como fundadores⁴, que achegan cada un deles unha cota variable (socios fundadores, entre 5.000 e 2.000 pesetas; socios numerarios, ao redor de 1.200 pesetas). Así as cousas, o club empeza a contar cunha economía ao mesmo tempo que comezan os proxectos de futuro.

Como sociedade deportiva, a actividade que se vai desenvolver por excelencia é a do remo na súa modalidade de banco fixo, aínda que se mantén aberta a calquera outro tipo de actividade deportiva, tal como a modalidade de banco móbil que empezará máis tarde. O mesmo acontece co atletismo.

O banco fixo é un deporte que require moito esforzo por parte dos remeiros e aínda que non é olímpico, pode ser tanto *amateur* como profesional. Os remos suxéitanse á embarcación sobre toletes e úsase para unir estes ao tolete cunha corda natural ou sintética con forma de anel trenzado chamado estrobo. As modalidades de remo en banco fixo son o batel (4 remeiros e o patrón), nas categorías de infantís, cadetes, xuvenís e sénior; a traíñeira (6 remeiros e o patrón), en categorías xuvenil e sénior; á traíñeira (13 remeiros e o patrón), con só a categoría sénior. Dende hai uns anos tamén compiten as rapazas na mesma embarcación en categorías xuvenil e sénior.

Nestes primeiros tempos, a directiva do clube toma numerosas e moi efectivas iniciativas, de forma que os primeiros resultados do seu esforzo e propósito, empézanse a notar dende moi temprano. Son tempos de continuas tomas de decisións que abocan ao Vila de Cangas a un intenso programa de actividades.

Tal como recorda con morriña Ricardo del Río, moitas das primeiras reunións do club, acabada de estrear a súa creación, fanse ao amparo de cafés ben cargados e Albariños da terra, que espertan a atención e achegan a musa da iniciativa e imaxinación entre os seus directivos e colaboradores, ademais de incentivar o bo ambiente xerador do que se aveciñaría nun tempo récord. Locais tan populares como a Taberna de Guimeráns, no barrio do Espírito Santo (onde se reunían nun principio) testemuñan a pagada dunha quimera que pronto se convertería en realidade.

³ Ver apéndice documental nº 2.

⁴ Ver apéndice documental nº 3.



Comeza a PRIMEIRA TEMPADA 1986/1987

A finais de outubro do 86, iníciáanse conversacións co Club de Remo de Tirán Nosa Señora dos Remedios para a compra da primeira traíñeira, compra que se fai grazas a axudas económicas institucionais. A traíñeira é de segunda man con vinte anos de antigüidade e xa pertencera ao Club de Remo Santa Leocadia de Perillo. Cun valor de duascentas cincuenta mil pesetas, chamarase Balea. Nome relacionado co pasado fabril de Cangas do Morrazo, onde a fábrica baleeira situada cerca de Punta Borneira, que tanto traballo e bos recordos achegou á vila durante preto de trinta anos, acababa de pechar as súas portas e a súa produción.

Pouco lles importa aos nosos remeiros que a quilla da embarcación non toque con eles por primeira vez o mar, o que importa son as ganas de demostrar, que *quen quere, pode*.

Píntase a Balea de cor negra ante a prontitude da súa necesidade para os adestramentos e Camilo Camaño trázalle con pincel unha franxa amarela e outra branca, para facela máis vistosa. Así e de forma aleatoria, decídense as cores que o club terá ao longo da súa historia, negro e amarelo (fundamentalmente). Camaño Xestido achega os seus dotes artísticos nos deseños do club. É o caso do logotipo, no que aparece un fondo azul celeste co sol heráldico radiante de ouro, que representa a

vila de Cangas. Logotipo, baseado nun modelo medieval, que lle engade identidade e orgullo ao noso Club. Así mesmo, Camaño diseña a camiseta dos deportistas, á que se lle chama popularmente *Abella Maia*, debido ás raias azul-amarelas que porta sobre o peito. Camiseta que tantos recordos evoca hoxe en día, e que fai alusión á popular serie de debuxos animados que por entón se estilaba nunha televisión de só dúas canles. Atrás quedan eses tempos de bocadillos de manteiga con azucre, indumentarias sen fronteiras cromáticas e cabeleiras que competían en volumes ilimitados.



Logo antigo

Volvendo xa ao tema que nos interesa, as embarcacións do Vila de Cangas terán nome propio, que ao mesmo que as pegadas dactilares do ser humano, non variarán ao longo dos anos. Para os bateis resérvase o nome de Fortiño; ás traíñeiriñas, Costal; e ás traíñeiras, Balea. Estes nomes xustificáanse cos seguintes motivos: Fortiño vén de Forte, unha zona da vila de Cangas que foi ademais o nome dun batel dos anos sesenta; Costal e Balea son, así mesmo, nomes de diferentes barrios da vila de Cangas; coa relación ademais desta última (Balea), que xa explicamos anteriormente.

Polo tanto, as embarcacións do noso acabado de estrear club portan a babor e estribor, símbolos de identidade da localidade de Cangas do Morrazo, estandarte da unidade dos seus remeiros.



A medida que crece o número de bateis e traíñeiriñas, anexiónaselle ao nome unha enumeración consecutiva (Fortiño I, Fortiño II etc.)

A necesidade de embarcacións é urxente dado o gran número de respostas positivas obtidas entre os mozos do municipio. Moitos son os que queren formar parte activa da cimentación do noso club. Orixes que hoxe se recordan con anhelo e nostalxia na memoria de incontables persoas que atesouran, como factor común, a fortuna de experimentar a unión e ilusión de formar parte dunha entidade deportiva aberta ao mar.

Co propósito de darlle resposta ao enorme inxente de mozos que queren comezar a remar, nos albores do Vila de Cangas, en outubro do oitenta e seis, contáctase co Estaleiro de Orio *Amilibia* para a compra de dous bateis e unha traíñeiriña de fibra, polo importe de 1.314.000 pesetas. Os remos de madeira cómpranse na empresa Oliden de Orio. Chamáranse estas embarcacións Fortiño I e II (os bateis) e Costal I (a traíñeiriña), traídas do País Vasco por Ricardo del Río e Camilo Nores.

Unha vez obtidas as embarcacións e aos dous meses escasos de funcionamento do club, xorde a problemática de facerse cun local de dimensións abundas para gardar as naves. Ata o momento, gardábanse nun taller de mármore do barrio do Forte. Como resultado de iniciar conversacións con coñecidos da vila, obtéñense dous primeiros espazos nos que se gardarán as embarcacións en función do seu volume. No caso da traíñeira, custódíase nos baixos da antiga fábrica de conservas do barrio do Forte. Bateis e traíñeiriñas, ao ser máis pequenas, gárdanse nun pequeno local na praia de Rodeira, prestado por don Carlos Núñez.

Así mesmo, urxe un recinto para realizar os adestramentos dos mozos. Ante a súa ausencia, os rapaces vense obrigados a cambiarse nas antigas naves conserveiras situadas detrás do concello e realizan os adestramentos fóra. Dos cinco primeiros remeiros cos que empeza o club, supérase a centena aos poucos días. E é que o éxito de captación de deportistas desborda de xeito positivo as expectativas da directiva. Ante tal ondada de mozos, o concello pon á disposición do club o uso do ximnasio do colexio (xa demolido) de Rodeira.

O primeiro contacto dos deportistas co club faise co adestrador Ricardo del Río. Del Río sempre esgrime a mesma pregunta ante os seus interlocutores: «*A que vides aquí?*», ante as respostas evidentes dos mozos da posibilidade de practicar un deporte, Ricardo respóndelles que os atletas do Vila adestran para competir, para intentar quedar entre os mellores. Todos comezan con moita ilusión non obstante, ao principio hai certas reservas ante a modalidade do remo, pola dureza e o sacrificado do seu adestramento. Paulatinamente empeza a criba natural que selecciona os máis interesados no deporte. Permanecen sen dúbida, os mellores.

Todos teñen idades similares e moi pronto se convirten nunha piña, pelexando por facer as cousas ben. Conta como anécdota unha dos remeiros, Jesús Iglesias (Sito), que chegou a ter vinte e seis ampolas cando empezou a coller o remo, unha por cada falanxe da man. Curioso recordo co que moitos remeiros, se sentirán identificados. E é que por algo este deporte se considera tan duro.



Todos eran novatos na técnica, coa salvidade do grupo que formaban os cadetes de bateis que xa anteriormente vogaran no Club Náutico de Rodeira, «a semente do remo», como os chamaba Ricardo del Río.

É por iso que este grupo de rapaces pronto empeza a destacar de entre a canteira do Vila. Como o gurú do remo J. L. Korta adoita dicir: «*hai que aprender a saber gañar, pero para gañar hai que saber remar*».

O seu adestramento empeza en terra, correndo para facer fondo, despois de cambiarse nun taller de carpintería de aluminio propiedade de Camilo Nores, na rúa Méndez Núñez. No ximnasio do colexio de Rodeira, exercitan os músculos cunhas pesas moi rudimentarias feitas de ferro (en Nodosa). Procúrase que os movementos sexan o máis coordinados posibles para evitar lesións. O adestrador Ricardo del Río⁵ segue unha rigorosa dinámica nos seus adestramentos, coñecedor de que a perseveranza, o traballo duro e a capacidade de sacrificio acaban dando resultados positivos. Tal e como recoñecen algúns dos seus remeiros, exercía en ocasións de verdadeiro psicólogo cos seus rapaces, collíaos á parte se había que tratar un problema e infundíalles sempre ánimos e motivación, baixo unha estrita táboa de asistencia que se pasaba todos os días. Ninguén quere ser menos á hora de cumprir coas asistencia por iso, mesmo enfermos, os rapaces non dubidan en facerse ao mar. *O adestramento é sagrado*. Cando saen a correr para facer fondo en dirección á veciña Moaña, del Río marca o paso á cabeza do pelotón, sempre atento a que non quede atrás algún demorado. Todas as categorías saen xuntas a adestrar, sénior, xuvenís ou cadetes; corren ao par ao redor de vinte e cinco rapaces, un grupo humano que non pasa desapercibido. Chegan correndo ata o concello de Moaña e despois continúan polas pronunciadas pendentes de Brouyón, onde sempre queda algún deportista polo camiño que del Río non dubida en ir buscar. Sen dúbida, o adestrador tiña moito fondo, e demostrábo a diario. Para os novos atletas é un estímulo aguantar o ritmo do seu adestrador e rodar con el.

Xa faga sol, chuvia ou temporal, sáese adestrar con metódico rigor. Na praia de Rodeira se hai mal tempo no mar, esperan a que a onda rompa para correr e botar a embarcación á auga cos remos estrobados. No caso de que o temporal sexa excesivo no centro de Cangas, vaise á ría de Aldán, máis resgardada dos fortes ventos. Hai unha frase do adestrador, que ben recordan os seus remeiros: “*A chuvia non mancha*” (toda unha declaración de intencións).

⁵ Ricardo del Río vincula as súas orixes deportivas ao *Club Náutico* de Vigo, cando tiña arredor de vinte anos. Aos poucos anos, o Club de Remo Meira interésase por el como adestrador, e logra engrosar o palmarés do devandito club con múltiples triunfos. Premios que se expoñían no Bar Chiquito, de Moaña. A súa seguinte parada na súa carreira deportiva é o Club Náutico de Rodeira, onde exerce sobre todo de adestrador de piragüismo e, en menor medida, de banco fixo. Inicia a súa andaina como adestrador no C. R. Vila de Cangas por iniciativa propia, onde é o responsable da súa creación.



Ricardo inculca nestes rapaces o traballo en equipo e a capacidade de superación. Algúns dos seus remeiros din hoxe del que lles axudou a formarse como persoas, adquirindo o sentido da necesidade de sacrificio persoal para lograr as metas e os obxectivos na vida. Pode Ricardo del Río sentirse orgulloso do seu labor nos primeiros anos como adestrador do equipo, cando tantos mozos viron nesta filosofía de esforzo e superación persoal, un auténtico modelo para seguir nas súas vidas. Recoñecemento que na actualidade moitos daqueles adolescentes, hoxe xa pais de familia, evocan e eloxian con orgullo. Foi sen dúbida para eles, naquela época, un verdadeiro mentor que repetía con elocuente ton: “*aquí ademais de facerse remeiros, fanse persoas*”. Sabias palabras que falan por si soas.

O outro pilar do equipo é o seu segundo adestrador, Vicente Parcero, experimentado remeiro que xa vogara nos seus anos mozos no C. R. Remedios de Tirán. Vicente achega basicamente a parte técnica: como vogar nunha embarcación, como colocarse, mover ou suxeitar o remo etc. Ensina a partir dos seus propios coñecementos prácticos, metodoloxía experimentada en propias carnes, achégalles ademais motivación e apoio aos rapaces, o cal non é pouco, e intenta sempre escoitalos nos seus problemas cotiáns. O factor humano mantense sempre como protagonista.

Vicente é moi novo cando empeza no Vila, sobre os vinte e oito anos de idade. Á parte de realizar funcións de adestrador de auga, exerce tamén de patrón.

Entre semana, adéstrase dende as sete e media ou oito da tarde ata as dez da noite con metódico rigor. Os luns faise carreira continua (footing); os martes, pesos de forza-resistencia; os mércores, día de descanso ou recuperación física; os xoves forza-potencia; os venres, adestramento de *fartlek*, exercicios de carreira con cambios de ritmo; sábados e domingos resérvanse para a técnica do remo. Na pretempada, trabállanse máis os exercicios de terra, e na tempada de regatas, os de mar.

Co transcurso dos primeiros meses de vida do Vila e co obxecto de recadar un diñeiro que lle axude á economía do club para compra de materiais, en novembro decídese reservarlle ao señor Ocaña (propietario dun dispensador de lotaría) un millón de pesetas en lotaría de Nadal, que se fracciona en recibos impresos co nome do Club, cunha recarga do vinte por cento para a axuda os devanditos pormenores.

O Vila de Cangas empeza a facerse escoitar na vila, e comezan a aparecer persoas e empresas que, de modo altruísta, realizan doazóns económicas en pro do desenvolvemento do Club. O labor filantrópico agradácese sempre como auga de maio. É o caso de don Armando Álvarez Álvarez, o cal e como recoñecemento a tal doazón, pasa a formar parte da Xunta Xestora co cargo de vogal responsable das relacións públicas. Outras empresas como Armal ou D. Morrazo doan tamén material e camisetas para os remeiros.

En decembro do 86 e con moita ilusión, danse os primeiros pasos para a organización da I Bandeira Concello de Cangas, que o noso club organizará conxuntamente co Náutico de Rodeira.



Co novo ano 1987 chega a dimisión da Xunta Xestora ao considerar cumprir xa a súa función, e poñen os seus cargos a disposición dos socios. Elíxese entón en Asemblea Xeral Extraordinaria, unha nova Xunta Directiva⁶ no Restaurante de Mallo. Ao principio quéreselle dar o cargo de presidente a Ricardo del Río. Este decide, por incompatibilidade de funcións co seu cargo de adestrador, rexeitar o ofrecemento, e pasan a mans de Camilo Camaño Xestido, perfecto representante da parte institucional do club. O traspaso de poderes execútase entre sentimentos de confraternidade e unión, palabras clave que manteñen unido como piña compacta o club, verdadeiro nexo de cohesión mediador do que está por chegar.

Pasada a etapa de lactante, o Vila necesita de novos estímulos económicos para seguir crescendo. É por iso que seguindo o consello de Armando Álvarez (vogal de relacións públicas) solicítase un empréstimo á Caixa de Aforros Municipal de Vigo, por unha cantidade de 1.500.000 pesetas (curiosamente e por comparación cos tempos que corren, entón os xuros estaban no trece por cento). De avalistas exercen os mesmos integrantes da Xunta Directiva. Ante os medos e as dúbidas da devandita directiva, Armando Álvarez non dúbida en ofrecerse a pagar algunha cota do citado empréstimo, en caso de que o club sufrira algún traspé. Non é o caso e todo marchar segundo o esperado.

Tirando de imaxinación e xeitos de mañosos afeccionados, responsables do Club como Camilo Nores ou Juan Piñeiro, realizan de propia manufactura o remolque necesario para transportar as embarcacións. A chatarrería da próxima cidade de Vigo, Ferros o Cantábrico, subministra o material necesario. O vehículo usado para o devandito remolque pertence ao *citado* Nores Maqueira, un utilitario Peugeot 505 de cor gris. Vontade e imaxinación corren paralelas da man.

Como embarcación auxiliar, Nores (secretario da directiva) cede unha barca artesanal chamada orixinalmente Delfín, aínda que coa incorporación ao club estrea cores (negro e amarelo) e alcume, *A Miami*. Chegados a este punto, aplícase aquilo de que “*non dá quen ten, senón quen quere*”.

Os resultados do *Vila de Cangas* son cada vez máis positivos e o número de deportistas, maior. A urxencia dun espazo propio para o Club, é unha auténtica necesidade de primeira orde. Certo é que tanto o Concello de Cangas, como determinados propietarios particulares, poñen ao servizo do equipo diferentes instalacións que responden ás súas necesidades na medida do xusto. Non obstante, esta latente carencia recae en prexuízo dos propios deportistas, que ao non ter un espazo propio e único para desenvolver as súas actividades, deambulan como nómades dun lado para outro, coa conseguinte perda de tempo e concentración que este feito leva consigo.

⁶ Ver apéndice documental nº 4



Para remediar tal agravio, no mes de abril do 87, realízase a primeira solicitude á Xunta Galicia, dunha concesión marítimo-terrestre para a situación das novas instalacións, dado que son o campo de adestramento dos remeiros. A solicitude cae en saco roto e o resultado é unha negativa que bota a perder as ilusións do club. Pasarán uns cantos anos ata que o devandito espazo se consiga, para alegría de todos e moi especialmente da primeira directiva, pais da idea e o proxecto.

Comeza a *tempada de batel*: é o sete de marzo do 87. Data que marca un antes e un despois na historia do club. Representa a posta de longo na participación dunha regata. O lugar escollido, Cambados. As tripulacións, cinco. A emoción inunda o campo de regatas e algúns dos membros do equipo do emblema do sol non son capaces de reprimir as bágoas ante a ondada de sentimentos. A pesar da inexperiencia, o esforzo dos máis de vinte rapaces que compiten en banco fixo é a confirmación do éxito a todo o traballo realizado durante os últimos seis meses. Os resultados deportivos son regulares. Os resultados emocionais, inmensurables. Todos son conscientes de que con esforzo e constancia, poucas son as cousas que escapan á vontade humana.

Empeza a fraguarse a unión entre o equipo, algo tan necesario para funcionar no ámbito competitivo. Todo está por chegar, á par que a incógnita se mostra altiva na liña do horizonte. Só é cuestión de deixar actuar o péndulo do reloxo, que marca inexorable o paso do tempo.

Unha semana despois e seguindo o calendario das regatas de bateis, o catorce de marzo organízase a I Bandeira Vila de Cangas de Bateis⁷ na dársena do porto cangués. Supón o colofón aos esforzos da primeira directiva do club. Prodúcese unha nutrida participación de trece clubs, representados por cincuenta ou sesenta equipos, nas distintas categorías de infantís, xuvenís, cadetes e sénior. Na categoría de cadetes reman: Fernando Crego Vidal, Óscar Carracelas, David Gil, Santiago e Andrés Cordeiro Rodal, como patrón.

Queda agora no anecdotario, o recordo de que todo o mundo quería contar con *Andresito* como patrón, debido á súa pequena estatura e escaso peso. De feito e debido ao pequeno que era, a pronunciación de certas palabras aínda se lle resistía, de modo que cando animaba os seus compañeiros dende a popa da embarcación con todas as enerxías que o seu pequeno corpo lle permitía, o berro de *duro!*, a dicción da *r* resistíasele, articulando un firme e vigoroso, *dudo!* (alcume co que se lle coñecería a partir deste momento).

A valoración xeral do evento resulta moi positiva e funciona a xeito de incentivo anímico, para seguir traballando a favor da xuventude da vila.

Entre a vestimenta que portan nosos deportistas, destaca un chándal cor azul celeste cunha franxa branca e amarela en uve e unha camiseta amarela con raias azuis (popularmente chamada *Abella Maia*).

⁷ Ver apéndice documental nº 5



Remata a tempada de batel en maio, despois de vogar por toda a costa galega. Máis de vinte regatas, mil trescentos quilómetros de océanos de mar. Os resultados do Vila son excepcionais nesta modalidade e logramos o título de Subcampións de Galicia na categoría cadete. Proeza obtida aos poucos meses da creación do club. Sen dúbida, algo extraordinario, que enche de orgullo merecido ao colectivo do equipo cangués. Non é de estrañar estes bos resultados na categoría cadete de batel, xa que durante todo o ano, os cinco rapaces levan un adestramento moi exhaustivo. En pretempada e xunto ao adestrador Ricardo del Río, ás seis da mañá xa están en pé para adestrar no batel, mesmo antes de ir ao colexio. A súa dieta segue os parámetros dunha alimentación saudable para un deportista. Ricardo non deixa ningún cabo solto para asegurar o maior rendemento dos seus rapaces, aínda que por riba de todo, destaca o trato humano cara aos atletas, e comproba, ademais, que os seus resultados escolares non se vexan minguados en detrimento do deporte.

O segundo posto no Campionato de Galicia clasifícaos directamente ao Campionato de España de Bateis, celebrado en Bermeo, Biscaia, onde obteñen un nada desprezable sétimo posto. A presenza no Campionato de España, a tan só oito meses da creación do club, é valorada moi positivamente por todo o mundo do remo.

Tempada de traíñeiriña: a traíñeiriña de nome Costal, compite en maio e xuño do 87 seguindo o calendario de regatas da Federación Galega de Remo. Participan nesa tempada no Campionato de Traíñeiriñas de Galicia Sur, que se celebra no Grove o sábado seis de xuño e logramos un quinto posto de seis.

Tempada de traíñeira: en xullo do 87 comeza o calendario de regata de traíñeiras⁸ en Chapela. Participan os seguintes clubs: Chapela, San Juan de Tirán, Remedios de Tirán, Meira, Náutico de Vigo, O Grove, Amegrove, Vila de Cangas, Náutico de Rodeira, Coruxo e Mecos.

⁸ Traíñeira: para a pesca da sardiña, anchoa e bocarte, nas costas vasca, cántabra e galega utilizábase dende hai séculos un sistema de cerco, cunha rede de forma rectangular chamada traíña, que daba nome tamén ás embarcacións que pescaban con esta arte: as coñecidas e populares traíñeiras. Logo de rematar a faena e co peixe a bordo, comezaba unha nova necesidade: chegar os primeiros á lonxa de venda. Estas competicións ao regreso do caladoiro foron a semente das actuais regatas de traíñeiras. Entre os meses de xuño e setembro, as regatas de traíñeiras sucédense cada semana en Euskadi, Cantabria, Asturias e Galicia. A traíñeira é a modalidade raíña no banco fixo. Trece remeiros e un patrón encárganse de levar a traíñeira cara á chegada en cada regata. O patrón, de pé en popa, é quen determina o rumbo e quen impón o ritmo de voga aos seus homes. Ademais, é o principal responsable da súa ceavoga, a manobra que serve para cambiar o sentido de avance da traíñeira. O trazado clásico dun campo de regatas consta de tres destas manobras e é aquí onde se deciden moitas bandeiras. Por iso, a habilidade do patrón e a axuda do proeiro, que colabora con el, son fundamentais nunha boa tripulación. As traíñeiras son embarcacións fráxiles, de doce metros de eslora e pouco máis de un de manga, cun puntal máximo de 0,80 metros e un mínimo de só medio metro. O seu peso mínimo debe superar os douscentos quilogramos.





VI Bandera El Corte Inglés 1987

A tripulación da Balea, a traíñeira canguesa, é a que segue:

A estribor: Jorge Castro Piris (Piris), Jesús Iglesias (Sito), Cándido Cabanelas (Candi), Pablo Fernández Bicada, Antonio, Manolo Cabanelas (Turbina).

A babor: Santiago González (Felecho), Enrique Broullón (Kike), Rafael González Casas, Nardo Fernández Fandiño, José Luis Broullón González (You), Oscar Brun, Lorenzo Estévez e Vicente Parcerro -patrón-.

Debido á falta de remeiros en categoría sénior, hai que botar man dalgúns xuvenís para completar bancada. Na primeira regata de Chapela, os remeiros do Vila aínda non saben o que é competir. Seguindo directrices do adestrador del Río, van a vinte e oito padas durante toda a regata, sofren o que non está escrito para poder rematala e quedan no último posto. Os remeiros estaban moi desmoralizados. O adestramento que levaran a cabo ao longo de todo o ano fora moi duro. Segundo palabras do preparador físico, Vicente Parcerro, dende o punto de vista físico os rapaces eran moi superiores a bastantes dos outros clubs, non obstante dende o punto de vista técnico e debido á súa absoluta inexperiencia, tiñan aínda moito camiño que andar.

Na regata de Traíñeiras en Tirán, os resultados empezan a mellorar, e gañan na primeira quenda por diante a Mecos, para sorpresa de todos, xa que estes gañaran na primeira regata de Chapela. Os ánimos retornan ao equipo, que van con enerxías renovadas á seguinte regata, a I Bandeira do Concello de Cangas de Traíñeiras.





Primeira Bandeira Concello de Cangas 1987 Vila de Cangas versus Náutico Rodeira

Como anécdota curiosa, dada a inexperiencia en Cangas deste tipo de regatas, o Club de Remo Remedios de Tirán, acode en axuda do noso equipo para balizar o campo de regatas.

Esta primeira tempada supón para os remeiros da traíñeira do Vila de Cangas, unha etapa de aprendizaxe e esforzo.

Unha característica importante que fai destacar a este club aos poucos meses da súa creación, é o grande poder de atracción que ten nos mozos, e participan familias de irmáns e primos, grazas á popular técnica do boca a boca. O ambiente que se respira no equipo exerce tamén de forte imán entre os colexios e institutos da zona, e lograse un nutrido número de deportistas e socios nun espazo moi curto de tempo.

É, ademais, importante a envergadura dos remeiros, influíndo na panca que converte o movemento dos remos en impulso. Así mesmo, destaca o adestramento rigoroso ao que Ricardo del Río e Vicente Parceró someten os seus atletas, cun cadro de adestramentos perfectamente organizado que se cumpre escrupulosamente por todos, empezando polos mesmos adestradores, que acompañan os mozos toda a semana na preparación física. A unión, é clave para conseguir resultados de forma tan inmediata. Todos arriman o ombro. Toman en serio todas as dinámicas propostas para sacar o proxecto adiante e a ilusión, o traballo e o esforzo de todos, dende directivos a deportistas, son unha constante. A primeira tempada do Vila de Cangas comeza con bo pé e marca o ritmo dos anos sucesivos.



A finais do 87, distintas cuestións son unha preocupación continua para a directiva: por unha parte o local onde ata a data gardaban as embarcacións véndese e os novos donos non continúan coa cesión; o ximnasio do colexio de Rodeira é evidentemente insuficiente para albergar os adestramentos de preto de douscentos deportistas, entre atletas e remeiros; as subvencións son escasas a pesar da insistencia en solicitálas aos distintos organismos oficiais; os ingresos que ten o club por parte dos seus preto de 400 socios apenas chegan para os gastos de mantemento; a póliza de crédito da Caixa de Aforros de Vigo dun millón e medio de pesetas; a continua necesidade de material tanto para remo coma para atletismo, etc. Así as cousas, o club remata o ano con máis gastos que ingresos.

Comeza a **SEGUNDA TEMPADA 1987/1988**

A realidade do proxecto idealizado un ano antes, faise palpable nos resultados do equipo e no compromiso de todos os integrantes do club cangués. Chegados a este punto, faise necesaria a adquisición de novas embarcacións. Con este propósito, en abril do 88 contáctase coa empresa ferrolá Displast, dedicada á confección de embarcacións en banco fixo, para a compra dun batel pola cantidade de 200.000 pesetas. Será o chamado Fortiño III.

O avituallamento continuo de loxística leva, así mesmo, a iniciar contactos coa empresa Yamaha. Esta, cede unha embarcación foraborda e unha lancha motora a cambio da rotulación coa súa marca de tres bateis e unha traiñeira, que corre a cargo desta. A partir de entón e nas sucesivas regatas, estes botes serán coñecidos tamén baixo o sobrenome de Vila de Cangas-Yamaha.

Ricardo del Río, adestrador, segue os plans de adestramento enviados por José Luis Méndez dende Bañolas ao pé da letra, á marxe do seu particular xeito de enfocar as cousas. Despois do duro adestramento de inverno e coa dinámica xa adquirida, en marzo **comeza a tempada de batel**. Coa asistencia ao club de novos remeiros, posibilitase completar todas as categorías neste tipo de embarcación e comézase a participar nas distintas regatas organizadas pola Federación Galega de Remo de xeito que, para abril e na regata de Cesantes, xa participan infantís, xuvenís, cadetes e sénior.

Na viaxe en autobús de camiño á regata de Bueu, curiosamente algúns dos rapaces do Vila que gozan despreocupados das vistas a través da ventaíña, observan atónitos como un pneumático vai rodando ao lado do autocar, a “fume de carozo”. O feito suscita entre eles unha amálgama de tres emocións enfrontadas: 1º curiosidade polo raro do fenómeno; 2º medo ante a posibilidade de que o pneumático sexa propio; e 3º risas nerviosas ante a posibilidade da veracidade do segundo punto. Ao final e despois dos nervios pertinentes, todo queda en simple anécdota porque a roda en cuestión pertencíalle ao remolque dos botes e así remata o suceso, en mero conto.



Cambiando de terzo e falando dos remeiros do noso equipo, ademais dos cadetes, que xa obtiveran bos resultados a tempada pasada, empeza a destacar especialmente a categoría de infantís. Xa na Bandeira do Concello de Moaña, o equipo cangués logra os mellores resultados e gaña dúas das bandeiras nas categorías infantís e cadetes. Dobre triunfo que se produce nun enfrontamento final contra o batel de Pescanova-Chapela. Os ánimos están polas nubes. Non só son bos os nosos rapaces, senón que o demostran con toda a forza no campo de regatas.

O trinta de abril realízase o Campionato Galego de Bateis na localidade galega de Pobra do Caramiñal, que o Vila gaña na categoría de infantís, e queda terceiro en cadetes. A seguinte e última regata é o Campionato de España de Bateis que se celebra na coruñesa poboación de Cedeira o sete de maio do 88. Os rapaces alóxanse nun convento de monxas, onde reciben un trato excelente. Recordan agora algúns deles, entre risas e morriña, anécdotas simpáticas de como unha anciá relixiosa, sentada pulcra e escrupulosamente na súa cadeira, pasaba as súas horas mirando a televisión, prismático en man en adusta posición (e é que a idade, pasa tamén para o clero). Na dita viaxe, gardan as embarcacións nos frigoríficos do porto de Cedeira.

Chegada a competición, a tripulación do batel cangués, categoría infantil, está formada por: Sergio Rodríguez Gallego, Eusebio Cordeiro Rodal, César Núñez Vilas e



**Campións de España de Bateis OURO Infantil
Masculino Cedeira 1988 (Sergio Rguez. David Piris,
Cesar Nuñez, Eusebio e Andrés Cordeiro)**

David Castro Piris co patrón Andrés Cordeiro Rodal. Entre os seus rivais atópanse clubs de remo como Bermeo (Biscaia), Laredo (Cantabria) ou Guetaria (Guipúscoa). Durante a regata os equipos están moi igualados. Son moi bos os rapaces do Vila, só necesitan que alguén llo recorde de cando en vez, con toda a fortaleza do berro duns bos pulmóns, ao que Ricardo del Río, adestrador, non dubida en poñerlle voz con todo o clamor do ánimo e a confianza, depositados en cada palabra de alento. O an-

helo de vitoria desborda os nosos rapaces e Andrés Cordeiro, patrón, empeza a chorar da emoción e ao berro de "*facédeo por min*", provoca que o nervio e a enerxía prendan nos seus compañeiros como unha lapa candente e, pouco a pouco, van sacando forzas e enerxía dos seus pequenos corpos para rematar a regata a menos dun segundo do equipo de Bermeo. A pesar de ser unha tripulación de recente creación, a disciplina, o esforzo e a ambición son, sen dúbida, os mediadores de tan magnífica proeza. Un excelente resultado que lles outorga a medalla de ouro e con ela toda a gloria e a honra que supón portar o éxito do número un, os mellores.



Galicia obtén uns magníficos resultados e obtén dúas medallas de ouro, unha de prata e dúas de bronce. A pouco máis dun ano dende que se producise a creación do Club, o Vila de Cangas chega ao máis alto na súa traxectoria deportiva e obtén a medalla de ouro na categoría de infantís⁹.

A devandita tripulación é recibida en Santiago de Compostela, na Xunta de Galicia pola Secretaría Xeral de Xuventude e Deportes co seu máximo representante, o señor don José Otero, reafirmándose no compromiso de outorgar unha subvención de 500.000 pesetas, prometida dende abril de 1987.

Tempada de traíñeira:

Os remeiros do Vila de Cangas quedan terceiros no Campionato Galego celebrado o 30 de maio no peirao do Con, Tirán. Aínda que ao principio a traíñeira non consegue grandes logros, vai facendo pouco a pouco un oco entre os equipos autonómicos. Só é cuestión de tempo que a traíñeira empece a destacar e con iso, que logre uns resultados proporcionais ao esforzo, á constancia e ao empeño. O noso equipo sabe ben que só é cuestión de deixar cocer a lume lento, sen présa pero sen pausa, para que todo chegue de acordo ao seu momento.

Mentres tanto, a directiva do equipo segue buscando apoios económicos pasar sacar o equipo adiante no que se refire ás necesidades materiais, tal é o caso de roupa deportiva. Neste sentido acórdase coa empresa deportiva Carballo Sport, sita na vila de Cangas, rotular a traíñeira coa dita marca a cambio de material deportivo. A partir de entón a Balea lucirá apelido sobre o lombo.

Tempada de traíñeira: compítese nas bandeiras sucesivas de Galicia. Na Bandeira de El Corte Inglés de Vigo obtense un noveno posto e no Trofeo Teresa Herrera da Coruña, os nosos rapaces quedan nun doceavo posto.

Rampla Masso
1988



⁹ Ver apéndice documental nº 6



Os remeiros da triaífeira canguesa son os seguintes: Pablo (Cabaso), Rafa, Broullón (You), Josiño, Nardo, Sito, Enrique Broullón, Manolo (Turbina), Óscar Brun, Lino Iglesias, Manolo Boga, Mario (Zanahoria), Quinito, Durán (Pinilla), Fernando Crego (Mandingo) e Vicente Parcero –patrón–.



Adestramento triaífeira 1988

Ademais esta tempada marca un antes e un despois para algúns remeiros do Vila de Cangas. Falamos concretamente de: Sergio Rodríguez e César Núñez Vilas, ambos os dous cadetes cando empezan a estudar no Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, baixo a atenta mirada do seu adestrador, José Luis Méndez (remeiro olímpico en Roma, 1960). Os bolseiros para estudar neste centro, alternan os seus estudos escolares coa práctica do deporte do remo. Os seus horarios repártense do seguinte modo: de 7 a 8:30 a.m., carreiras (hai que recordar que este centro non tiña botes ao principio). A continuación, clases no Instituto Monte Porreiro ata as 14 horas. E de 18 a 20:30 p.m., adestramento.

Pola semana permanecen en Pontevedra, mentres que as fins de semana as pasan en Cangas para remar no Vila. Comezan co remo olímpico nun 8 de nome Salani, e intercalan este tipo de bote co banco fixo. Ese ano xa reman o Open de Mequinenza nun Dos Sin.



Como característica particular daqueles rapaces, Méndez resalta a súa calidade como boas persoas. Segundo as súas propias palabras: *“ao remeiro hai que facelo, non é como o futbolista que se pode comezar a facer na rúa. Ao remeiro hai que disciplinalo, e aqueles rapaces deixábanse disciplinar. Para que un equipo sexa bo, necesítase que os seus integrantes sexan persoas sas e sobre todo que, en canto a funcións fisiolóxicas, funcionen moi ben. Se o seu corazón vai a un ritmo lento, moito mellor, aínda que o máis importante é a súa característica como persoa, ter un valor extraordinario de equipo”*.

Comeza a **TERCEIRA TEMPADA DO CLUB 1988/1989** cunha mala noticia ao anularse a axuda concedida de 500.000 pesetas pola Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, a cal fora prometida case dous anos antes. Ante tal situación, o presidente en funcións, Camilo Camaño Xestido expresa a súa repulsa e anuncia a dimisión, situación que o resto de directiva intenta evitar, e apoia o presidente baixo o ultimato de dimisión en bloque.

A pesar de todo e despois de varios artigos publicados en prensa contra a inxustiza deste feito que clama ao ceo, a directiva toma a decisión de permanecer unida como unha piña, continuar no posto e reclamar o prometido. Así as cousas, séguese traballando para non abandonar a ilusión no proxecto. Grazas á situación económica do Club e a certas axudas, liquídase o primeiro crédito e solicítase outro novo polo valor de 2.000.000 de pesetas. Cantidade necesaria para a adquisición dunha nova Traiñeira, a Fontán¹⁰. Traiñeira que atesoura nas súas orixes, unha pequena historia digna de mención: curiosamente os Estaleiros Fontán, de Pasaxes de San Pedro, só constrúen traiñeiras para o seu ámbito xeográfico máis próximo. O Vila de Cangas estaba moi interesado en comprar unha traiñeira manufactura Fontán, pola boa soleira en canto á calidade de acabados e potencia na competición. Non obstante, o hándicap de equipo galego (que non vasco) dificultaba moito as cousas. Tirando de enxeño para non dar ao traste coa idea, Ricardo del Río, adestrador, bota man dun coñecido na localidade vasca en cuestión, para facilitar a transacción.

¹⁰ *Francisco Fontán, nace en Mugarbos (A Coruña) hai 86 anos, pero como tanta xente da súa terra, trasládase a San Pedro coa súa familia aos cinco anos de idade. Leva máis de 50 anos no oficio de carpintería de ribeira, no que se inicia aos 20 anos de idade. Carpinteiro da madeira, ao uso tradicional, deuse conta que, aínda que parece un contrasentido, o poliéster era competitivo en todo, agás en competición. A principios dos 80 construíu a súa primeira traiñeira, por encarga do club galego Cabo de Cruz. Para iso, non utilizou ningunha información especial. Tomou simplemente as medidas regulamentarias da embarcación, sen máis. Aínda que pensou que con certas modificacións navegaría mellor. A variación que, talvez, máis sobresa aos ollos do profano, é a longura da quilla. Esta mantén a mesma horizontal ata a proa, sen a lixeira inclinación cara a arriba que se observa noutro tipo de construcións. Por iso, a proa resulta moito máis cortante. A fabricación completa dunha traiñeira, leva uns dous meses e medio. É un traballo artesanal e minucioso. Para as cadernas, costelas e tostas úsase madeira de faia. Para a cuberta, en cambio, a que se coñece comunmente como madeira de Guinea. Ten pouco peso e densidade e seca rapidamente. É óptima para navegar, pero mala para fabricar mobles.”* REIZABAL ARRUBARRENA, G., *Santos Pasajes de Remo*. Programa Editorial, Pasaxes, 1989. pp., 187-188.



O resultado final, despois de múltiples conversacións e grandes doses de persuasión, é positivo e entre Ricardo e Manuel Romero, emprenden camiño cara ao País Vasco a recoller o ansiado bote. O Estaleiro Fontán só pon unha condición: que non se preste a traíñeira a outros clubs de remo. E como as promesas están feitas de palabras e as palabras as leva o vento, aos catro meses da adquisición, a memoria do tratado pérdese no esquecemento.

En marzo *comeza a tempada de batel*:

A categoría infantil, comeza gañando as bandeiras de distintas regatas, como a de Moaña e Vigo. O trinta de abril do 89, o Club organiza o IV Trofeo Conde de Fenosa e o Campionato de Galicia de Bateis¹¹. Participan 32 tripulacións clasificadas nos campionatos respectivos de Galicia norte e sur. O Vila de Cangas categoría infantil, que xa se labraran unha inmejorable tempada o ano anterior, gaña o ouro no devandito Campionato de Galicia, clasificándose para o Campionato de España, o cal se celebra o 8 de maio en Santander. Como non podía ser doutro modo e dada a boa traxectoria da categoría infantil de bateis do Vila, vólvense proclamar Campións de España¹² por segunda vez consecutiva, quedando a menos dun segundo do Club de Remo Amegrove do Grove. A tripulación gañadora é a seguinte: José Ferverza Molanes, Roberto Costas Costas, Miguel Iglesias Costas e Eusebio Cordeiro Rodal, co patrón Andrés Cordeiro Rodal, e ambos os dous irmáns repiten o título de campión.



Campións de España de Bateis OURO Infantil Masculino Santander 1989 (José Ferverza Molanes, Roberto Costas Costas, Miguel Iglesias Costas e Eusebio Cordeiro Rodal, con patrón Andrés Cordeiro Rodal)

¹¹ Ver apéndice documental nº 7

¹² Ver apéndice documental nº 8



Prodúcese entón unha baixa importante no equipo, do que fora o seu fundador, Ricardo del Río. O seu primeiro eixe motor, impulsor da engrenaxe da máquina, cando ao principio todo era pezas soltas. Tres tempadas trazando a ruta que se vai seguir, algo menos de tres anos que, non obstante, hoxe os remeiros daquela época recordan con orgullo, morriña e palabras de loanza. Bastantes destes antigos remeiros que moldearon o seu carácter e a súa técnica grazas á paciencia e dedicación de Ricardo, dedican hoxe a súa vida laboral a exercer de adestradores. Quen sabe o que o destino lles depararía, se non se cruzasen no camiño de Del Río; mentor de tantos. Curiosamente, máis que o seu labor deportivo (abalada polos resultados obtidos), os seus antigos pupilos enxalzan a súa gran calidade humana. Que mellor virtude nun home que serviu de modelo a tantos adolescentes que entón moldeaban a súa personalidade coas experiencias do día a día.

Vicente Parcero, o seu segundo de abordo, colle as rendas do equipo, e comeza a exercer de adestrador, en todos o ámbitos.

En maio do 89 comeza a **tempada de traíñeiriñas**. A primeira regata celébrase na localidade de Cangas de Morrazo e reúne seis tripulacións en xuvenís e sete en sénior. A vitoria é para os anfitrións Vila de Cangas-Yamaha na categoría de xuvenís, con seis remeiros e patrón que ten a traíñeiriña, sobre un percorrido regulamentario de 2.625 metros. A afección, evidentemente, estala en aclamacións.

A segunda regata da tempada de traíñeiriñas celébrase en Tirán. Sabedores de que querer é poder, e coas pilas cargadas de ánimos e apoios a só sete días da vitoria en propia casa, outra vez os xuvenís do Vila proclámanse campións e alzan con orgullo a bandeira que evidencia a súa clara vantaxe sobre os equipos da competencia. Neste ocasión e tal e como recolle a prensa da época, fan alarde dunha voga forte e doada, cunha virada colosal na primeira boia da que saen con tres barcos de vantaxe. Igualmente proclámanse campións na regata do Grove e Moaña. As cousas parece que non poden ir mellor.

Esa tempada, os xuvenís da traíñeiriña do Vila gañan todo nas regatas organizadas na comunidade galega. Chegan ao Campionato Galego de Traíñeiriñas, celebrado en Ares (A Coruña) o 28 de maio do 89, como absolutos favoritos, imbatibles ata a data. O transcurso do campionato está moi disputado entre o Vila de Cangas e Amegrove (eternos segundos), non obstante e para sorpresa de todos, despois dun sprint soberbio dos grovenses, estes logran poñerse á cabeza quitándolle sete segundos ao equipo cangués e conseguindo o ouro no ámbito autonómico, que deixa o noso club nun meritorio segundo posto.

A pequena decepción apenas durará un suspiro, pois o 4 de xuño do 89 celébrase o XLII Campionato de España de Traíñeiriñas¹³ en Zierbana (Biscaia), que lle outorga a medalla de ouro ao equipo cangués, tan só 48 centésimas por diante dos asturianos de Castropol.

¹³ Ver apéndice documental nº 9





Campións de España de Traiñerías OURO Xuvenil Masculino Zierbana 1989 (Xaime Martínez, Fernando Crego, Manuel González, Lino Graña, José L. Iglesias e José Ferral con Teixeira de patrón)

A tripulación gañadora esta composta polos seguintes remeiros: Xaime Martínez, Fernando Crego, Manuel González, Lino Graña, José L. Iglesias e José Ferral con Teixeira de patrón. Os tripulantes da Costal responden unidos ao esforzo de superación persoal e chegan ao máis alto do remo no ámbito nacional en só unha tempada, sen antecedente ningún de gloria. A calidade da súa técnica no remo é absolutamente ascendente, debido ao esforzo e empeño realizado por sete corazóns loitadores, bombeando ao unísono ao son da mesma ondata.

Queda agora para a incógnita da historia, saber se as pregarías de José Canastriños (seguidor número un do club) antes de empezar a regata, serviron de axuda para o positivo desenlace da vitoria.

O 25 de xuño comeza a **tempada de traiñeiras** en Tirán (Moaña), coa II Bandeira Deputación Provincial de Pontevedra e unha asistencia aproximada de cinco mil

persoas. O premio, tres millóns de pesetas para repartir segundo a orde de chegada a meta das trece embarcacións da Federación Galega Sur. Gaña nesa ocasión San Bartolomé de Meira (trescentas mil pesetas), obtendo o equipo cangués un oitavo posto, valorado cun premio de cen mil pesetas.

A segunda regata na que se participa é a Bandeira de Moaña, a máis importante dende o punto de vista anímico, segundo opinión do preparador físico, Vicente Parceró. A tripulación da Balea está composta polos seguintes remeiros: Quinito, Dobarro, Enrique Broullón, Xaime Martínez, Carlos (Escayolista), Cándido Cabanelas, Manolo Cabanelas, Carlos (Cabesón), Oscar Brun, Manuel González Vila, Lino Iglesias, José Ferral (Piedra), Nardo, Sito, Durán (Pinilla), Mario (Zanahoria) e Vicente Parceró -patrón-.





Balea 1989

A única bandeira que gañan esta tempada é a do Concello do Grove, no seu quinto certame, cun premio de sesenta mil pesetas.

En agosto do 89 o Club de Remo Orioponse en contacto co equipo do Vila. O propósito dos devanditos contactos é a solicitude en empréstito da traíñeira Fontán, que o equipo vasco necesita para remar a Bandeira da Concha. Orio coñece de primeira man a calidade das embarcacións Fontán, o que sucede é que ante a imposibilidade de conseguir unha de nova construción do devandito estaleiro, decide contactar co noso equipo ante a boa fama deste bote. Aínda a día de hoxe, dise entre o colectivo que forma o equipo cangués, que foi sen dúbida a mellor traíñeira que tivo o club. Dende a directiva decídese prestala, a pesar do acordo previo co devandito estaleiro de prohibición de empréstito. A cambio, o equipo do emblema do sol obtén unha embarcación de banco móbil, un oito con temoneiro, coa que empeza a competir case de xeito inmediato.

Para estas datas, preto de cen remeiros con idades comprendidas entre doce e dezanove anos forman as tripulacións do Club de Remo Vila de Canga nas distintas modalidades de banco fixo: batel, traíñeira e traíñeira.



Comeza a **CUARTA TEMPADA 1989/1990**, cos adestramentos de pretempada aos que están acostumados os atletas e dos que fixemos xa mención.



Campionato de España bateis BRONCE Xuvenil Masculino Guetaria 1990 (Fernando Crego, Xaime Martínez, José Ferral, Oscar Carracelas e Andres Cordeiro)

En marzo do 90, comeza a **tempada de batel** e o 17 do citado mes dispútase a II Bandeira Concello de Vigo, onde os xuvenís do Vila quedan primeiros e derrotan un magnífico Pescanova-Chapela. Na regata disputada no Concello de Moaña, gañan tamén a bandeira, fraguándose así un continuo pase polo podio nas diferentes regatas da nosa comunidade. Chegados os Campionatos de Galicia que se celebran en Ferrol, logran un meritorio terceiro posto que os clasifica directamente para os campionatos de España. Campionato celebrado en Getaria (Guipúscoa), onde se proclaman os terceiros mellores de todo o país. Proeza realizada pola seguinte tripulación: José Ferral, Xaime Martínez, Oscar Carracelas e Fernando Crego, con Andrés Cordeiro Rodal de patrón.

Na **tempada de trañeiríñas**, a categoría de xuvenil obtén un primeiro posto no Campionato Galego celebrado nas augas de Meira (Moaña), ao longo dos 2.625 metros do campo de regatas, seguidos moi de preto polo equipo de Chapela. O equipo cangués empézase a acostumar a estar entre os mellores. Seguidamente, o nove de xuño do 90 conseguen a medalla de prata na 43 edición do Campionato de España.



Campionato de España Trañeiríñas PLATA Xuvenil Masculino CELEIRO 1990 (Jaime Gil, José Ferral, Xaime Martínez, David Gil, Oscar Carracelas, Mario Rodríguez e Suso Martínez)

Campionato celebrado en Celeiro (Lugo), coa asistencia dunhas tres mil persoas e quedan segundos, por detrás dos asturianos de Castropol. A tripulación da Costal I canguesa está formada nesta ocasión, polos seguintes remeiros: José Ferral, Xaime Martínez, David Gil, Oscar Carracelas, Mario Rodríguez, Suso Iglesias e Jaime Gil, como patrón.



Comeza a **tempada de traíñeiras** o 16 xuño do 90 en Moaña, coa I Bandeira Autoestradas do Atlántico, onde o noso equipo logra na clasificación absoluta un sexto posto das oito embarcacións premiadas, dotado con cincuenta mil pesetas, despois de vogar tres millas de mar. Pódese dicir que participan en case todas as regatas da tempada. A traíñeira *Balea* adoita quedar en cuartos ou quintos postos, e logra retribucións económicas similares á conseguida en Moaña. Un dos mellores resultados obtidos nesta tempada, é o quinto posto na Bandeira Teresa Herrera da Coruña.

O patrocinador segue sendo Yamaha e a tripulación está formada polos seguintes remeiros: Óscar Carracelas, Óscar Brun, Mario (Zanahoria), David Gil, Manuel González Vila, Quique, Lino Iglesias, Suso (Salvaxe), Cándido, Sito Iglesias, Quinito, Ferral (Piedra), Jorge Piris, Manolo (turbina), Durán (Pinilla), Fernández Crego, Carlos (Cabesón), Sergio, Xaime Martínez e Chapi Refojos de patrón.

Falamos agora de regatas en banco móbil, é dicir, de **Remo Olímpico**, unha novidade para o noso club, posible grazas á embarcación de oito con temoneiro (8+) que se consegue por medio dun convenio co Club de Remo de Orio do que xa fixemos referencia. Este tipo de bote ten diferenzas substanciais aos usados en banco fixo. Por exemplo, os remos están apoiados en chumaceiras colocadas fóra de borda sobre portantes, polo que a esta embarcación tamén se denomina *outrigger*s. As regatas fanse sobre unha distancia de 2.000 metros. Cada remeiro usa só un remo, polo que esta embarcación tamén se denomina remo en punta, medindo cada remo case catro metros, cunha eslora de embarcación de dezasete metros.

Ademais, na tempada actual, conséguense grandes logros noutras categorías de banco móbil, de maneira que para o ano 1990, en Remo Olímpico, o Vila de Cangas forma parte da selección galega para o Campionato de España en 8+ cadetes, onde quedan de cuartos; e segundos na Copa do Rei. Como Club, terceiros de España en 2- (cadetes), con Sergio Rodríguez e Cesar Núñez como remeiros (é a primeira medalla que obtén o clube na disciplina de remo olímpico). Campións de Galicia en 8+ (infantís).

Quizais haxa que buscar a causa de semellante bo resultado na calidade dos remeiros que, a pesar de non contar con experiencia previa no banco móbil, posúen xa unha depurada técnica no remo complementado por unha óptima forma física.

Así as cousas e para o período cronolóxico no que nos atopamos, o equipo cangués conta con catro bateis, unha traíñeira e dúas traíñeiras en banco fixo, así como un *skiff*, un oito con temoneiro e un dous sen temoneiro en banco móbil. O club aínda non conta coas instalacións necesarias que aseguren un bo adestramento dos deportistas, ao que se lle suma a falta de instalacións deportivas por parte do concello, co que os mozos do Vila se ven obrigados a usar ximnasios de diferentes colexios, como o situado ao lado da praia de Rodeira. Co que si contan estes deportistas, cando o necesitan, é coa atención médica dada polo doutor José Enrique Sotelo, que non dubida en colaborar co club no que atinxe a recoñecementos médicos necesarios.



Comeza a QUINTA TEMPADA 1990/1991

Un dos primeiros feitos destacables desta tempada é a dimisión da xunta directiva ao cumprirse os catro anos de mandato, que pon os cargos á disposición dos socios. Ante a ausencia de novos candidatos á directiva, escóllese por unanimidade a Camilo Camaño Xestido como presidente, e quedan o resto dos cargos de igual modo que estaban.

C. R. VILA DE CANGAS



XXXVIII CAMPEONATO DE ESPAÑA DE BATEIS
Cangas - Galicia, 3, 4 e 5 de maio 1991

38.º CAMPEONATO DE ESPAÑA DE BATELES
ESPANIAKO 38. BATELEN TXAPELKETA

PATROCINA
EXCMA. DIPUTACION DE PONTEVEDRA

Campionato de España Bateis Cangas 1991

categoría, vanse repartindo as bandeiras co transcurso das diferentes regatas. Toda unha lección do bo facer do equipo do emblema do sol. Exemplo da devandita lección maxistral prodúcese na regata celebrada no Grove o 30 de marzo, cando o Vila de Cangas chega á cabeza en tres das catro categorías (cadetes, xuvenís e sénior).

No Campionato Galego, celebrado o 28 de abril do 91 en Tirán, cúmprense as expectativas esperadas despois de tan brillante tempada, o club cangués faise co segundo posto na categoría cadete e sénior, mentres que en infantil leva un estupendo terceiro posto á casa. Unha gloriosa tempada que porta os nosos deportistas a un Campionato de España¹⁴, celebrado en Cangas do Morrazo o 4 e 5

Tempada de bateis: o club Vila de Cangas está exultante ante a organización do Campionato de España de Bateis que se celebrará en Cangas, os días 3, 4 e 5 de maio, para o que se conta cun orzamento de dous millóns de pesetas. Pode que este campionato inflúa no bo ánimo dos remeiros da modalidade batel, porque dende comezos da tempada, vanse clasificando nos primeiros postos na práctica totalidade das regatas organizadas. Tal é o caso da primeira regata celebrada en augas de Marín, o 2 de marzo do 91, onde cadetes e sénior logran enarborar a bandeira sobre as súas cabezas. En Tirán son os sénior os que logran a vitoria, mentres que no Grove, infantís e cadetes obteñen o primeiro posto. O 23 de marzo celébrase a III Bandeira Concello de Vigo - I Memorial Ramón Rodríguez-Jolas. Cunha tarde fría e chuviosa da primavera do 91, o quinteto do Morrazo dos sénior volve gañar nunha mostra da súa irresistible calidade na técnica do remo. Está a ser unha magnífica tempada para os bateis do Vila que, lonxe de conformarse con ser triunfadores nunha soa

¹⁴ Ver apéndice documental nº 10



de maio, con todo o ánimo e ganas de chegar ao máis alto. E non defraudan os nosos rapaces, xa que a categoría cadete posibilita o milagre, facendo que o ouro quede na casa, con todo o xúbilo que supón para a afección morracense. Non obstante, esta regata non está exenta de polémica, xa que na devandita final de cadetes, Vila de Cangas-Yamaha, Elantxobe e Mecos-Electrón do Grove chegan moi igualados á recta final, onde o desempate se decide na liña de sentenza, con menos dun segundo de diferenza entre eles. A tripulación gañadora está formada polos seguintes remeiros: Roberto Carlos Costas, Miguel Iglesias, Alberto Nogueira, Eusebio José Cordeiro e Andrés Cordeiro de patrón, cun campo de regatas situado entre Frigoríficos do Morrazo e o dique de abrigo do porto de Cangas.

Comez a tempada de traíñeiriñas: o 19 de maio do 91 celébrase a regata de traíñeiriñas de Cangas, coa participación de dez clubs, onde será o grande protagonista o C. R. Pescanova-Chapela. O noso equipo cangués, queda de último na categoría xuvenil, e noveno en sénior.

Entre os equipos que entón compiten no campo de regatas, ao mesmo tempo que o Vila, distínguense: San Juan de Tirán, Samertolameu-U. Fenosa-B. Pastor, Pescanova-Chapela, Mecos-Auga Mondariz, Liceo Marítimo Bouzas, C.C. Náutico-Autoestradas do Atlántico, Cyasa-Virxe da Guía, Club Remo Meira ou Nosa Señora dos Remedios de Tirán.

A mediados do mes de xuño do 91, os sénior de Traíñeiriñas do Vila de Cangas conseguen praza para participar no Campionato Galego celebrado en Muros e obteñen un quinto posto. Non obstante, non conseguen clasificarse para o Campionato Nacional, ese ano celebrado en Luanco (Asturias).

Falando xa da **tempada de traíñeiras**, no mes de xullo celébranse once regatas, comezando pola X Bandeira El Corte Inglés de Vigo, o 7 de xullo, onde os nosos remeiros obteñen un estupendo cuarto posto (de entre as quince embarcacións participantes) dotado cun premio de 175.000 pesetas. En Vigo o día resulta chuvioso e plúmbeo non obstante, os rapaces de Cangas dominan dende a saída na súa manga, cun primeiro longo rapidísimo, chegando á meta en solitario.

Esta tempada xa se empeza a notar a veteranía dos nosos remeiros na traíñeira, ao que se lle unen novas incorporacións á canteira, de maneira que se obteñen mellores postos respecto a tempadas anteriores. Os resultados do 91 quedan do seguinte modo (á parte do xa comentado en Vigo):



Bandera Xunta de Galicia de Traíñeiras Cangas 1991



3º posto en *Bandeira de Moaña*.

4º posto en *Bandeira de Bueu*.

5º posto en *Bandeira do Descubrimento de Baiona e Bandeira do Grove*.

6º posto na *Bandeira de a Xunta de Galicia*.

7º posto na *Bandeira Conde de Fenosa-Campeonato Gallego*.

8º posto na *Bandeira Teresa Herrera* (onde é o 5º club galego).

Os integrantes da Balea canguesa son os seguintes: Sito, Enrique Broullón, Lino Iglesias, Mario (Zanahoria), Quinito, Fernando Crego (Mandingo), Carlos (Cabesón), Xaime, Sergio, Suso (Salvaxe), David Gil, Santi (O Rei), Oscar (Presi), David Piris, David (Scoobi) e Chapi Refojos de patrón.

Unha novidade nesta tempada é a incorporación de tripulacións femininas en 8 + e bateis. Primicia que non debe observarse simplemente baixo o prisma da mera anécdota. A presenza feminina no remo é algo que se pedía, a gritos, dende había moito tempo. As nosas rapazas do equipo do emblema do sol poden sentirse verdadeiramente orgullosas por toda a honra que implica ser pioneiras nos seus anos na reivindicación da igualdade no remo, do cincuenta por cento, nun deporte no que nunca pretenderon estar por enriba de ninguén, senón, simplemente, en igualdade de condicións, na mesma liña de flotación, sendo as únicas con autoridade persoal para gobernar a súa propia proxección deportiva, sen restricións dogmáticas nin baixo o peso do xugo de primitivos costumes sociais, anquilosados en meros conservadorismos. É así como saen do silencio no último decenio do século vinte e fano pola porta grande, como se verá reflectido ao longo destas páxinas.

Para os seus comezos, onde nos atopamos agora, as súas regatas son de mera exhibición, onde mostran o portento do seu bo facer, á par que con toda a humildade da consciencia do duro camiño que aínda queda por andar. A primeira regata feminina do club realízase de modo interno, vogando contra os propios compañeiros do equipo, no abrigo do porto de Cangas.

Sopran novos tempos para o equipo cangués e algunhas das súas remeiras pronto son coñecidas na prensa local como *as nereidas*, sobrenome acuñado polo xornalista e árbitro deportivo, Franco Cobas. O nome destas novas remeiras: María Jesús e María José Bermúdez (irmás), Mari Carmen Fernández, Margarita Marchena e Aroa Soage (patroa), todas elas cadetes para a época referida. Non obstante, non son as únicas no club cangués, ao seu lado, outras quince mozas rotan postos para poder saír todas elas a remar. A gran maioría comezan no Vila de Cangas, grazas á información dada nos colexios da zona, mediante os cursos de verán de remo, ademais, evidentemente, de comentarios estendidos entre amigos e coñecidos.

A nova situación require dunha loxística engadida para o club, o cal, dada a carestía de medios económicos, improvisa segundo van vindo os tempos. Tal é o caso dos vestiarios, inexistentes tamén para o xénero masculino. Ao final, a imaxinación pode máis que a falta de medios, e deciden cambiarse todos xuntos, rapaces e rapazas, no local de costume, aproveitando a falta de luz artificial e o conseguinte escurecemento dos espazos, lonxe de miradas indiscretas.



O seu adestramento realízase en igualdade de condicións co masculino: un par de horas de adestramento seis días á semana, baixo a atenta mirada do seu adestrador, Manuel González (remeiro activo da traíñeira). Ademais da técnica do remo na auga, a preparación inclúe pesos e carreiras de fondo. Segundo contan os seus adestradores na actualidade, as rapazas eran moi sufridas e dábano todo no remo, sen importar o esforzo. Dende o punto de vista técnico, evolucionan moito máis á prása que os seus compañeiros masculinos. Eran moi fortes, roldando algunhas delas os setenta quilos de peso.

Haberá que esperar aínda ata o ano 1993 para ver legalizada a competición feminina en banco fixo¹⁵.

Remo Olímpico: prodúcese realmente unha auténtica ratificación da traxectoria ascendente do noso equipo, cousa que non sorprende, se ademais temos en conta que algúns dos seus deportistas pertencen ao Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra. Falamos de Roberto Carlos Costas, Eusebio José Cordeiro Rodal, David Castro Piris e David Lago. Nesa época o centro xa dispón de botes, e adestran dúas veces pola mañá e unha pola tarde, sobre todo con Dous Sin e Catro Sin. José Luis Méndez adéstraos na auga, mentres que Carlos Maya exerce de adestrador físico.

Os nosos rapaces, que perfeccionan a súa técnica no centro de Pontevedra, conseguen clasificarse nalgunhas modalidades de remo olímpico para o Open Mequinenza, Zaragoza. Na devandita confrontación, compiten en tres categorías: *skife*, dobre e catro sen temoneiro. As súas aspiracións antes de comezar son alcanzar un sexto posto non obstante, a realidade supera a ficción: Manuel Iglesias, debutante na competición, conquista o quinto lugar da clasificación na categoría *skife*; os cadetes do 2 sen temoneiro, Eusebio Cordeiro e Roberto Costas, obteñen un terceiro posto; os xuvenís, Sergio Rodríguez e David Piris, integrantes do 4 sen temoneiro alzáanse co segundo posto. Todo un orgullo para o Vila de Cangas, que vai aumentados os seus logros así como a súa canteira. Será por iso de que o éxito chama o éxito.

¹⁵ *O remo en Galicia sempre tivo iniciativas, dende as épocas históricas dos anos trinta, cando non se lle daba facilidade para acceder a certos deportes [...] Así, por exemplo, o 25 de agosto de 1932 o Club Marítimo de Vigo, unha sociedade popular e deportiva composta por mozos de ambos os dous sexos, con filosofía humanista e respectuosos coas ambicións femininas, organizou unha regata de traíñeiras feminina de catro con temoneiro. O mesmo sucedía co piragüismo naquelas décadas. Desgraciadamente, o remo feminino non tivo continuidade a pesar das grandes iniciativas [...].* Artigo publicado en *Faro de Vigo*, o 21 de setembro de 2008, por Franco Cobas.





Campionato de España 4- Legutiano 1991

Chegados ao campionato de España de remo olímpico celebrado en augas de Legutiano (Vitoria), os resultados son os seguintes: na categoría cadete masculino 2-, obtén o ouro Jesús Gestido e Jose Ignacio Casqueiro. En xuvenil masculino 4-, cuarto posto para David Castro Piris, Sergio Rodríguez, David Lago e Santi (olímpico). En cadete feminino 2x, sétimo posto para María José y M^a Jesús Bermúdez.

Cambiando de tercio, para estas datas danse os primeiros pasos coa empresa Frigoríficos do Morrazo como principal abandeirado no patrocinio do equipo. Apadriñamento moi destacable que consegue a primeira directiva do club, da man do seu presidente, Camilo Camaño Xestido, mediador nos contactos co xerente da empresa, César Iglesias. Un patrocinio que continua no tempo ata o día de hoxe.



Esta situación supón un gran pulo para o noso club deportivo, con grandes axudas económicas que posibilitan numerosos proxectos presentes e futuros do Vila de Cangas. Xusto é dicir, en honra ao seu labor filantrópico, que Frigoríficos do Morrazo,

empresa das máis representativas da comarca do Morrazo, atesoura unha gran relación co deporte da nosa vila, como mostra de compromiso en pro de todos os canqueses.

Noutra orde de cousas, é importante destacar o gran movemento que supón para o club asistir a todas cantas competicións se realizan, tanto de remo coma de atletismo, tendo en conta que a escaseza de medios económicos obriga xeralmente a trasladar os deportistas en coches particulares de directivos, adestradores ou algún colaborador e a conta destes.



Ao rematar as regatas, os remeiros e os seus familiares xúntanse en moitas ocasións no taller de Camilo Nores, onde non é raro ver improvisar uns petiscos da nada como por arte de maxia, entre deliciosas tortillas de patacas e conversacións animadas de camaradería. E é que nada mellor que degustar o éxito, que cun bo prato de comida.

Seguindo esta liña de compañeirismo e para manter viva a unidade dos socios e afianzar os alicerces ideolóxicos do club, todos os anos no mes de decembro e despois dunha reunión extraordinaria, lévase a cabo unha cea de confraternidade que inclúe baile en ocasións. Entre os locais onde se realizan estas ceas destacan o Restaurante de Mallo, así como El Pato Cojo. Aproveitando as datas e coa lotaría de Nadal, rifase ademais unha obra pictórica realizada polo artista e presidente do club, Camilo Camaño Xestido, sempre home xeneroso e neste caso, creador plástico, en contribuír coa causa común.

Valoración dos primeiros cinco anos de vida do C. R. Vila de Cangas, por parte do presidente da primeira directiva, Camilo Camaño Xestido:

Consideramos eses primeiros anos do club, como un éxito rotundo tanto no ámbito deportivo, como social e económico. Foi para nós un proxecto de ilusión e que valeu para salvar unha gran parte da xuventude daqueles anos. O club estaba moi aberto en xeral, tanto no ámbito ideolóxico como deportivo, esa foi unha gran baza que sempre tivemos. Tamén loitamos moito para conseguir un local propio onde adestrar e gardar todo o material, nós tivemos a idea e levamos a cabo as conversacións con Castelo Castro (xefe de proxectos de Portos da Xunta de Galicia). Realizamos todas as xestións para conseguir tal localización, que se construíu na seguinte directiva. As nosas accións, sempre se encamiñaban ao propósito de facer un ben á colectividade. Foi unha forma de salvar vidas nun momento moi delicado da historia da nosa vila, con multitude de droga que causou moito mal. Creo sinceramente que o deporte salvou unha xeración. O noso discurso era transformar a sociedade dende a cultura e o deporte.

Agora, vinte e cinco anos deses primeiros pasos, doulle ánimos ás novas directivas para que non desfalezan no afán co que naceu o club, e fago un chamamento á xuventude para que participe cultural e deportivamente, sen ser tan importantes os resultados como a dignificación do seu propio ser.







Balea 1992

1992-1995: segunda directiva

SEXTA TEMPADA 1991/1992

Arranca un novo período na vida do noso club, pasada a etapa de lactante que tantos éxitos, compañeirismo e experiencias repletas de vitalidade deportiva, achegou ao Vila de Cangas. Esta nova tempada trae unha novidade na directiva. Ao tratarse de ano preolímpico, a xunta directiva presenta a súa dimisión, e pon os cargos a disposición dos socios. Ante a ausencia inmediata de candidaturas, escóllese unha Xunta Xestora temporal. Camilo Camaño será o seu presidente, Camilo Nores, o secretario e Aquilino Rodríguez exercerá de tesoureiro. Como vogais, Manuel Boubeta e José Rodríguez.

Comeza aquí a segunda directiva dunha entidade cuxo nome soa xa con certo peso no ámbito nacional. E é que portar o recoñecemento do éxito en tantas ocasións para a súa curta idade, fala moi ás claras da boa canteira e bo facer do noso equipo. Traballo, esforzo e ilusión son constantes que definen a vida deste club nos seus seis anos de existencia.

Unha vez que a Xunta Xestora temporal cumpre a súa función, en febreiro do 92 queda establecida a nova Xunta Directiva. Gaspar Rivero González será o seu novo presidente¹⁶. A gran maioría dos seus compoñentes xa formaban parte do club, algúns dende os seus mesmos inicios, o que testemuña fidelidade e ilusión, principais motores que impulsan á nova directiva.

Esta nova etapa comeza cunha situación totalmente saneada en canto aos termos económicos, non existen contas pendentes e co tema do patrocinio xa case totalmente pechado.

Pódese dicir que grazas á boa xestión da primeira directiva, o segundo período arranca con moito andado, con dúas das súas principais preocupacións –o enclave para unha futura nave deportiva e o patrocinio económico– máis que perfilado e orientado. Non obstante, queda moito por facer e Gaspar Rivero e o seu equipo son conscientes do traballo futuro e do esforzo necesario, para que o club primeiramente manteña o seu estatus deportivo e segundo para que intente lograr superarse cada día nos resultados obtidos. Neste sentido, Gaspar promove cursos de verán de remo para adquirir nova canteira para o club e fai un varrido informativo polos diferentes colexios da zona. Unha iniciativa que non tarda en dar os seus froitos.

O local social do club, onde se reúne fundamente a directiva, atópase nunha oficina de Esquerda Unida da rúa Fomento de Cangas, pero co tempo encrávase nunha localización preto da alameda vella.

¹⁶ Ver apéndice documental n.º 11



Nestes novos tempos, tamén o logo do equipo sofre un renovado aire na súa presentación, mantendo o sol de Cangas como santo e sinal, pero cun novo deseño realizado pola licenciada en Belas Artes, Patricia San Luis. A devandita figura inspírase seguramente no sol que aparece nun brasón de 1580, aproximadamente, que se atopa no interior da ex-colexiata de Cangas. Se atendemos á súa iconografía, o dito modelo afunde as súas raíces en arquetipos precolombinos. Este é o logo que se mantén na actualidade. Hai que destacar que dende a mitoloxía antiga, o culto ao sol foi unha constante como forza dominante e símbolo de prestixio e poder.



No que respecta aos deportistas, nada cambiou. As ilusións e ganas de seguir loitando día a día para manterse na actualidade deportiva son un feito constatado no número de mozos que pouco a pouco vai aumentando o seu número. Á parte dos excelentes remeiros cos que xa conta o equipo, súmase ás súas filas sangue novo que pretende renovar e que defender o espírito e as cores do equipo. Toda unha declaración de intencións do que está por chegar.

Con relación aos adestradores, únese unha cara coñecida do remo cangués, formado no equipo dende os seus mesmos comezos. Trátase do mozo Cándido Bernárdez, que conta entón 21 anos de idade, aínda remeiro activo da traíñeira. Sen dúbida, a súa mellor arma didáctica é a experiencia obtida de anos vogando no equipo do emblema do sol. Iso que habitualmente se denomina *veteranía* ou *mundoloxía* onde se proclama en voz alta aquilo de que a experiencia é un mestre feroz, será o principal abandeirado de Cándido, que non dubida, ante a súa nova responsabilidade, en prepararse como monitor de remo, asistindo a todo canto curso ten oportunidade.

Así as cousas e falando da dinámica dos adestramentos, a primeira parte destes realízase no pavillón de deportes do antigo colexio de Rodeira. Falando daquel colexio e dos seus vestiarios, agora recordarán os novos deportistas do Vila daquela época, duchas de auga fría extrema, no medio dunha estación invernal con todas as súas letras maiúsculas, onde o menos grave que che podía suceder era dar un bo berro de dor ante a frialdade da temperatura da auga, seguida da insensibilidade de certas partes do corpo, como medida defensiva do organismo, para non sentir nin padecer a dor de tal experiencia. O recordo esbozará un sorriso hoxe en día naqueles rapaces, non obstante, quen sabe se a realidade superaría naquela ocasión á ficción.



Ademais de Rodeira, estiveron un tempo os remeiros nun local do barrio do Forte, onde improvisaban os cambios da roupa de rúa á de deporte en axustados espazos sobrantes entre os botes. A palabra vestiario adquire tinguiduras de imaxinación e inventiva. Pronto pasan ao campo do Alondras, a un ximnasio que se atopa debaixo das bancadas. Seguimos falando dun período en que o club non anda boiante de medios.

Despois da xornada laboral do adestrador, este chega ás nove da noite xunto aos seus rapaces, os cales o esperan na auga, con medio adestramento realizado. En canto á dinámica dos adestramentos, os remeiros atópanse en moi boas condicións físicas. Fundamentalmente céntranse na técnica e series de velocidade realizadas na praia de Rodeira. En época de pretempada, fanse sobre todo carreiras, traballo aeróbico. Os pesos son tamén necesarios para coller forza nos brazos. As fins de semana ata marzo resérvanse para saír ao mar cos botes. Hai que recordar que naqueles anos, os rapaces do Vila non tiñan acceso aos populares remo-ergómetros actuais.

A motivación dos deportistas é dobre: por unha parte destaca o compañeirismo xerado nos adestramentos do día a día e pola outra, pasar a tempada vogando xuntos, coa ilusión de conseguir resultados.

En canto á dinámica de traballo dos adestramentos, Cándido non é un adestrador dos que seguen as dinámicas de toda a vida, senón que gusta e goza innovando, e busca novas fórmulas que poidan mellorar os resultados ou facilitar o proceso da aprendizaxe. Neste sentido e para adestrar mellor os seus rapaces, non saca os bateis bos e máis lixeiros ata o mes de abril, así os remeiros acostúmanse a aplicar máis forza antes e os barcos bos non se machucan tanto. Metodoloxía que suscita algunha que outra crítica entre os adestradores de equipos alleos. Sen dúbida, unha grande innovación de Cándido Bernárdez é a incorporación de remos de fibra de carbono. Remos, que naquela época só tiña o Club de Remo de Rianxo, pero que non usaba. Os remos en fibra de carbono teñen unha técnica de remo diferente aos de madeira debido á súa empuñadura redonda. Tirando de imaxinación práctica, Cándido failles unha pequena modificación nas devanditas empuñaduras, limándoa, ademais de modificar tamén a dureza destes. A pesar do arriscado da estratexia, co tempo e a forza de vogar os devanditos remos empezan a dar bos resultados. En canto aos remeiros, gusta de rotalos nas súas posicións e deixa sempre no batel a dous titulares para manter a base do equipo.

Cándido ten tantas novas formulacións e ideas na súa metodoloxía, que o parámetro do tempo lle queda curto e pequeno para poder executalas que algunhas quedan relegadas a simple pensamento. Así, por exemplo, gustáballe que os remeiros empezasen nadando en piscina, para o control da respiración na execución do exercicio. Tamén tiña en mente realizar un estudo biomecánico para centrar os grupos musculares no remo. Verdadeiramente a experimentación é unha constante na dinámica do adestramento deste home, que busca sempre optimizar os resultados.



Pasados os anos dende aquel 1991 dos seus inicios como adestrador, Cándido Bernárdez queda coa capacidade de sufrimento que debe ter o remeiro para conseguir resultados. Segundo as súas propias palabras: *A implicación e a ilusión do deportista son fundamentais. O traballo do remeiro é o máis importante, o demais moitas veces son meros detalles. E en canto ao labor do adestrador, é importante o bo ollo que se debe ter cos remeiros, coñecendo cada caso particular. O remo débese enfocar como un deporte e non como un xogo. Levar as cores do Vila é unha responsabilidade que implica compromiso e un exemplo de conduta. Se temos estes parámetros ben asumidos, o demais vén só.*

A carestía de medios tamén se manifesta na falta de localizacións onde gardar os botes. É por iso que se custodian en distintas situacións segundo o empréstito de local correspondente: dende o barrio do Forte, onde a traíñeira tiña que ser inclinada para entrar e saír do local (debido a que o ancho da rúa quedaba moi xusto para os seus 12 metros de eslora), a un espazo na rúa Félix Ozámiz, ou as naves vellas de salgadura onde hoxe se atopa a empresa Frigoríficos do Morrazo. Nesta última localización, onde se garda a traíñeira e o oito, os rapaces cámbianse de roupa amontoando palés de cartón no chan, a xeito de improvisados vestiarios. E é que a imaxinación sempre supliu o material en tempos de privación.



Rampla fabrica Massó

Esta tempada algúns dos remeiros máis destacados do Vila de Cangas asisten cunha bolsa ao Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, que depende da Secretaría Xeral da Xunta de Galicia. O propósito deste centro é formar deportistas que algún día poderían ser parte da elite deportiva española. Os estudantes que alí residen repártense e adestran en cinco especialidades: loita, piragüismo, tenis, atletismo e remo.



Entre os deportistas do Vila que esta tempada pasan a formar parte do devandito centro están: Margarida Marchena, Jesús Gestido e José Ignacio Casqueiro. Ao principio, Carlos Maya fai as funcións de adestrador, pero aos poucos meses da chegada dos nosos remeiros a Pontevedra, entran en xogo o matrimonio búlgaro formado por Nikolai e Dolores Zdravkova, que exercen de adestradores. Como curiosidade e mero anecdótico, queda para a posteridade da memoria, o remo exercido no 2- por José Ignacio Casqueiro e Jesús Gestido, no que a grande envergadura do primeiro, provoca nunha gran cantidade de ocasións, que sexa case imposible manter a embarcación recta no seu discorrer sobre o río Lérez.

A disciplina alí é moi estrita, raiando case o militar. Os estudos aléternanse cunhas cinco horas de adestramento, cinco días á semana. Os botes que saen a vogar polo río Lérez pertencen á disciplina de remo olímpico. Trátase de *Skiff*, *Scull*, 2- e en menor medida o 8+. As fins de semana, os mozos do Vila pásanas en Cangas e reman no propio club. A aparencia destes deportistas caracterízase en xeral por unha considerable envergadura, ao que se suma a gran forza necesaria para darlle resposta á dureza de tal deporte.

Ao comezo de cada curso no devandito centro, o director deste, José Vázquez Pájaro, insiste nos tres piares que debe seguir todo deportista alí: “Estudo, deporte e disciplina”. Os estudos de BUP realízanos baixo a instrución de profesores do Instituto Sánchez Cantón de Pontevedra, mentres conviven na Residencia Atlántica.

En marzo comeza a **tempada de bateis**, coa primeira regata en Vilaxoán. O máis destacable nesta modalidade de embarcación na tempada que atopamos, é, sen dúbida, os resultados obtidos polas rapazas, que quedan as primeiras na gran maioría das regatas celebradas en Galicia, de xeito oficioso. Tanto é así, que obteñen un primeiro posto no Campionato Territorial Sur de Bateis celebrado no Porto de Meloxo no Grove, o 18 de abril de 1992. Oito días despois, na exhibición feminina celebrada no campo de regatas instalado no paseo marítimo de Sada, álzanse co primeiro posto no Campionato Galego de Bateis Trofeo Conde de Fenosa.

Nesta tempada, conségueno todo no ámbito galego, o primeiro posto absoluto en bateis. Os nomes das mediadoras de tal feito portentoso son: María José Bermúdez, María Jesús Bermúdez, Carmen Fernández, Margarida Marchena e Aroa Soage, como patroa.

Merecen un gran recoñecemento as rapazas do Club cangués, pois grazas ao seu esforzo e tesón, empézase a telas en conta nas regatas de banco fixo e remo olímpico. E aínda que as súas regatas son só de exhibición, ao principio, son conscientes de que os cambios se conseguen grazas a grandes doses de paciencia e a non desfalecer na busca da igualdade co xénero masculino nas modalidades que nos ocupan¹⁷.

¹⁷ Ver apéndice documental nº 12



Para estas datas, cincuenta rapazas galegas practican remo en batel dende a pasada tempada en catro clubs de Vigo, Vilagarcía e na bisbarra do Morrazo, loitando polo recoñecemento da súa federación¹⁸.

En maio empezan as regatas de **traíñeiriñas**. O Vila de Cangas obtén sétimos a décimos postos nas diferentes regatas organizadas ao longo de Galicia. O mesmo que no Campionato Territorial Sur de Traíñeiriñas, celebrado en Meira o 30 de maio do 92, onde obteñen un sétimo posto.

No tocante á **traíñeira**, a primeira regata comeza en Coruxo a principios de xullo. No Trofeo Teresa Herrera da Coruña, obtén un décimo posto, mentres que no Conde de Fenosa, celebrado en Chapela, queda en sétimo posto. As mellores posicións obtenas a traíñeira canguesa na Bandeira do Concello de Vigo e na Bandeira do Descubrimento de Baiona, logrando en ambas as dúas un terceiro posto.

O nome dos remeiros que están na traíñeira canguesa no ano 92, son os seguintes: Sito, Enrique Broullón, Cándido, Lino Iglesias, Fernando Crego, Xaime, Suso *Salvaxe*, Santi *O Rei*, Oscar *Presi*, Pau de *Negrillo*, Jacinto, Roberto *Cachimán*, José *Feixón*, David *Raposo*, Antonio *Pastillas*, Miguel Ángel Figueroa, Vicente e Chapi.

Falando de **remo olímpico**, obtéñense grandes éxitos no Campionato de España celebrado en Legutiano (Villareal-Vitoria). Ouro para os xuvenís masculinos de 4+, Sergio Rodríguez, David Castro Piris, Roberto Costas, David Lago e David Fandiño, como patrón. Mesmo metal precioso para os cadetes masculinos de 2-, Jesús Gestido e José Ignacio Casqueiro. O segundo posto laureado coa prata é para Miguel Iglesias Costas na modalidade de 1x. Igualmente prata en 4- para Sergio Rodríguez, David Castro Piris, Paco *Cedeira* e David Lago Prata, tamén en 4x para María Jesús e María José Bermúdez, Margarida Marchena e Carmen Fernández, en categoría xuvenil feminina.



Tui 1992 (Sergio Rodríguez, David Castro, Roberto Costas y David Lago)

¹⁸ *Vila de Cangas, Liceo Marítimo de Bouzas, Vilaxoán e Amigos da Vela Latina de Carril, crearon seccións femininas nun intento de eliminar o monopolio dos homes o en remo en banco fixo. A experiencia comezou a xerarse en 1985 por acordo entre os catro clubs, recuperando a competencia feminina implantada en 1975 e desaparecida en 1980 ante a negativa da Federación Galega de Remo a recoñecer seccións femininas en remo en bateis. [...] Para forzar á federación a rexistrar os equipos femininos, os catro clubs crearon de xeito "oficioso", regatas femininas que se inclúen nas competicións regulares masculinas. [...] Tal problemática é exclusiva do remo en banco fixo –variante practicamente exclusiva de España–, pois en banco móbil –a especialidade Olímpica–, a competición feminina non só está recoñecida, senón que España conta con remeiras de gran prestixio. [...] Nun deporte duro sempre considerado para os homes, as mulleres intentan facer travesía, vencendo trabas. As rapazas, polo menos por estes pagamentos, son remeiras.* Artigo publicado en *Faro de Vigo*, o 8 de marzo de 1992, por Ricardo Grovas



O terceiro posto galardoadado coa medalla de bronce destínase a María Jesús Bermúdez en 1x xuvenil feminino; o mesmo que en 2 x para María José Bermúdez e Carmen Fernández. O cuarto posto en 2 - xuvenil masculino recae en Eusebio Cordeiro Rodal e Paco *Cedeira*. E en categoría xuvenil masculino 1 x, Eusebio Cordeiro Rodal leva un sétimo posto.

Ese ano e como feito absolutamente transcendente, do que poucos clubs poden alardear, dous dos remeiros do Vila de Cangas, David Castro Piris, David Lago e Paco *Cedeira*, alcanzan a máxima competición internacional do deporte do remo e asisten ao Campionato Mundial celebrado en Montreal (Canadá), con voga sobre a canle olímpica da illa de Notre-Dame, celebrado entre o 13 e 16 de agosto do 92. Participan na modalidade de 8 con temoneiro, ao lado de compañeiros cataláns, andaluces e vascos e logran un sexto posto na categoría xuvenil.

Remata a tempada para o Vila de Cangas cuns setenta remeiros en activo.

SÉTIMA TEMPADA 1992/1993

Aínda que a anterior tempada as contas do club quedan cun superávit de case 300.000 pesetas, os anos van pasando e con eles o diñeiro varía o seu valor, polo que a vai necesario actualizar as cotas do club, quedando do seguinte modo:

Socios fundadores: 5.000 pesetas (cantidade que non varía).

Socios numerarios: 2.000 pesetas.

Mulleres (nova modalidade): 1.000 pesetas.

Deportistas (nova modalidade): 500 pesetas.

Ao mesmo tempo conséguense certas achegas económicas dalgunhas empresas da zona como Mariña Hispánica e Nodosa, que axudan no mantemento diario club.

En marzo comeza a **tempada de bateis**. Tras sete anos de existencia do club, os nosos remeiros xa contan con experiencia e unha cotización propia, creada a base de demostrala no campo de regatas mediante o esforzo e os éxitos obtidos en contrapartida. Como novidade este ano e moi a resaltar no tocante ás rapazas, por xustiza en canto á igualdade de xéneros, por fin legalízase o banco fixo feminino en España. Tal situación que clamaba ao ceo foi unha reivindicación constante das mulleres do momento, tamén das mulleres do Vila de Cangas. Aínda así, non deixa de pasar desapercibido que este tipo de regatas se deixen sempre para o final da xornada.

Na tempada de bateis feminina, as nosas rapazas quedan en practicamente todas as regatas en primeiros e segundos postos, nas modalidades de xuvenil/sénior e infantil/cadete respectivamente. Coñecidas entre a prensa da época como as *nereidas*, do melloriño do panorama nacional, proclámanse campioas do Territorial Sur de bateis en Tirán. Chegado o Campionato Galego celebrado no Grove, sofren un pequeno traspé -ao cambiar o adestrador a unha remeira titular por unha substituta-



Campioas de
España de
Bateis
Absoluto
Feminino
TROFEO FER
Castro
Urdiales 1993
(M^a Jesús y
M^a José
Bermúdez,
Carmen,
Margarita e
Aroa)



e son superadas tan só polas do club de Remo Samertolameu. Non obstante, esta pequena decepción apenas durará un suspiro, xa que a principios de maio do 1993 conseguen o ouro no Trofeo Federación Española de Remo, que ten lugar en augas cántabras de Castro Urdiales. Os nomes das mediadoras do éxito: María Jesús Bermúdez, María José Bermúdez, Carmen Fernández, Margarida Marchena e Aroa Soage¹⁹.

Como curiosidade e en recoñecemento do éxito, outórgaselles unha copa en conxunto, mentres que o mesmo triunfo, pero en masculino, prémiasse cunha bandeira conxunta e unha medalla para cada remeiro. Singularidades da historia á parte, é a primeira vez que se realiza este tipo de regata feminina no noso país e as mulleres do Vila, como pioneiras absolutas, poden sentirse realmente orgullosas de posuír o título de ser as primeiras campioas de España de bateis. Era o 50 Campionato de España de Bateis, non obstante, o número 1 en feminino e xa non habería volta atrás.

¹⁹ "En contra do que pregoa un anacrónico anuncio de coñac, o deporte deixou de ser "cousa de homes". As mulleres participan con éxito nas disciplinas máis rudas. A tele nocturna proponnos inauditos combates de catch feminino, Blanca Ochoa logra as medallas que non traen os varóns e as rapazas galegas arremeten con éxito nunha liga regular de rugby. Pero a conquista de igualdade de sexos non sempre resulta sinxela. O remo, un dos deportes máis enraizados en Galicia, aparece como un reduto de ingrato acceso para as femias. A finais dos anos oitenta, as pioneiras subiron a un batel. Dende entón, xurdiron na comunidade media ducia de tripulacións. Os equipos femininos manteñen unha media de adestramentos que espantarían os futbolistas dalgún coñecido club local de primeira división. Non obstante, ese esforzo cae en saco roto, porque a tempada oficial esgótase en dúas ou tres competicións". Artigo publicado en *La Voz de Galicia* (p.48), o 23 de marzo de 1992, por L. V.



No tocante aos rapaces, empezan con moi bo pé na primeira regata celebrada en Chapela, e conseguen segundos e terceiros postos. Nas primeiras regatas, o adestrador, Cándido Bermúdez, impón un ritmo 32/34 padas, as cales van aumentando no transcórrecer da tempada, para rematar ao final desta, en 40. A modalidade sénior masculina é a que máis destaca, obtendo un primeiro posto tanto no Campionato Territorial Sur de bateis como no Campionato Galego. Chegados ao Campionato de España, os sénior obteñen un quinto posto, despois de vogar e gañar, unha final de consolación extraordinaria na que marcan o terceiro mellor tempo da categoría, e baten a marca do campo de Castro no primeiro longo, facendo o mesmo tempo que Orio, que sería o Campión de España. E todo isto despois dunha regata clasificatoria dos sénior, nefasta, en parte debido a que nunha das viradas embarcan moita auga e teñen que facer parte da competición con ese lastre. A tripulación da que falamos, está formada polos seguintes membros: Fernando Crego, Óscar Carracelas, David Raposo, Suso Loqueiras e Alberto Lagoa como patrón.

En maio comeza a tempada de **traíñeiriñas**. Os remeiros do noso club non logran grandes resultados, sendo ese ano o Club de Remo Amegrove do Grove o que acapara practicamente todos os premios.

Logo de comezar as regatas de **traíñeiras** en xullo en Coruxo, os nosos rapaces obteñen un quinto posto. Os mellores resultados da *Balea* desta tempada, conségueos na Bandeira do Grove e na Bandeira de Cangas, onde consegue un segundo posto.

O nome dos remeiros que están na traíñeira canguesa no ano 93, son os seguintes: Sito, Cándido, Xaime, Sergio, Suso *Salvaxe*, Santi *O Rei*, Oscar *Presi*, David Piris, José *Feixón*, Mario Gil, David *Raposo*, Mario Gil, Félix *O Gato*, Antonio *Cú de demonio*, Ramón *Moncho*, Roberto *Mac*, Antonio *Pastillas*, Miguel Ángel Figueroa e *Salvi*.

No referido ao **remo olímpico**, continúan algúns dos rapaces do Vila no Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra. Trátase de Eusebio Cordeiro Rodal, David Castro Piris, David Lago *Scuby*, Roberto Costas e Sergio Rodríguez. Case todos eles pasan á Selección Española de Remo. Realizan a concentración en Tui, aproveitando as augas do río Miño, onde os adestramentos se intensifican en tempo e dinámica. Ademais de remar baixo a atenta mirada do adestrador vasco, Eugenio Fernández, soben con regularidade correndo ao Parque Natural do Monte Aloia. As fins de semana, pásanas adestrando en Castrelo de Miño, que se caracteriza por ter unha das augas máis duras de Europa.

En canto ao Campionato de España de Remo Olímpico celebrado o 18 de xullo en augas zaragozanas de Mequinenza, o Vila de Cangas álzase co ouro na modalidade de dous sen cadete, representada por Jesús Gestido e José Ignacio Casqueiro. Mesmo metal precioso en 2x xuvenil feminino para María Jesús e María José Bermúdez.

Ese ano, María Jesús Bermúdez alcanza a máxima competición internacional do deporte do remo e asiste ao Campionato Mundial celebrado en Oslo (Noruega). Participa na modalidade de 4x, e logra un sexto posto na categoría xuvenil feminina.



CURUMBAYOS

O colectivo que responde ao nome de Curumbayos, apelativo curioso onde os haxa, xorde no ano 1993 entre os remeiros do Club de Remo Vila de Cangas, ante a necesidade de brindar recoñecemento ao camarada que abandona o club. Anos de compañeirismo compartido, anécdotas, sacrificio de horas e horas de adestramento e un longo etcétera non podían simplemente quedar relegados ao esquecemento da memoria. A iniciativa da idea xorde de catro remeiros que ademais de compartir bancada, compartían a complicidade da amizade: Jorge Castro Piris, Jesús Iglesias e os irmáns Cándido e Manolo Bernárdez Cabanelas.

O nome do colectivo xorde da nai dun dos remeiros, Cándido Bernárdez, que acostumada a que o seu fillo chegase tarde á casa debido aos adestramentos, chamábao deste modo polas continuas tardanzas horarias. Segundo relata Cándido, coméntalle aos seus compañeiros a curiosidade do nome, o cal pouco a pouco empeza a calar entre o grupo, que pronto empeza a autodenominarse de semellante xeito.


O recoñecemento que xustifica a formación de tal colectivo bota a andar coa primeira cea celebrada no inverno do 93. Dende entón e sen faltar á cita, todos os anos e de xeito periódico reúnense os *Curumbayos* nun restaurante da zona, que por azares das circunstancias e a xolda organizada, case nunca se repite. En tal acto pódesele render homenaxe a calquera persoa que estivera vinculada ao club. A elección da persoa homenaxeada sae dunha reunión en *petit comité* celebrada minutos antes nos aseos do restaurante en cuestión. Curiosa elección non carente de certa dose de humor que fala moi ás claras do carácter desenfadado e do bo ambiente que se respira nestas reunións. Ao veterano elixido obséquiasele cunha pequena figura conmemorativa que foi variando de forma e materia ao longo dos anos. Así mesmo, entrégaselle un escrito perfectamente enmarcado que representa o santo e sinal dos *Curumbayos*, que o homenaxeado debe ler en voz alta, cargado de sentimento. O devandito himno é toda unha declaración de intencións, estrofas que se algo denotan, é corazón, sentimento, palabras que emerxen do máis fondo para expresar toda a forza da entrega a un deporte, que ofrece en contrapartida un estatus, un sinal de identidade que os marca de por vida.

O himno, di así:

*Non importa ou que fagas ou deixes de facer,
non importa se es gordo ou fraco, guapo ou feo,
o que si importa é estar no Vila
porque aquí ademais de facerse remeiros, fanse persoas.*

*Moitas cousas has de sacrificar
para poder vir a adestrar.
Moitos habemos de sufrir, e algúns han caer
pero que iso che dea igual
porque ou importante é estar e non abandonar.*





Remeiro anónimo

*Se algo queres acadar
lembra que sempre se pode un pouco máis
traballa no inverno
para recoller triunfos no verán.*

*Isto é ou que tes que lembrar para gañar
porque alí, outros trece van, remando sen parar,
vai a por eles en corpo e alma
e cando non poidas máis...
Que carallo! ... Boja de Porro!*

*Teus collóns has de dar
sen mans has quedar
pero o que conta é a vontade
quita a coraxe unha e dúas veces máis
para que alguén poida dicir na última virada:
Agora se trata de quen teña máis peito...!
E unha vez chegados a meta, oír aquilo de:
Estes mozos non teñen peito, teñen collóns!!*

*E que isto te chegue a alma
porque entón, connosco sempre has estar
e nunca nos has de deixar*

Este himno parte dunha recompilación de frases célebres intercambiadas entre os compañeiros, sentimentos, comentarios da directiva e adestradores, xerga que era do máis habitual e, en fin, formas de facer da propia dinámica da vida do Vila.

A cea é, por outra parte, unha estupenda oportunidade para reunirse todos os remeiros en ocasión por e para eles, ademais de técnicos e adestradores. É un momento óptimo para rememorar vellos recordos, intercambiar vivencias do tempo pasado e o presente, a familia, o traballo, os plans de futuro etc. Sempre baixo a veladura do factor común que o destino lles ofreceu en sorte: o remo

Pola súa vez, organízase no Nadal unha regata entre os remeiros do Vila en activo e non activo na praia de Rodeira. Recorda un destes antigos remeiros, Jesús Iglesias *Sito*, como na primeira regata gañaron os non activos grazas a azares da natureza. Naquela ocasión saíron de Cabo Borneira -debido ao forte mar-, como sempre, de modo apoteósico. O temporal era dos que marcaban época pero ningún dos dous equipos quería dar o brazo a torcer. Ao cabo de pouco tempo, os activos marcaban o ritmo á cabeza, non obstante unha onda traizoeira de súpeto tragounos literalmente estragando a súa evidente vantaxe e outorgoulles a batalla os veteranos. E é que ao saber, lle chaman sorte. O risco que correron aquel día foi grande, non obstante a ocasión merecíao. Unha singular regata que aínda suscita comentarios.



Calquera oportunidade é boa para estes experimentados lobos de mar, con tal de rememorar os anos dourados do remo, tempos pasados de gloria e competitividade. E é que son moitos os recordos e as vivencias compartidas, enchidas de esforzo, compañeirismo, triunfos e grandes doses de sacrificio. Bo é que *onde tanto houbo, algo permanece*. A unión que os fixo ser un grupo de deportistas destacables no ámbito do remo, despois de anos vogando xuntos por océanos de mar, segue aínda a día de hoxe latente entre as numerosas persoas que tiveron a dita de pertencer ao grupo de remeiros do C. R. Vila de Cangas.

Oxalá retorne a oportunidade de facer novas marcas no dilatado palmarés do Vila, porque segundas partes tamén poden ser boas, rexenerando así o sangue dos que forman o colectivo dos Curumbayos.

Remeiros de lenda.

OITAVA TEMPADA 1993/1994

Os trámites para a concesión de terreo na zona portuaria de Cangas continúan o seu camiño. Trátase de seiscentos metros cadrados de recheo, que se empezan a tramitar segundo o consello do Señor Castelo Castro, enxeñeiro xefe de Portos de Pontevedra. Para tales xestións, preséntase, segundo requirimento oficial, un aval bancario polo dous por cento do valor da obra segundo os planos realizados polo arquitecto Antonio Labrador.

En canto aos remeiros, constátanse pequenos problemas físicos no seu estado, polo que se decide contar cos servizos do doutor Jorge Álvarez Clemente de forma mensual, para asegurar o seu bo estado de saúde, a cambio dunha minuta mensual de 20.000 pesetas.

En marzo comeza a **tempada de batel**:

As mozas empezan despuntando dende a primeira regata en Meira, tanto na categoría infantil/cadete como a xuvenil/sénior. Ao longo das diferentes bandeiras disputadas en Galicia, logran excelentes postos. Chegado o Campionato Galego disputado en Celeiro, as mozas máis novas do emblema do sol logran un segundo posto. As heroínas de tal proeza son: Sara Gestido, Rosa Fernández, Sheila Rodríguez, Sonia Casqueiro e Aroa Soage, como patroa. As súas compañeiras maiores logran tamén un segundo posto na disputa autonómica. Pouco máis dun mes despois, celébrase a confrontación nacional en Sestao (Biscaia), onde as rapazas infantil/cadete quedan nun terceiro posto, mentres que as xuvenil/sénior logran un cuarto lugar.

No que respecta aos rapaces, os que máis destacan son os sénior, logran sobre todo segundos postos nas regatas da tempada, mesmo posto obtido no Campionato Galego. No Campionato de España, o equipo de Samertolameu “varre” con catro títulos, e a comunidade galega queda nun espléndido lugar despois de obter dez medallas do total de dezaioito. O campo de regateo que vai cumprir diversas ceavogas



en función das categorías en liza, deixa os sénior do Vila nun sétimo posto, repartíndose os tres primeiros postos entre asturianos de Castropol e vascos de Orio e Donibane Koxtape. A tripulación Canguesa dos seniors está composta por Fernando Crego, Oscar Carracelas, Jesús M. Martínez, Jesús Iglesias e David Fandiño.

No que respecta a actuación das féminas neste campionato, a categoría infantil/cadete obtén unha merecida medalla de bronce. As mozas que forman esta tripulación son Sara Gestido, Rosa Fernández, Sonia Casqueiro, Sheila Rodríguez y Aroa Soage. Por outra banda, as súas compañeiras xuvenil/sénior quedan en un cuarto posto do torneo nacional. Son María Jesús e María José Bermúdez, Natalia Mera, Margarita Marchena y Aroa Soage.

Case cinco meses despois, o 25 de setembro do 94 celébrase a Copa Galicia de Bateis, no que as rapazas xuvenil/sénior logran alzarse co posto número un, como continuidade á estupenda tempada regateada, mentres que as infantil/cadete e os sénior masculinos alcanzan ambos os dous un meritorio terceiro posto.

A principios de maio comeza a **tempada de traíñeiriñas**. A segunda regata celebrada en Tirán é un auténtico despregamento de destreza das distintas tripulacións, vogando no medio dun mar con ventos de forza entre cinco e sete. Os resultados deportivos condiciónanse máis pola pericia dos patróns que polas aptitudes dos remeiros. No resto de regatas de traíñeiriñas, o Vila de Cangas obtén quintos, sextos e sétimos postos.

En xullo comeza a **temporada de traíñeiras** en Coruxo, onde os de Samertolameu dominan sobre as brancas áreas do Vao, con saída e chegada na ponte da illa de Toralla, quedando o equipo cangués nun nada desmerecido cuarto posto. Na seguinte regata en Cabo de Cruz, o mal tempo produce o afundimento de varias tripulacións. O resultado final queda condicionado polo inesperado vento e a forte ondada. A falta de previsión dalgúns equipos fai que non leven dique, abocándoos ao desastre dende o primeiro momento. O resultado final para o noso equipo é un moi sufrido sétimo posto.

Na prestixiosa Bandeira El Corte Inglés invítanse vinte traíñeiras, das cales, só as de Orio (vixente campión de España) e Castropol son foráneas de Galicia. A pesar da presenza vasca, o resultado final é case a crónica dunha vitoria anunciada, cos titáns do Samertolameu como feroces vencedores. Na devandita disputa, na que compiten os mellores no ámbito nacional, o noso equipo cangués queda nun doceavo posto.

Como anécdota de sucesos, hoxe recordo para a memoria, relatar o fatídico feito froito de casualidade e dunha decisión mal tomada entre o equipo do Vila de Cangas na dita regata, Bandeira El corte Inglés: un dos remeiros cangueses decátase de que un dos remos está danado. Trátase do remo de Manuel Lemos *Lolo*, remeiro de categoría xuvenil, feito ao que se lle resta relevancia e decídese saír ao mar, caladiños. Evidentemente o remo rompe, pero pasados os primeiros vinte segundos, que permiten parar a regata en caso de avaría. O equipo, ante tal rotura, deixa de remar



ipso facto, pensando que aínda están dentro do tempo regulamentario para parar a competición. E é aí o erro! que o tempo regulamentario xa voara e con el, a consecuente perda de posicións da Balea cara á clasificación final. Parece que ese día, máis que unha estrela sobre as cabezas dos nosos rapaces, houbera un negro nuboeiro.

Coa Bandeira Xunta de Galicia de Traiñeiras, están en xogo atractivos premios en metálico e un millón de pesetas para o campión, que o leva o equipo de Meira. O noso equipo do emblema do sol consegue aínda un décimo posto premiado con cen mil pesetas.

O nome dos remeiros que están na traiñeira canguesa no ano 94, son os seguintes: Sito, Fernando Crego *Mandingo*, Xaime, Suso *Salvaxe*, Oscar *Presi*, Mario Gil, Félix *O Gato*, Antonio *Cú de demonio*, Ramón *Moncho*, Roberto *Mac*, Miguel *Sito pequeno*, Josiño *peito de lobo*, e *Salvi*.

En **remo olímpico**, o club cangués continúa despuntando no panorama nacional. No Campionato de España de Remo Olímpico celebrado en augas do Lago Bañolas (Xirona), a modalidade dous sin xuvenil, representada polos baluartes do Vila, José Ignacio Casqueiro e Jesús Gestido, levan o prezado ouro, revalidando así o título que xa conseguisen estes mesmos remeiros en 1992 e 1993. O mesmo metal precioso logran os cangueses do dous con xuvenil, con Miguel A. Iglesias, Maximino Piñeiro e David Fandiño como patrón. En canto ás rapazas, en cadete feminino conseguen o ouro en dobre *Scull*, Sara Gestido e Rosa; mentres que o *skiff* sénior feminino queda nun sexto posto con María Jesús Bermúdez.

No mes de agosto de 1994 o Campionato do Mundo celébrase en Múnic, na pista olímpica de Feldmoching. Remeiros de elite concéntranse nunha final onde a selección española non consegue medalla, non obstante a satisfacción é brillante pola sensacional actuación do conxunto, con especial orgullo para o remo galego. Dous dos remeiros do Vila de Cangas, Jesús Gestido e José Ignacio Casqueiro logran un cuarto posto mundial na modalidade catro sen temoneiro, xunto a outros dous remeiros do Amposta, superados nas medallas por Alemaña, Francia e Canadá. Hai que resaltar que en 4 -, participan un número de 20 embarcacións.

Tamén se clasifican en quinta posición os remeiros do Vila, Maximino Piñeiro e Miguel A. Iglesias, en dous con temoneiro, cun patrón sevillano.

Estes resultados son aínda máis loables, se se ten en conta o feito de que ata a data que se estuda, son os Campionatos do Mundo onde máis países participan, cun número total de 62. España é o segundo país que máis equipos (7) consegue clasificar para as finais A, detrás de Alemaña, e diante de Francia, Italia, Gran Bretaña etc.

Ao final da tempada e co obxecto de ampliar a canteira do club con novos mozos deportistas, realízanse cursos de verán de remo. María Jesús Bermúdez (remeira en activo do Vila) e Gaspar Rivero (presidente da entidade deportiva) encárganse das devanditas tarefas.



NOVENA TEMPADA 1994/1995

O comezo desta tempada caracterízase pola independencia da sección de atletismo. A principal alegación para esta segregación é a diferenza de orzamento que se destina para remo e para atletismo. Ante tal decisión e dado o irrevogable do feito, dispónse unha secesión non traumática que non recaía en prexuízo dos deportistas, de forma que a independencia de atletismo se faga de xeito paulatino.

Por estes tempos, retoma o cargo de adestrador Hermelo –quen xa ostentara este posto, na traíñeira da pasada tempada–. Atesoura tamén experiencia como adestrador grazas aos anos pasados no Club de Remo de Bueu. Ao chegar a Cangas, Hermelo atópase coa carencia de medios que leva arrastrando o Vila dende os seus comezos. Imaxinación e vontade non faltan, fieis e continuas armas dos que están acostumados a lidar cos contratemplos que carrega a escaseza de medios. Definitivamente, o equipo está máis que afeito a apertar o cinto.

No deambular continuo das embarcacións e os deportistas dun local prestado para outro, sempre hai boas xentes que, de xeito desinteresado e co único afán de axudar e arrimar o ombro á causa, prestan as súas instalacións particulares para responder ás necesidades básicas do equipo. Neste caso, o nome propio do filántropo en cuestión é Manuel Portela, máis coñecido baixo o sobrenome de *Pilo*. O local que cede temporalmente sitúase nunha nave preto da zona portuaria. Aquí gárdanse os botes pequenos e, pola súa vez, serve de lugar de estarricamento dos remeiros ao rematar o adestramento diario.

En marzo comeza a **tempada de bateis**. A tripulación feminina de infantil/cadetes obteñen uns excelentes resultados ao longo de toda a tempada, o mesmo que a categoría xuvenil/sénior e chegan ao Campionato de Galicia, como absolutas favoritas. E non defraudan as nosas rapazas ámbalas dúas categorías, senón que saen pola porta grande con toda rotundidade, portando o triunfo do número un da nosa comunidade no campionato celebrado en Tirán, unha tarde fría e chuviosa dun aparente invernal 22 de abril. As remeiras Sara Gestido, Sheila Rodríguez, Sonia Casqueiro, Aroa Soage e M^a del Socorro, como patroa, forman a tripulación infantil/cadete. Por outra banda, M^a Jesús e M^a José Bermúdez, Natalia, Rosa Rocha e Aroa Soage pertencen a categoría xuvenil/sénior.

En canto á tripulación masculina, os cadetes do Vila desputan dende o primeiro momento, e logran un estupendo segundo posto na clasificación galega en augas de Tirán.

Pouco máis dunha semana despois, ten lugar o Campionato de España de Bateis, en augas da Coruña. Equipos procedentes de Euskadi, Cantabria, Asturias e Galicia toman parte no torneo, no que os galegos demostran sobradamente a súa hexemonía, e ocupan trece dos dezaioito chanzos dos podios en disputa. Como primeiro acto do torneo, organizadores e participantes solidarízanse cos traballadores do mar ante o momento de profunda crise que está a vivir este colectivo laboral. Reúnense bateis e álzanse os remos durante un minuto como sinal de adhesión á súa causa, o que mostra un toque emotivo longamente aplaudido polo público presente.



Os mozos do Vila demostran dende o minuto un que non están alí para perder o tempo e non deixan marxe de dúbida do seu poderío e bo facer no campo de regatas. A tripulación canguesa masculina de cadetes fai unha gran regata, pero un erro na segunda ceavoga relégalles uns metros, vantaxe que aproveitan os de Meira para levar o ouro na devandita categoría e quedar os nosos rapaces cun nada desmerecido segundo posto. Óscar Rebouzas, Ángel Paredes, Rodrigo Rodríguez, Manuel Boubeta e Rodrigo Viéitez forman esta tripulación.

En canto ás rapazas, coa forza que lles caracteriza e facendo honra á fama que as precede, impóñense con xustiza, gañan a categoría infantil/cadete o ouro e proclámanse as mellores do país, mentres que as xuvenil/sénior quedan co bronce, tras unha marabillosa tempada.

Ata a data, nove anos despois do seu nacemento, o Vila de Cangas forxouse un excepcional palmarés que non coincide coa precariedade de medios cos que conta. Os seus deportistas recolleron títulos en cantidade, tanto en banco fixo coma en remo olímpico, conseguindo proclamarse trece veces campión de España, catro subcampeonatos e bo número de medallas de bronce nas distintas modalidades e categorías, sen sumar no palmarés os resultados obtidos neste torneo nacional que agora nos ocupa²⁰.

En maio comeza a **tempada de traíñeirñas**. Entre as tripulacións que empezan a regatear nas diferentes bandeiras disputadas en Galicia, destaca no noso equipo a categoría de xuvenil masculina. No Campionato de Galicia celebrado no campo de regatas da localidade mariñeira de Cabo de Cruz, obteñen un moi meritorio terceiro posto que lles brinda a oportunidade de clasificarse para o Campionato de España. Torneo celebrado no porto de Avilés, no Principado de Asturias, onde logran un estupendo quinto posto, a falta de 13 centésimos que os privan de estar na quenda de honra da categoría Cabo de Cruz e Zarautz. quedan por diante na primeira quenda disputada. Entre os remeiros da traíñeirña canguesa están José Ignacio Casqueiro, Jesús Gestido, Maximino Piñeiro, Alberto (*Tirano*, tamén coñecido como *El Pelao*), Manuel Lemos *Lolo*, Fernando Malvido e *Nécora* de patrón. Este estupendo resultado cobra se cabe máis valor, se atendemos ao tipo de embarcación usada nesta ocasión. Pesada, vella e de poliéster. Nada que ver coas súas veloces competidoras de fibra de carbono, ás que para máis inri, a nosa traíñeirña canguesa lles saca corenta quilos por enriba do peso habitual. Corenta, aí é nada!

Sobra dicir que ante os feitos, as palabras restan inertes pero, quen pode quitarlle importancia á calidade deportiva destes remeiros! Flexibles ás circunstancias. Sen problemas aparentes para adaptarse ao medio. En suma, uns auténticos ases.

Entramos no mes de xullo. É tempo de **traíñeiras**: o primeiro clásico da tempada que se vai celebrar é o XIV Gran Premio Bandeira El Corte Inglés. Nunha edición deslucida pola néboa e a chuvia, os nosos rapaces do Vila quedan nun dezaseisavo posto. O protagonismo absoluto é para os de Meira e de Tirán, entre un total de vinte traíñeiras galegas.

²⁰ Extracto dun artigo publicado en *La Voz de Galicia*, por D. S., o 6 de maio de 1995





Balea 1995

Outro gran derbi é o Trofeo Teresa Herrera que, nesta ocasión, vive a súa décima edición. A proba disputada na baía de Orzán resulta durísima para as tripulación, polo mar embravecido e os fortes ventos. Os remeiros cangueses quedan nun doceavo posto.

Chegada a Bandeira Xunta de Galicia disputada en augas da coruñesa localidade de Boiro, 16 embarcacións toman parte nela, divididas en catro quendas. O campo de regatas levanta as primeiras discusións entre os representantes dos clubs, que obxectan o paralelismo das balizas. A Balea do Vila clasifícase o primeiro día para tomar parte nas quendas definitivas do domingo 13 de agosto, o cal arranca cun enfrontamento dos cangueses contra Perillo, Amegrove, Rianxo e Ares. Ao final logra un noveno posto, nun campionato onde non faltan os avatares e protestas debido a incongruencias e falta de rigor deportivo. Tal é o caso do vergonzoso episodio protagonizado polo adestrador do Club de Remo Cabo de Cruz, que descontento ante a actuación co seu equipo (descualificado polos xuíces) e actuando como o can do hortelán –que nin come, nin deixa comer o seu amo– ten a brillante idea de subir ao palco de honra, xusto antes do momento de proceder á entrega da Bandeira da Xunta de Galicia e collela descaradamente para o seu posterior encerro nas instalacións do seu club, ante a atónita mirada de deportistas e público, sobre todo dos remeiros de Tirán, que nese momento esperaban a súa entrega para poder festexar gañar o devandito campionato. Agre final que permanece para o recordo da memoria.

O nome dos remeiros que están na traíñeira canguesa no ano 95, son os seguintes: Sito, Cándido, Fernando Crego *Mandingo*, Xaime, Suso *Salvaxe*, Oscar *Presi*, David *Raposo*, Antonio *Cú de demonio*, Ramón *Moncho*, Roberto *Mac*, Dani, Miguel *Sito pequeno*, Josiño *peito de lobo*, Julio, Manolo Parada, Pastoriza, Miguel *Animal e Salvi*.



Toca agora falar de **remo olímpico**: o Vila de Cangas segue achegando unha excelente canteira ao banco móbil, como xa vén sendo habitual dende os últimos anos. Nunha embarcación onde todos os elementos portantes deben estar fixos ao seu corpo –salvo o carro onde vai sentado o remeiro–, o noso equipo destaca especialmente e conta con deportistas bolseiros no Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra dende o ano 1990.

Na tempada que nos ocupa, celébrase o Campionato de España de Remo Olímpico no río Guadalquivir, no lado do Centro de Alto Rendemento de La Cartuja (Sevilla). O remo galego logra grandes éxitos con once medallas. O torneo ábrese cunha dedicatoria ao acabado de falecer e vicepresidente de Federación Española de Remo, Paco Montes. Os do Vila de Cangas son os máis galardoados, soben ao podio con tres tripulacións e realizan unha grande actuación que queda do seguinte modo: medalla de ouro en dobre *Scull* con Maximino Piñeiro e Bernardo Maiz Bar; mesmo metal dourado en catro *Scull* xuvenil masculino, con José Ignacio Casqueiro, Jesús Gestido, Maximino Piñeiro e Bernardo Maiz *Tyson*. Conséguese ademais unha medalla de prata en dous Sin xuvenil masculino, con Jesús Gestido e José Ignacio Casqueiro.

Do 1 ao 6 de agosto celébrase en Poznan (Polonia), o Campionato do Mundo Juniors de Remo Olímpico. O catro Sin de España, que conta con José Ignacio Casqueiro e Maximino Piñeiro, logra a medalla de bronce, e proclámase os terceiros mellores do planeta na devandita modalidade.

Como anécdotas da historia, quédanos o sobrenome co que é coñecido popularmente o oito con español no devandito campionato. “*O oito dos eivados*“, será o apelativo dun bote repleto de remeiros que arrastran algunha que outra lesión. Tal é o caso de Jesús Gestido (remeiro do equipo do Vila), que xunto con outros remeiros de diversos clubs españois, logra un noveno posto.

Con todo e como dato moi a resaltar, en 1995 o Vila de Cangas é nomeado o mellor club galego de remo olímpico.

Valoración da segunda directiva, por parte de Gaspar Rivero e Manuel Romero:

Ao final só quedamos traballando o presidente, Gaspar Rivero e Manuel Romero. Só dúas persoas, pero moi orgullosos do traballo realizado. A nosa valoración deportiva é moi boa. Cremos que o equipo nunca tivo tantos éxitos como na nosa directiva. Se non fixemos máis, foi porque non nos deixaron. Estámolle moi agradecidos ao tenente Almagro, da ETEA (Escola de Transmisións da Armada Española), porque dous dos nosos remeiros se atopaban facendo o servizo militar alí e sempre que os necesitabamos para remar, permitía que viñesen ao club. Unha das cousas que máis destacamos, é a imaxinación e ganas de traballar que sempre tivemos a favor do club.







Traifeira 1996

1995-1999: terceira directiva

DÉCIMA TEMPADA 1995/1996

Comeza a terceira directiva para o noso club cun saldo a favor de case 30.000 pesetas. A situación económica non é mala, non así a situación vital. Así as cousas, o club ve perigar a súa vida futura ante a falta de candidaturas para o cambio da segunda á terceira dirección, unha vez cumpridos os catro anos de rigor do seu tempo de vixencia. Unha pena, pensan os remeiros veteranos do equipo do emblema do sol, por iso rapidamente ofrécense eles mesmos para formar parte da Xunta Directiva²¹. Xunta que se reúne nun local situado nunha vella casa de pedra situada no lado meridional da ex-colexiata de Cangas. Instalacións cedidas polo concello, onde ademais se gardan os premios e a documentación do club.

Así é como comeza o fin do primeiro decenio do Vila de Cangas, con perigosos inicios pero confiadas expectativas.

Como colofón a unha graduada e culminante excepcional carreira deportiva en remo olímpico, aos poucos meses do inicio deste novo terceiro período, o club recibe unha chamada telefónica do máis emocionante. Ao outro lado do teléfono, a voz de José Manuel Seijas Galán (presidente da Federación Galega de Remo naquel momento) comunícalles que foron elixidos como o mellor club de remo de Galiza de banco móbil. Tan poucas palabras pero tan significativas achegan ao Vila de Cangas un pulo considerable, en forma de subvencións económicas. Rapidamente búscase un práctico obxectivo onde investir o diñeiro recibido, sendo a compra dunha traíñeira nova, a mellor das opcións. A anterior traíñeira, a Fontán, con sete anos de antigüidade, quedara obsoleta por uso e por materiais. A madeira xa non é competente nun mundo de fibra de carbono.

A vila de Cangas de Morrazo pon o seu gran de area no peso económico que supón o desembolso de tres millóns de pesetas para a nova Balea, así como para a adquisición dunha nova palamenta de carbono Amilibia para o devandito bote. A compra de fotografías enmarcadas como estandarte de “entidade colaboradora co Vila de Cangas”, colga de numerosas paredes de negocios pola vila, para rexouba do club que vai aumentado o capital destinado a esa compra. A cantidade necesaria complétase cunha doazón feita pola empresa Frigoríficos do Morrazo. No ano 1996, a nova traíñeira marca Pedro Cuesta voga sobre as ondas do mar de Cangas.

A relación de filantropía de Frigoríficos do Morrazo cara ao Vila, só se pode explicar baixo o prisma da gratitude, pola axuda recibida ao longo dos anos. A achega dun millón de pesetas anuais da empresa ao noso equipo soporta os alicerces económicos da entidade deportiva.

Noutra orde de cousas que supoñen a vida cotiá do club, comeza como sempre en marzo a **tempada de batel**. Non deixa de repetirse un problema que non carrega máis que desgustos para o mundo do remo. O núcleo da disxuntiva é o procedemento de pesar as embarcacións que , polos seus métodos ancorados na idade de pedra,

²¹ Ver apéndice documental nº 13



método menos claro. É unha constante nas regatas disputadas en Galicia esta tempada, que leva consigo unha excesiva duración das probas e que se alonga ata as tres horas e fai dun deporte ameno e moi rítmico, un episodio moi aburrido que cansa ata ao máis afeccionado.

Ademais, e como novidade, algunhas tripulacións setentrionais retoman o costume de utilizar a pica nas ceavoga, unha técnica que aínda que permitida, caera no desuso do hábito. Outro punto moi a ter en conta nos bateis do 96, son as probas femininas que resultan especialmente disputadas debido á rivalidade das tripulacións, o que axuda a sacar a maior forza das damas galegas. No Campionato Galego de Bateis, a nota máis destacada é a igualdade existente entre as tripulacións do norte e do sur. Do Vila de Cangas son as mulleres da categoría xuvenil/sénior as que mellores resultados obteñen, e levan á casa un merecido segundo posto, só por detrás das potentes de Samertolameu.

Cando chega o Campionato de España, as grises e industriais augas de Avilés son testemuña do estupendo momento que vive o remo galego, cuxas popas dos barcos son vistas con máis frecuencia da desexada polos botes do cantábrico. O xurado, conformado por integrantes das autonomías participantes, conta como representes galegos con Emilio Artamendi, Ramón Rodríguez e Ricardo del Río. Outra vez son as mulleres, as representantes do noso equipo que maiores logros obteñen, cun ben merecido terceiro posto tanto en infantil/cadete como xuvenil/sénior. A tripulación das remeiras pequenas está formada polas seguintes rapazas: Sara Gestido, Rosa, Alicia, Aroa Soage e M^a del Socorro como patroa. As mozas maiores son: María Jesús e María José Bermúdez, Sheila, Alicia e M^a del Socorro de patroa.

Os adestradores en curso para as datas en que nos atopamos son Cándido Bernárdez Cabanelas, como titular, e Jorge Castro Piris, como técnico.

A finais de abril comeza o segundo acto da escena da tempada coas **traíñeiriñas**. O que tería que ser un inicio ameno e áxil, coa proba da modalidade de contra o reloxo celebrada en Teis e Tirán, remata como un absoluto fracaso por unha serie de malinterpretacións que estragan o bo gusto deportivo.

Despois deste desafortunado prefacio, abre o calendario de probas tradicionais a regata organizada polo Club de Remo Vila de Cangas. E a estrea na propia casa non podía ser mellor para os xuvenís masculinos do emblema do sol, que empezan a despuntar e demostrar o seu poderío e quedan entre os tres mellores. Terceiro posto que será unha constante nesta tempada para os citados xuvenís. Tripulación formada por: Alberto Lagoa, Óscar Rebouzas, Anxo Paredes *Geli*, Rodrigo Rodríguez, Manuel Boubeta *Mangüi*, Fernando Lanzós e David Freire; baixo a atenta mirada do seu adestrador, Cándido Bernárdez. A súa carreira polo podio a través das augas da nosa comunidade, lévaos a clasificar a negra traíñeiriña de Frigoríficos do Morrazo para o Campionato Galego. Torneo celebrado en augas de Meira, onde na categoría xuvenil masculina se xoga o dereito a participar no Campionato de España, o equipo gañador da proba autonómica e os dous mellores tempos que lle sucedan. Clasifican tres



equipos, xa que Galicia ostenta o título nacional da categoría, entre os que atopan os nosos rapaces. A xente do Vila festéxao longamente, xa que hai tempo que a traíñeiriña non logra tan estupendos resultados.

O primeiro fin de semana de xuño do 96, a Costal canguesa pasea o prestixio do Club por augas de Castro Urdiales, no Campionato de España de Traíñeiriñas. A nova regulamentación que rexe esta competición xógalle unha mala pasada ao noso equipo, pois ao tratarse dun campo trazado en forma diagonal, as embarcacións deben conservar a súa rúa ata o final do último longo para evitar invasións ou cortes na traxectoria dos botes. O despiste sumado a este cambio de rutina na carreira para regatear, leva á traíñeira canguesa a entrar en meta deixando a boia a estribor, pola banda equivocada. A alegría pronto se converte en choro, nunha ocasión recordada durante tempo, máis pola pena que pola gloria.


Así as cousas todo está a punto para o inicio da categoría raíña. É tempo de *traíñeiras*. Na prensa do momento e sen deixar torre en pé, José Manuel Seijas –presidente da Federación Galega de Remo–, arremete contra as institucións, debido ao escaso apoio recibido nesta modalidade deportiva. Así as cousas comeza o primeiro gran premio da tempada, a Bandeira El Corte Inglés. Están en xogo algo máis de dous millóns de pesetas en premios. O trofeo nesta ocasión lévao Tirán, mentres que os rapaces do Vila quedan nun noveno posto, premiado con 75.000 pesetas.

A pesar de que este ano se debía celebrar o Campionato de España de Traíñeiras en Ondárroa, cuestións políticas entran en xogo, ou mellor dito, cuestións radicais, pois ETA fai acto de presenza e négase a celebrar en terras vascas, un torneo español. Ante as ameazas baixo ultimato de represalias, a Federación Española de Remo decide cambiar o lugar de celebración á vila cántabra de Castro Urdiales. Galicia, con Tirán á cabeza, sae a escena co melloriño do banco fixo, gañando o certame nacional e traendo para as vitrinas do Club de Remo de Tirán un trofeo que non entraba en Galicia dende 1961. Todo un feito histórico para a algarabía da afección galega.

O nome dos remeiros que están na traíñeira canguesa no ano 96, son os seguintes: Sito, Manolo *Turbina*, Fernando Crego *Mandingo*, Xaime, Suso *Salvaxe*, Mario Gil, Antonio *Cú de demonio*, Roberto *Mac*, Josiño *peito de lobo*, Manolo Parada, Oscar *Peri*, Juan *Julandras*, Fernando *Julandras*, Ángel *Julandras*, Suso *Carnisero*.

Toca agora falar de *remo olímpico*. O torneo nacional por clubs celébrase nas catalás augas de Bañolas. Vinte e tres equipos galegos toman parte, entre os que se distingue, como vén sendo habitual os últimos anos, o C. R. Vila de Cangas, que vai sumar unha nova medalla de ouro no seu nutrido palmarés. A modalidade é o dous con xuvenil masculino, que regresa triunfante á casa despois de deixar un gran treito de auga cos seus competidores. Os artífices do éxito son Rodrigo Rodríguez, Sergio Fernández *Buli* e Rodrigo Viéitez.





Varadas no baleeiro

UNDÉCIMA TEMPADA 1996/1997

O local que centraliza o equipo do Vila, usado como almacén de botes, vestiarios e por que non dicilo, centro social, é o vello baleeiro Massó, empresa que tanto traballo lle deu á nosa vila mariñeira, situada cerca de punta Borneira.

Para estes tempos e respecto aos adestradores, Cándido Bernárdez e Valente Campos, encárganse de preparar o equipo nas cuestións do remo, tanto físicas como técnicas. Dende os comezos da vida do club, para os remeiros noveis, que acaban de tomar contacto co banco fixo, a dinámica pedagóxica cínguese á terra. Sobre uns cantos pneumáticos vellos, colócase un batel vello no que o aprendiz de remeiro se instrúe no modo axeitado de sentar, padear, colocar un estrobo ou saber distinguir as diferentes partes do bote. Tras a didáctica lección en secaño e como *para coller peixes hai que mollar o cu*, o neófito intérnase por primeira vez na auga seguido moi de preto polo seu adestrador, quen intenta fixar na memoria do novato a técnica e movemento axeitado. Hai quen di que o 90% do deporte é 50% mental, haberá que darlle tempo ao principiante para ver se aguanta o tirón da presión do deporte. Comeza a criba da selección natural.

Mentres uns dan os seus primeiros pasos no mundo do remo, os veteranos empezan a **tempada de batel**. É tempo de demostrar as horas de sacrificio no adestramento coa primeira regata no Territorial Sur de e ten lugar en augas de Cangas do Morrazo. Os prolegómenos da futura competencia déixanse entrever, sobre todo con Meira e Amegrove no que respecta a rapaces. Serán os eternos rivais do Vila do momento, sobre todo falando de infantís. O tempo de bateis desenvolve unha excelente actuación dos infantís masculinos cangueses que quedan primeiros no Campionato de Galicia e terceiros no torneo nacional. A tripulación está composta por Tomás Cochón, Rafael Franco, Antonio Giráldez, Mario Lagoa e Paio de patrón;



tamén no ámbito autonómico os xuvenís masculinos realizan unha boa actuación, logran un segundo posto, que se converte nun terceiro no Campionato de España. O equipo está formado por Óscar Rebouzas *Peri*, Anxo Paredes *Geli*, Juan Soliño, Manuel Boubeta *Mangüi* e Juan Bernárdez como patrón.



Campionato de España de Bateis PRATA Xuv/Sen Feminino Castro Urdiales 1997
(M^a Jesus y M^a José Bermúdez, Sheila, Alicia e M^a del Socorro)

No que respecta ás rapazas, destacan as xuvenís/sénior que obteñen un terceiro posto no torneo galego e un segundo no nacional. A tripulación está composta por Sheila, María Jesús e María José Bermúdez, Alicia e Aroa Soage como patroa.

Nesta tempada, os bateis galegos arrasan no Campionato de España celebrado en Castro Urdiales, e superan todos os prognósticos, mesmo os dos máis optimistas. É unha ascensión vertical do máis pronunciada para o remo da nosa comunidade, que consegue no devandito torneo nacional, catorce das dezaioito medallas posibles (seis de cada metal). O temporal de chuvia non desmerece a festa galega que ten lugar a posteriori na cántabra Castro Urdiales, histórica xesta que non pasa desapercibida para asturianos, cántabros e vascos. Seis medallas de ouro, sobre seis posibles e catro de prata e catro de bronce para Galicia, poden facer tremar ao máis valente dos equipos rivais. Na prensa do momento e rota a hexemonía vasca, Galicia aparece como relevo aos de Euskadi.

Comeza a **tempada de triñeirñas**. Entre as tripulacións que empezan a regatear nas diferentes bandeiras disputadas en Galicia, destaca no noso equipo a categoría de xuvenil masculina. Aínda que no Campionato de Galicia celebrado no campo de regatas de Tirán, finalmente obteñen un cuarto posto. Mestres os sénior clasifícanse no quinto posto.



En *traíñeiras*, o noso equipo cangués conta cun número de tripulación moi axustado esta tempada, o que o leva a formular fusionarse co equipo de Coruxo, os cales tamén contan con poucos remeiros. Ao final cada club consegue sacar a traíñeira e para sorpresa de propios e estraños, o Vila mellora respecto a tempada anterior.

O nome dos remeiros que están na traíñeira canguesa este ano, son os seguintes: Suso *Loqueiras*, Manuel Lemos Rodríguez *Lolo*, Jesús Gestido Coya, Manuel Boubeta *Mangüi*, Roberto Docío *Mac*, Fernando Crego *Mandingo*, Óscar Rebouzas *Peri*, Juan Lanzós, Mario Gil, Fernando Lanzos, Antonio Parceró, Oscar Carracelas, Jorge *Arxentino*, Agustín García, Alberto Lagoa, como patrón, e Cándido Bernárdez como adestrador e remeiro.

No ano 1997 non hai rival que se achegue sequera á traíñeira da S. D. Tirán, dando carpetazo definitivo á tempada galega

Nestes momentos o Vila de Cangas é un dos clubs galegos que ten máis equipos vogando, en concreto catorce. O adestramento habitual da case cincuenta de remeiros que conforman o equipo faise todos os días, salvo o mércores, xornada de descanso. O pavillón do Gatañal é o escenario da ximnasia continua, cos seus dous ergómetros vellos que serven de pseudo remo en secaño, ademais dos pesos para fortalecer brazos e pernas. O adestramento complétase con carreiras de fondo polos montes da vila de Cangas así como incursións pola veciña Moaña, ata a porta do almacén. Unha hora e media de galopada suando a camiseta. Outra ruta alternativa que realizan os xuvenís do Vila, sae do Gatañal, pasando por Serra Poñente, Cruz de Castro, Madalena, Parada, Espírito Santo e remata outra vez no Gatañal.

Hai que ter en conta que o traballo de inverno recóllese no verán e o remo é un deporte que non se pode realizar sen esixencia máxima. Os adestradores para estas datas son Valente Campos González e Cándido Bernárdez Cabanelas.

En canto ao *remo olímpico*, un dos rapaces do Vila, Rodrigo Rodríguez participa nos Campionatos do Mundo celebrados en Bélxica, como xuvenil. Toma parte no 8 +, onde obtén un sétimo posto.

Remata a tempada 96/97 cun saldo a favor do equipo de 644.144 pesetas.

DÉCIMO SEGUNDA TEMPADA 1997/1998

Comeza este período co litixio sobre da futura nave náutico-deportiva para o noso equipo. O Vila solicita a concesión de terreo de recheo no porto de Cangas á Xunta de Galicia. Solicitud que sería avalada economicamente polas empresas Gasdoxa e Frigoríficos do Morrazo. A devandita solicitude denégase para desilusión da terceira directiva, encargada das xestións.

Por consello de José Enrique Sotelo, decídese cambiar de estratexia e pedirlle a Portos de Galicia a súa construción e pasa a ser da súa propiedade. A nova solución convence máis á administración e co beneplácito do conselleiro encargado de Portos,



os planos do preproxecto da tan ansiada nave chegan en dous meses ao club. Preproxecto que apenas sofre variacións na súa planimetría e concepción.

Unha nova adquisición pasa a formar parte do club. Trátase dun novo batel híbrido, de fibra de carbono por fóra e poliéster por dentro, construído por Modesto Costas, persoa ligada ao club de Remo Mecos, que ata agora se dedicara á construción de remos de madeira e con esta embarcación introdúcese na construción de bateis de materiais compostos. É o Fortiño VIII, coñecido popularmente como *o batel de Mecos* e máis tarde como *o Cabo de Peñas*, por levar uns adhesivos desta conserveira á que se lle aluga por un tempo, para unha campaña publicitaria.

Tempada de bateis: os bateis galegos ostentan neste momento todos os títulos de campións de España nesta modalidade e nas distintas categorías. A primeira xornada desta tempada arranca o 3 de marzo do 98 en Porto Meloxo, O Grove. Regata moi concorrida con dez clubs e 48 equipos, na que o Vila *de Cangas* ten dúas vitorias absolutas (infantil e feminino xuvenil/sénior) destacando como gran protagonista desta primeira rivalidade. Ao dosificar as forzas, o Vila é capaz de manter o ritmo e chegar ao Campionato Territorial Sur con moi boas expectativas.

Con case imposibles condicións atmosféricas na baía de Meira (Moaña), o Vila clasifica moi ben cinco equipos e consegue praza para o rexional. O Campionato Galego celebrado en augas da coruñesa Esteiro (Muros), no medio dunha infernal meteoroloxía de frío, vento e chuvia, o C. R. de Muros dá a gran sorpresa proclamándose soberano campión na máxima categoría. Nesta ocasión, tamén os cangueses fan moi bo papel logrando un primeiro posto en feminino xuvenil/sénior e infantil masculino e un terceiro posto en cadetes masculinos; desbancan as



Campionato de España de Bateis OURO Xuv/Sen Feminino Castro Urdiales 1998
(M^a Jesús e M^a José Bermúdez, Sheila, Alicia e Aroa. Suplentes: Rosa e Patricia)



tripulacións moañesas e proxéctanse directamente ao Campionato de España con tres tripulacións clasificadas para competir. O torneo nacional celébrase en augas de Castro Urdiales outra vez, debido á baixa da Federación Vasca para a súa organización, por ameazas sufridas de grupos políticos radicais, como xa sucedera na tempada anterior. Outra vez os bateis galegos son os protagonistas, xa que conseguen catro dos seis títulos disputados que se reparten entre os clubs de Vila de Cangas, Robaleira, Amegrove e Perillo. Do noso equipo cangués, son as rapazas xuvenil/sénior as que levan o prezado metal dourado. A tripulación de rapazas está formada por María Jesús e María José Bermúdez, Sheila, Alicia e Aroa Soage, como patroa.

A dotación de infantís masculinos que chegan ao nacional despois dunha estupenda tempada teñen un pequeno traspé por culpa da meninxite, enfermidade que afecta un dos seus remeiros, Víctor *Marinakis*, o cal rema na primeira xornada con febre. O malestar da doenza pode con Víctor a segunda xornada e ten que abandonar o campionato, polo que se fai cargo do seu posto o seu substituto, Diego Nogueira. O cambio na tripulación afecta no discorrer do ritmo do batel cangués e a pesar de que o torneo galego o gañaran con vinte segundos de diferenza respecto ao segundo, no nacional, a baixa de *Marinakis* inflúe no resultado final e o bote queda nun quinto posto. Jesús Iván Fernández, Rafa Franco, Diego Camaño e Isolino de patrón conforman o resto desta tripulación de infantís.

Na tempada de *traíñeiriñas* destaca especialmente o noso equipo no Campionato Territorial Sur, celebrado en augas de Meira en maio do 98, onde os nosos rapaces da categoría sénior obteñen un quinto posto, o mellor da tempada.

Comeza o tempo de *traíñeiras*. Na embarcación reina do remo en banco fixo, a bisbarra do Morrazo garda nas súas entrañas a un dos mellores clubs desta tempada. Os moañeses de Tirán. Os nosos remeiros do emblema do sol, conseguen un onceavo posto no Trofeo Teresa Herrera e queda en oitavo lugar na Bandeira Xunta de Galicia.

Os nomes dos remeiros que este ano participan na traíñeira canguesa son os seguintes: Suso *Loqueiras*, Manuel Lemos, Jesús Gestido Coya, Manuel Boubeta *Mangüi*, Fernando Crego *Mandingo*, Juan Lanzós, Mario Gil, Fernando Lanzós, Antonio Parceros, Agustín García, Óscar Carracelas, Jorge *Arxentino*, Isaac, Santi *Lolo*, Andrés Romero, Rodrigo *Masu*, Vicente Parceros, *Nécora*, Alberto Lagoa, como patrón, e Cándido Bernárdez como adestrador e remeiro.

Para a asistencia ás distintas regatas e o traslado dos botes usábase dende había uns anos un vello coche Peugeot 505, que xa fora comprado de segunda man. Logo de rematar a súa vida útil, adquirese tamén reutilizado, un Mercedes Benz 300 por 500.000 pesetas no Taller Santa Ana de Pontecaldelas.

Ao rematar as regatas sen faltar unha ocasión, os directivos e colaboradores do club, conscientes do grande esforzo realizado polos remeiros, reparten bocadillos para calmar a fame e repoñer as enerxías do conxunto do equipo. Bocatas que se reciben como maná do ceo entre os nosos novos remeiros. Supermercados Concha, de Coiro, é o encargado de subministrar o devandito refrixerio.



A asistencia dos socios ás asembleas fraquea con bastante frecuencia, polo que se decide suspender as ceas de final de ano. Este feito axuda a socavar a conciencia social da necesidade de unidade entre os membros do club, algo tan necesario en calquera entidade que se prece.

Valoración da experiencia deportiva, por parte do remeiro, José Ignacio Casqueiro:

Ter unha carreira deportiva durante a xuventude ten a súa parte positiva e a súa parte negativa. A parte positiva son os logros e méritos conseguidos, a formación e a educación son diferentes a un rapaz normal. Adquires moita disciplina así como as formas da corrección no trato. A parte negativa é que perdes moita vida de xuventude e se non tes un pouco de sorte, en remo podes rematar moi mal, mesmo lesionado de por vida, como lle pasou a moitos compañeiros.

Valoración da terceira directiva por parte do seu presidente, Óscar Carracelas:

A directiva estaba formada case exclusivamente por remeiros veteranos en activo. Collemos o club nunha situación moi delicada e aguantouse, tamén se seguiu con proxectos da directiva anterior. A única espiña que tivemos foi a das instalacións, porque non se chegou a ver a obra empezada, só había planos. Entre os moitos agradecementos e persoas que nos axudaron hai que destacar a César Iglesias de Frigoríficos do Morrazo, foi unha persoa clave, moi próxima connosco, moi ben, para min un dez. No concello, agradecerlle moi especialmente a José Enrique Sotelo que nos axudou moito coas xestións da nave náutico-deportiva, vindo connosco a Santiago. Ademais tivemos a desgraza de sufrir a morte dalgúns dos nosos membros directivos e remeiros. Na memoria queda o recordo destas grandes persoas que tanto achegaron ao club. É o caso de Roberto Docío Molanes, vicepresidente desta terceira directiva, que falece facendo escalada e Alberto Carracelas, o meu irmán.





Balea 2001

1999-2002: cuarta directiva

DÉCIMO TERCEIRA TEMPADA 1998/1999

Prodúcese un cambio de directiva a pesar de que non se cumpren as catro tempadas da terceira xerencia xa que esta, no seu día, condiciona a súa vida útil á aparición de novos voluntarios que se queiran facer coas rendas do club. Estas novas candidaturas conforman a cuarta directiva²², presidida por José Antonio Álvarez Carrera. Comeza o novo período cun saldo a favor de 37.261 pesetas.

En canto aos adestradores, seguen os mesmos dende o ano 97, Valente Campos e Cándido Bernárdez, o primeiro encargado, polo xeral, das idades máis temperás e o segundo das categorías maiores. A mellora de materiais como constante nos botes dos diferentes equipos competidores, leva á compra por parte do noso equipo dun novo batel de carbono construído nos estaleiros PCG de Lugo. Será coñecido popularmente como o *Pecegé*.

No que respecta a tripulacións, como é habitual, conséguense formar dous botes por categoría, cunha boa canteira destacada, onde destacan os novos cadetes que xa nos seus tempos de infantís recolleran unha boa colleita de premios. Nove cadetes en concreto, que dan mostras dunha gran calidade deportiva, ambición e compromiso, destacan algúns dos seguintes nomes: Tomás Cochón, Julio Iglesias, Antonio Giráldez, Jesús Iván Fernández *Patxi* e Isolino. En recompensa ao seu gran traballo e esforzo, dáselles a oportunidade de formar un 8 +, para competir no Campionato de España de remo olímpico de Mequinenza (Zaragoza). Este feito suscita diversidade de opinións no Vila de Cangas e leva á dimisión dos seus dous adestradores ao final da tempada e á baixa dalgúns dos rapaces das categorías inferiores o que socavan a canteira do equipo. Unha pena, pois a canteira era algo que definía ao club, tal e como recollen as palabras de Cándido Bernárdez, na prensa do momento: «*O noso potencial está na canteira e en bateis e en traíñeiriñas, xa que estamos limitados por falta de instalacións e non pode haber estabilidade nos equipos sénior*²³ ».

As condicións no vello baleeiro Massó onde se botan os botes ao mar son moi malas debido ao estado ruinoso das instalacións, de maneira que a rampla só pode ser usada con preamar. Esta falta de instalacións propias, coa conseguinte falta de duchas para os deportistas, non deixa de ensombrecer a soleira do club, feito que inflúe para que moitos pais pensen dúas veces permitirlles aos seus fillos ingresar nas filas do Vila. Con respecto á sempre polémica cuestión do local propio para o equipo e despois de conseguirse a súa intención de construción por parte de Portos de Galicia na anterior tempada, procédesese, nas datas nas que nos atopamos, á elección do lugar para a situación da nave náutico-deportiva. Cuestión que o concello non remata de resolver para desespero da directiva do club, que ameaza con tomar cartas no asunto e meterlle presión ata o punto de comparecer en fronte da casa consistorial con traíñeiras e bateis e realizar alí mesmo o adestramento.

²² Ver apéndice documental nº 14

²³ Artigo publicado en *Faro de Vigo*, o 5 de marzo de 1999, p.56, por M. Núñez.



Tempada de batel: os amarelos do Vila son moi regulares nas diferentes bandeiras nas que participan; son protagonistas en moitas delas e suman trofeos para as súas vitrinas. A medida que avanza a tempada, os equipos pugnan por estar nos postos de elite e as sorpresas son cada vez menos frecuentes. As nosas rapazas xuvenil/sénior permanecen invictas durante numerosas lizas. Os infantís e os cadetes masculinos ensinánlles as súas popas aos contrincantes en máis ocasións das que estes quixesen.

O Vila de Cangas clasifica cinco equipos dos seis posibles para o Campionato Galego. Torneo rexional celebrado a mediados do mes de abril do 99 en augas de Meira, que clasifica os cadetes masculinos para a competición nacional, ao quedar nun terceiro posto. Os outros catro equipos cangueses, a pesar de lograr cuartos e quintos postos, non conseguen os primeiros para presentarse ao estatal, o que supón unha gran decepción para o conxunto amarelo. A contradición xorde polo feito de ser os principais favoritos dunha tempada excepcional, na que dominaron totalmente. A explicación para este feito contradictorio ten que ver fundamentalmente con dous aspectos:

Primeiramente, na competición das rapazas infantil/cadete, a pesar de ter moitas opcións de clasificación, na regata final do domingo collen a súa boia por estribor, e quedan automaticamente descolgadas da loita polas prazas para o nacional (entran catro tripulacións e elas quedan quintas). Este feito provoca que florezan os nervios nos demais integrantes do club con pouca experiencia, o que motiva regatas pésimas, sobre todo dos infantís, que son unha tripulación de loitar polo campionato galego, pero que ao final só poden obter un cuarto posto. Os cadetes, remeiros moito máis rodados, cumpren co seu papel e logran o obxectivo de clasificarse para o nacional.

O outro suceso que condiciona os resultados do noso equipo no Campionato Galego, ten lugar dous días antes da devandita competición, prexudicando ao batel sénior. Ao parecer e por incompatibilidade de horarios, estes remeiros maiores xúntanse para adestrar xa avanzada a noite. A falta de luz natural xunto cunha marea moi baixa propicia que un destes remeiros, Fernando Crego *Mandingo*, faga un importante corte cuns dos raís da vella factoría baleeira Massó, por onde saen co bote ao remate de cada adestramento. Fernando non conta cun remeiro de recambio que o poida substituír no torneo galego e preséntase igualmente á devandita competición. Non obstante, os máis de vinte puntos de sutura nunha das súas pernas non aguantan a presión da final do campionato e o batel resente a debilidade dun dos seus remeiros, e queda ao final nun cuarto posto, a só dous segundos do subcampión galego e sen opcións de presentarse ao torneo nacional.

O Campionato de España de bateis celébrase en augas da Coruña, con dezanove equipos galegos clasificados. Os tres equipos galegos na final de cadetes, Samertolameu, Amegrove e Vila de Cangas, fanse os donos da regata e entre eles dispútanse o cromatismo dos metais, porque a Castropol e a Castro Urdiales non lles ven nin a popa. Tras a loita, os remeiros do Vila conseguen o terceiro posto e con iso, o bronce nos seus colos. Tripulación formada por: Tomás Cochón, Julio Iglesias, Antonio Giráldez, Jesús Iván Fernández e Isolino de patrón



En maio comeza a **tempada de traiñeiriñas**: os equipos aínda non se ven con rodaxe abonda nesta modalidade e as primeiras regatas teñen escasa participación. A medida que a tempada avanza, os equipos van collendo ritmo e comezan a destacar, Amegrove, Mecos, Tirán e Samertolameu. Do Vila de Cangas, son os xuvenís os que mellores tempos obteñen, de forma que para o Campionato Galego conseguen un nada desprezable quinto posto.

Tempada de traiñas: a estación de inverno para o noso equipo cangués comeza con moi boas expectativas, debido ao grande número de remeiros sénior e á súa gran calidade como deportistas. Non obstante, as ilusións no equipo desínchase e prodúcese baixas nas filas que poñen na corda frouxa a Balea canguesa. En xuño, comezan a rodarse as tres millas náuticas de percorrido (5.556 metros) da tempada oficial.

O feito máis aciago para o noso equipo prodúcese na Bandeira do Concello de Pontevedra, onde debido a un fallo nunha virada, o bote vaise contra as pedras. Todo queda nun susto que non vai máis lonxe, o que posibilita que a traiñeira poida seguir competindo.

Pero, sen dúbida, a decepción maior é o falecemento do mozo Alberto Carracelas, remeiro que comeza no club sendo un neno pequeno. Unha longa enfermidade sega a vida de Alberto, rapaz recordado hoxe en día con cariño e morriña polos seus compañeiros e o seu irmán.

Os nomes dos remeiros que este ano participan en son os seguintes: Manuel Lemos Rodríguez *Lolo*, Jesús Gestido Coya, Manuel Boubeta *Mangüi*, Mario Gil, Antonio Parceró, Agustín García, Santi *Lolo*, Andrés Romero, Rodrigo *Masu*, Roberto Docío *Mac*, Sergio Ventosinos *Pempo*, Rubén Cerqueira, Roberto García, Mario Lagoa *Pillao*, Jaime Gil -como patrón- e por último Javi e David -cedidos por Amegrove-. Cándido Bernárdez exerce de adestrador da traiñeira.

Esta tempada, os equipos de Perillo e Amegrove non deixan opcións aos seus rivais, e proclamouse como os grandes campións de Galicia.

No que respecta a remo **olímpico**, dúas tripulacións toman parte no Campionato de España de Mequinenza (Zaragoza). Por unha banda, na modalidade de 2x, Rodrigo Rodríguez e Víctor Martínez como infantís, obteñen un quinto posto; Tamén participan con un 8+ os cadetes, con Tomás Cochón, Julio Iglesias, Antonio Giráldez, Jesús Ibán Fernández, Mario Lagoa, Abraham Ruibal, Salvador da Silva, Rafael Franco e Rafa como representantes.

DÉCIMO CUARTA TEMPADA 1999/2000

As axudas económicas que recibe o club son unha perfecta balsa para poder acometer os proxectos de cada tempada. Entre as devanditas axudas, destaca o 1.200.000 pesetas achegado por Frigoríficos do Morrazo, ou as cantidades doadas polas empresas Nodosa, Mariña Atlántica, Grúas La Vendimia e entidades como o Concello de Cangas e a Deputación de Pontevedra.



Grazas en parte ás devanditas achegas económicas, se compra a primeira traíñeira de carbono do club. Unha PCG que será a terceira do noso equipo. Este bote coñécese popularmente como a *Blandiblu*, ao estar pintado o interior de azul e debido á súa extrema brandura interna de pouca resistencia, un defecto de fábrica causado pola laminación do casco con todas as súas capas de fibra na mesma dirección.

Os preparadores físicos para o tempo en que nos atopamos son Moncho que se encarga dos cadetes masculinos e Pablo Paz Collazo que leva o resto de categorías.

Tempada de batel: as embarcacións do sur son as grandes dominadoras no ámbito galego. De maneira que para o Campionato Galego celebrado en augas da Coruña, os clubs da zona sur clasifican catorce equipos para o nacional, por dous soamente da norte. Este dominio ten o seu máximo reflexo na categoría sénior, onde Mecos e Amegrove non atopan rival. En cambio, unha mala virada por estribor do Vila de Cangas na última boia, permítelle a Perillo meterse no podio, e os cangueses non logran a clasificación para o Campionato de España. A final rexional das rapazas maiores tampouco ten desperdicio, cunha bonita regata con vitoria de Chapela. As rapazas do Vila acadan un segundo posto autonómico, clasificándose para o torneo nacional. Campionato de España celebrado en terras asturianas do encoro de Trasona (Avilés), onde as rapazas maiores do noso equipo demostran o seu poderío e logran un segundo posto. Tripulación formada por: María Jesús e María José Bermúdez, Teresa, Sheila e Noelia como patroa.



Campionato de España de Bateis PRATA Xuv/Sen Feminino Trasona 2000
(M^a Jesús e M^o José Bermúdez, Teresa, Sheila e Noelia Martínez)



Tempada de traíñeira: o equipo cangués parte como un dos favoritos no Territorial Sur para clasificarse para o Campionato de Galicia, non obstante a quiniela non se cumpre ao conseguir o equipo de Cesantes a praza do Vila de Cangas. Non sempre os vaticinios acertan. Calquera pequeno erro pode estragar unha tempada regular e óptima, como lles sucede nesta ocasión aos nosos rapaces do emblema do sol.

Tempada de traíñeiras: comeza a categoría raíña cunha estupenda noticia para a capital do Morrazo. O Vila de Cangas será o encargado de organizar o Campionato Nacional de Traíñeiras os días 19 e 20 de agosto. É un feito histórico por ser a primeira vez que se celebra este transcendental evento na nosa vila, que lle gaña a candidatura a Castro Urdiales, ao presentar mellores termos económicos.

A nova tempada de traíñeiras empézase con ilusións recargadas e novo adestrador, Pablo Paz. A pesar da mala tempada anterior, practicamente continúan todos os remeiros, engadíndose algúns novos dende as categorías inferiores do equipo e outros que volven remar.

O adestrador Pablo Paz impón unha nova metodoloxía na forma de remar que calla moi ben no equipo, o que provoca que os resultados no campo de regatas se vexan mellorados. Non obstante, a forma física non alcanza tan boas cotas, co que o rendemento en principio bo, vaise desinchando a medida que avanza a tempada.

A anécdota deste momento sucede na regata clasificatoria do Trofeo Teresa Herrera, que se celebra en mar aberto. O vento, feroz adversario contra o que teñen que loitar os remeiros, xógalle unha mala pasada ao noso equipo cangués. A ventisca provoca unha mala manobra na Balea que causa a caída ao mar do patrón e, con iso, a perda de toda opción de clasificación para a final.

Os nomes dos remeiros que este ano participan na traíñeira canguesa son os seguintes: Manuel Lemos Rodríguez *Lolo*, Jesús Gestido Coya, Manuel Boubeta *Mangüi*, Mario Gil, Agustín García, Santi *Lolo*, Andrés Romero, Rodrigo *Masu*, Sergio Ventosinos *Pempo*, Roberto García, Mario Lagoa *Pillao*, Fernando Crego *Mandingo*, Fernando Lanzós, Isaac, Óscar Rebouzas, David Fandiño *Pejo*, Antonio Giráldez *Tuercas*, Tomás Cochón, Julio Iglesias e Jaime Gil como patrón.

Pero sen dúbida unha das mellores noticias que coincide con estas datas estivais e co devandito campionato, é a inauguración da nave náutica da entidade deportiva do Vila. O soño de catro presidentes, que máis ben parecía utopía, polos catorce anos pasados ata chegar ao momento presente, cumprido o obxectivo, merecido a forza de traballo e condecoracións²⁴. Quen podería dicir que non o conquistaron a pulso...



²⁴ Ver apéndice documental nº 15



As devanditas instalacións foran unha concesión de Portos de Galicia ao Concello de Cangas, quen llo doa ao Club de Remo da vila. A súa construción dura arredor dun ano.

A nave náutica sitúase no interior do recinto portuario, compartida con outro club da localidade, o Náutico de Rodeira e destina unha superficie de case seiscentos metros cadrados para os remeiros cangueses. Ademais de ximnasio, dispón de vestiarios, oficinas e un almacén para gardar as embarcacións. Non obstante, todo é espazos baleiros no interior e todo está por facer. Por este motivo, a directiva do Vila é consciente da necesidade de moitas mans que converxan na multifunción das tarefas de carpintería, pintura, soldadura e un longo etcétera que axeiten a nova nave para a súa primeira posta a punto. Unha vez máis, a directiva do club aliase coa inventiva da imaxinación e sácase un perfecto ás da manga para resolver o problema dos voluntarios que adecúen o interior da nova nave. O *modus operandi* lévase a cabo a través de convenios e demais burocracias da administración que dan como resultado a achega de tres ou catro rapaces que se atopan realizando a obxección de conciencia –recordemos, aquel camiño alternativo á obrigada “mili”–. Voluntarios que traballan baixo a coordinación de Juan Cochón, vogal do club.

Deixando agora atrás as boas noticias, o 27 de agosto do 2000, coincidindo coas festas do Cristo de Cangas, ten lugar un funesto incendio no vello Baleeiro Massó, onde se gardan algunhas das embarcacións do club, e quedan reducidas a cinzas unha traíñeira, unha traíñeiriña, os skiff e a palamenta dos botes. Un aciago feito que ensombrece o bo momento que se está a vivir. Casualidade ou premeditación?... a dúbida, sempre ensombrecerá o seu recordo.

DÉCIMO QUINTA TEMPADA 2000/2001

A rutina no adestramento dos remeiros segue unha metodoloxía rigorosa de seis días á semana. Entre os adestradores temos a Fernando Pastoriza que se encarga dos cadetes masculinos e Pablo Collazo á fronte do resto de categorías.

Comeza a **tempada de batel** con dúas semanas de atraso debido aos temporais. Estas circunstancias diminúen o rendemento dalgunhas tripulacións, sobre todo as dos infantís, rapaces moitos deles que experimentan o seu primeiro contacto co remo e non dispoñen de tempo para prepararse. En remo dáse o paradoxo de que nos meses de inverno, cando hai peor tempo, se fan ao mar os bateis e o verán se reserva para as traíñeiras, embarcacións con moito máis peso.

A rivalidade nestes momentos está sobre todo cos equipos de Mecos e Robaleira e Chapela é a gran contrincante das rapazas.

Case todos os clubs compiten a un gran nivel. A categoría sénior é na que existe maior competencia e participación. Na devandita categoría, os remeiros do noso equipo logran bos resultados nas sucesivas regatas, e destaca o sexto posto obtido no Campionato Galego polas rapazas maiores.



No mes de maio, adoita celebrarse unha cea para as categorías inferiores, na que se aproveita para entregar un pequeno detalle a cada remeiro (medallas, copas en miniatura etc.). O evento celébrase en ocasións no Bar Restaurante Areeiro de Rodeira, ou improvisando unha grellada no vello Baleeiro Massó (quen dixera que a xolda está disputada coa seriedade no deporte, nunca compartiu un espírito de equipo)

Tempada de traíñeira: os rivais máis duros para bater son Mecos, Perillo, Tirán e Samertolameu. A loita está servida.

Os adversarios non tardan en deixar atrás os seus compañeiros de liza e aínda que o Vila de Cangas fai unha moi boa campaña, non consegue clasificarse entre os mellores de Galicia. Será Perillo o adañal da nosa comunidade.



Tripulación Traíñeira 2001

Os nomes dos remeiros que este ano participan na traíñeira canguesa son os seguintes: Manuel Boubeta *Mangüi*, Mario Gil, Agustín García, Andrés Romero, Rodrigo *Masu*, Mario Lagoa *Pillao*, Jaime Gil -patrón-, Pablo Paz, Fernando Crego *Mandingo*, Fernando Lanzós, Isaac, Óscar Rebouzas, David Fandiño *Pejo* -como patrón-, Antonio Giráldez *Tuercas*, Dacunha, Marco, Berto, Ali, Piris, Juan Lanzós e Diego Portela -patrón-.

Tempada de traíñeiras: con puntualidade británica iníciase a categoría raíña. O gran dominador en augas galegas é sen dúbida a Sociedade Deportiva de Tirán, que este ano vén pisando moi forte. Resistencia e forza son parámetros necesarios para facer valer o coñecemento das augas.

Como constante en calquera deporte que se prece, a sorpresa pode facer a súa aparición nos equipos máis humildes, incluíndo a nosa Balea canguesa. A sorpresa dáa na Bandeira Teresa Herrera da Coruña, onde despois de navegar polos postos mornos das clasificacións, colócase en cuarta posición, a cinco segundos de Mecos.

No Campionato Galego de Traíñeiras, celebrado no porto de Ferrol, os cangueses, loitadores como sempre, quedan nun sétimo posto, premiado con 125.000 pesetas



Ao rematar as regatas de traíñeiras e para confraternizar e reforzar o espírito de unión dos remeiros, no mes de setembro realízase unha cea no Bar Restaurante o Areeiro, de Rodeira. Compañeirismo e diversión camiñan da man.

DÉCIMO SEXTA TEMPADA 2001/2002

A idade foi temperando o carácter do Vila de Cangas. Alegrías e desgustos que fixeron patente aquilo de “todo o bo é difícil de conseguir”. Calquera que foran os seus logros, sempre houbo remeiros co tesón necesario para conseguilos. Esta nova tempada renova a sede de triunfos nos deportistas do emblema do sol. A súa maior gloria non radica en non caer, senón en levantarse cada vez que cae.

Os adestradores para os tempos en que nos atopamos son Javier García Lago e Jaime Gil. Unha nova embarcación pasa a formar parte do noso equipamento. Trátase do novo batel de carbono comprado ao estaleiro vasco Amilibia. O seu nome será Fortiño II, aínda que por enumeración cronolóxica debería constar como o Fortiño X. Un bote do máis competitivo. Como vén sendo habitual, denomínase popularmente este batel, a bala amarela, por ter o carel pintado na devandita cor.

Os primeiros meses do 2002 traen á actualidade deportiva graves acusacións contra o presidente da Federación Galega de Remo, José Manuel Seijas, quen vai flutuar o seu posto na corda frouxa, baixo a sombra de suposto incumprimento de funcións e abusos de poder. Dez clubs, entre eles o Vila de Cangas, formulan as acusacións. Como consecuencia da crispación existente cara a tal situación, seis clubs galegos proxectan crear a Liga Galega Asorega, promovida pola nova Asociación de Remo Galego, como alternativa á Federación Galega.

A modalidade menor do banco fixo e a máis populosa estréase en marzo coa **tempada de batel**, que culminará o 28 de abril en Guipúscoa co Campionato de España. Nas primeiras regatas, Mecos é a grande dominadora da Liga Sur, en case todas as categorías. No Campionato Galego de Bateis celebrado na Pobra, as rapazas infantil/cadete do Vila quedan nun estupendo segundo posto. Clasificación repetida no Campionato de España. A tripulación feminina formada por: Marta Cochón, Cecilia González, Noelia Martínez, Verónica Fernández e Cecilia Vilas como patroa.

Os remeiros dos bateis galegos foron, nos últimos anos, os grandes protagonistas no panorama nacional, con actuacións de enorme superioridade nos Campionatos de España. As estatísticas son fiel testemuña diso. Dende 1993, os bateis galegos adxudicáronse 41 títulos de Campións de España, dos 53 que se disputaron (máis do 77%). Estes 41 títulos foron repartidos entre 8 clubs de Galicia Sur e 3 clubs de Galicia Norte. A eclosión foi no inesquecible ano 1997, en que Galicia foi ao máximo e gañou os seis títulos en disputa.

En maio comeza a **temporada de traíñeiriñas**: o mellor posto obtido polo noso club, en Vilaxoán onde queda quinto.



A categoría reina comeza en xuño. É tempo de **Traiñeiras**: o equipo sofre moitas baixas e aínda que xustos, é posible completar o bote. A mala sorte é característica común do comezo da tempada, pero a partir da Bandeira Xunta de Galicia, as cousas cambian. Conseguen meterse na final B do devandito torneo, obtendo o cuarto posto na quenda e o noveno, no Campionato Galego. Outro resultado favorable que se debe ter en conta, é a clasificación para o Torneo Conde de Fenosa, onde conseguen un oitavo posto; así como o Trofeo Teresa Herrera, onde quedan en sexto lugar.

Os nomes dos remeiros que este ano participan na traíñeira canguesa son os seguintes: Agustín García, Andrés Romero, Mario Lagoa *Pillao*, Jaime Gil -patrón-, Fernando Crego *Mandingo*, Oscar Rebouzas, David Fandiño *Pejo*, Antonio Giráldez *Tuercas*, Juan Lanzós, David Fandiño *Pejo*, Manuel Lemos Rodríguez *Lolo*, Jesús Gestido Coya, Santi *Lolo*, Javier García, Berto *Redondela*, José, Fidel Simes, Carlos *Litri*, Félix Lagoa, Antonio Parcerero e Manu Malvar -patrón-.

Valoración da cuarta directiva, por un dos seus membros, Esther Rial:

Houbo moitos cambios, sobre todo o da nova nave náutica. Foi un cambio tremendo grazas ao esforzo de anteriores directivos; a nosa intervención foi pechar ese período de tantas solicitudes. Os catro anos que nós estivemos á fronte débenlle un agradecemento ás persoas e ás empresas que nos axudaron, como José Enrique Sotelo e Frigoríficos do Morrazo. Tamén é digno de valorar o traballo e a loita dos adestradores, a paciencia que tiveron con pequenos e maiores.





Balea 2005

2002-2006: quinta directiva

DÉCIMO SÉTIMA TEMPADA 2002/2003

Estreamos nova directiva²⁵ e ilusións, renovando o sangue daqueles que se encargarán de orquestrar a armazón do equipo morracense. Á cabeza da devandita dotación humana, Fernando Crego Vidal eríxese como presidente.

En canto á adquisición de botes, chegan unha traíñeira e unha traíñeiriña de madeira do club guipuscoano Aita Mari de Zumaia. Ambas as dúas son usadas para o adestro de séniors e xuvenís do Vila de Cangas. Embarcacións que permanecerían coas cores do club de orixe.



Campioas Galego inf/cad Feminino A Puebla 2003.
Nerea Costas, Rebeca Lago, Noelia Martínez, Marta Cochón e Cecilia Vilas

Tempada de bateis: as vitorias prodúcese bastantes repartidas e con moitas alternativas nos podios. Os remeiros de Mecos álzanse como os grandes vencedores da Territorial Sur. As mozas do Vila dan o golpe no preciso momento e obteñen o primeiro posto no Campionato Galego por catorce centésimas. Primeiro posto que repiten en augas da Coruña no Campionato de España co Fortiño V, onde compiten contra os equipos de Chapela, Robaleira e Mecos. Os nomes das damas infantil/cadete do club cangués son Nerea Costas, Rebeca Lago, Marta Cochón, Noelia Martínez e Cecilia Vilas, de patroa. Hai que recordar que a metade da tripulación (Marta, Noelia e Cecilia) lograra o subcampeonato de España o ano anterior (2002).

²⁵ Ver apéndice documental nº 16





Campioas de España 2003

Traiñeiríñas: comeza a tempada en Vilaxoán baixo un nefasto temporal de xélicas temperaturas e incómodas chuvias dunha nada aparente estación primaveral. Os equipos arousáns son os primeiros en gozar do éxito. Os grovenses de Mecos arrasan esta tempada e proclámanse dobres campións de España en Gijón, en categoría sénior e xuvenil.

Traiñeiras: como novidade esta tempada estréase a liga ACT (Asociación de Clubs de Traiñeiras). A estrea da alta competición prodúcese en Castro Urdiales, como mera exhibición, e a primeira regata puntuable celébrase en Tirán. Forman parte dela doce tripulacións: seis vascas, tres cántabras e tres galegas. Os doce equipos afortunados son: Orio, Cabo de Cruz, Pasajes de San Juan (Pasai Donibane), Astillero, Urdaibai, Castro, Isuntza, Zarautz, Pedreña, Mecos, Tirán e Hondarribia. O premio, 31.000 euros por competición.

A dinámica nos primeiros metros das regatas rolda as 51 padas, un ritmo infernal que fala moi ás claras de como funcionan na ACT.

Pola súa banda, a Federación Galega de Remo, sen querer deixar de mostrar as súas credenciais, crea Liga Galega de Traiñeiras, onde non participan os equipos da ACT. Esta situación, varre dun golpe os rivais máis fortes das augas galegas. Situación que sabe aproveitar o noso equipo cangués para realizar a mellor tempada da historia das súas traíñeiras.



Entre os logros conseguidos destacan os cuartos postos do Campionato Galego, o Trofeo Teresa Herrera e o Trofeo Conde de Fenosa. Pero aí non remata todo. Os rapaces do Vila estiveron a punto de dar a sorpresa cando se lles presentou a oportunidade de participar nos *play off* de ascenso á liga ACT. Caprichos do destino, o requirimento chega demasiado tarde, cando moitos dos nosos remeiros gozaban xa das tan merecidas vacacións en puntos distantes do globo.

Os nomes dos remeiros que este ano participan na traíñeira canguesa son os seguintes: Agustín García, Andrés Romero, Mario Lagoa *Pillao*, Jaime Gil, Fernando Crego *Mandingo*, Oscar Rebouzas, David Fandiño *Pejo*, Antonio Giráldez *Tuercas*, Juan Lanzós, Manuel Lemos Rodríguez *Lolo*, Jesús Gestido Coya, Santi *Lolo*, Javier García, Fidel Simes, Félix Lagoa, Antonio Parceró, Sergio Rodríguez *Torrente*, Raúl Sotelo, Anxo Fernández *Maiki*, Isidro Freire –como patrón–, José María Fernández *Josiño*, Gabriel *Peluco*, Marcos Molanes, Cristian, Isidro Gómez *Posi*, Aitor e Fran Fernández Santomé.

DÉCIMO OITAVA TEMPADA 2003/2004

Como vén sendo habitual e por unha simple cuestión de lonxevidade de materiais, compran novas embarcacións para o club. En concreto, unha traíñeira de segunda man de fibra de carbono da marca Compoplas, ao Club Itxasoko Ama de Santurtxi. Adquírese tamén unha iola de poliéster de segunda man. É habitual para os anos nos que atopamos, a participación en regatas de iolas, co equipo dos veteranos. Estas regatas faciáanse anteriormente cunha iola de madeira reforzada con poliéster, prestada polo Club de Remo de Ares. Non obstante, a partir desta compra a participación en regatas desta modalidade decae.

Os encargados do adestramento do equipo son Javier García Lago e Óscar Rebouzas, coa colaboración de Isidro Freire.

En febreiro empezan as regatas de *bateis*. É hora de demostrar as horas de traballo na auga. A bisbarra do Morrazo acolle a metade das probas. Aínda que os remeiros galegos seguen sendo os grandes protagonistas nacionais, o equipo de Cangas esta tempada decae respecto a anos anteriores. Aínda así, as rapazas maiores conseguen quedar terceiras no Campionato Galego de Bateis celebrado en augas de Ferrol. E as rapazas pequenas obteñen un cuarto posto no torneo rexional e un noveno posto no nacional. Non obstante, a baixada de nivel cualitativo é palpable nos resultados, para desilusión do equipo.

Tempada de traíñeiriñas: para os tempos en que nos atopamos, é o Club de Remo Mecos do Grove o que impón a súa lei no calendario de traíñeiriñas, xa que leva para as súas vitrinas numerosas bandeiras. Os de Mecos, xunto con Amegrove e Chapela, son os únicos galegos en meterse no Campionato de España.

Os nosos rapaces do Vila non teñen unha traíñeira competitiva polo exceso de peso desta, co que os resultados non destacan en absoluto.



A tempada de traíñeiras empeza con ilusións desbordantes despois da última campaña acaecida, tan a favor do equipo. Non obstante, o desenvolvemento da tempada non cumpre as expectativas nin por asomo, debido á escasa preparación na estación invernal, a falta de implicación persoal dos deportistas e unha serie de lesións que, en conxunto, diminúen a moral do equipo. Moral que toca fondo na Bandeira do Concello de Vigo.

Ata ese momento, a tempada non é óptima pero, polo menos, conseguen meterse na final dunha gran regata como é a Bandeira de El Corte Inglés. Nesta bandeira pretenden renovar a súa imaxe de cara ao exterior, despois dunha tempada nada acertada, non obstante un erro de cálculo gravísimo ao coller unha boia por estribor, fainos perder un tempo moi valioso respecto aos seus contrincantes, ao ter que rectificar a manobra equivocada. Este suceso estraga a única burbulla de aire coa que conta o equipo. Unha pena, porque a partir de entón o ambiente enrarácese e empezan a pedirse cabezas pola mala sorte, e atribúenselles as responsabilidades a remeiros ou ao adestrador, segundo varía o punto de vista. Algúns remeiros deciden abandonar en plena tempada, cando aínda quedan por disputar algunhas das grandes lizas, como o Campionato Galego que se celebra este ano en augas canguesas. O acaecido en Vigo supón o punto e final a esta tempada e un mal sabor de boca que produce numerosas baixas no equipo de deportistas.

Os nomes dos remeiros que este ano participan na traíñeira canguesa son os seguintes: Agustín García, Andrés Romero, Mario Lagoa *Pillao*, Jaime Gil, Fernando Crego *Mandingo*, Oscar Rebouzas, David Fandiño *Pejo*, Juan Lanzós, Manuel Lemos Rodríguez *Lolo*, Javier García, Félix Lagoa, Antonio Parceró, Sergio Rodríguez *Torrente*, Raúl Sotelo, Angel Fernández *Maiki*, Isidro Freire –como patrón–, José María Fernández *Josiño*, Fran Santomé, Marcos Molanes, Isidro Gómez *Posi*, Fran Fernández Santomé, Fernando Lanzós, Jesús Manuel Martínez *Loqueiras*, Ito e Angel Paredes *Geli*.

A pesar de que os responsables da preparación do equipo se propoñen superar a tempada anterior en canto a resultados, o 2004 resulta ser un ano de desilusións no que atinxe ao rendemento do traballo.

DÉCIMO NOVENA TEMPADA 2004/2005

Unha nova incorporación ao cadro técnico, José Ferral, achega ideas novas na liña de optimizar os resultados do equipo cangués. Ferral ocúpase das categorías xuvenil e sénior masculinas. Seguindo o seu consello, se compra de segunda man unha traíñeira de Kevlar ao club biscaíño Itxasoko Ama de Santurtzi, ao quedar a traíñeira PCG obsoleta. Na busca e compra da nova traíñeira biscaíña, inflúe a opinión de Juan Ángel Garmendia, quen está en estreito contacto con Ferral. Este novo bote resulta ser unha das traíñeiras máis lixeiras da liga galega destes anos, ao pasar só nun ou dous quilos o peso mínimo de 200 quilogramos.



A outra nova incorporación ao cadro técnico é Manuel Malvar, responsable das rapazas canguesas.

En febreiro empeza a **tempada de batel**: parece que as sabias directrices de Manuel Malvar prenden nas novas remeiras do Vila. Ao longo da liga galega, as canguesas infantil/cadete quedan a milésimas de levar para as vitrinas do seu club as numerosas bandeiras que se disputan, e lógrano coa de Vigo. Non obstante, son as eternas segundas dunha competición, onde poucos fan sombra ás potentes pequenas de Mecos. Entre eses poucos, Perillo, que gaña o Campionato Galego de Bateis celebrado en augas de Meira na categoría infantil/cadete feminina. As nosas rapazas pequenas do Vila quedan nun estupendo segundo posto no devandito torneo rexional, a só dous segundos das coruñesas de Perillo. Esta clasificación catapúltaas directamente cara ao Campionato de España de Bateis que se celebra na cántabra urbe de Santander. Na quenda de honra, manteñen durante boa parte da regata o terceiro posto, detrás de Aita Mai e de Astillero. Non obstante ao chegar case á final, as do Náutico de Vigo supéranas, e déixanas relegadas a un cuarto posto no ámbito nacional.

As compoñentes desta tripulación canguesa son as seguintes: Marta Cochón, Nerea Costas, Andrea Prieto, Laura Riobó e Cecilia, como patroa.

No devandito Campionato de España do 2005, os equipos galegos saen moi ben parados xa que se adxudican 13 metais dos 18 posibles.

Tempada de traiñeiriñas: tal e como vén sendo habitual nas últimas tempadas, a falta dun bote competitivo fai inviable que os de Cangas poidan obter resultados destacados.

Tempada de traiñeiras: o decepcionante resultado da anterior tempada para a traiñeira canguesa produce numerosas baixas entre as filas da tripulación da Balea. O equipo necesita un cambio, é por iso que a incorporación ao cadro técnico de José Ferral senta tan ben ao equipo. Ferral asesórase para as súas dinámicas de adestramento por Juan Ángel Garmendia (ex-remeiro e adestrador do Club de Remo de Orio). Esta colaboración do vasco Garmendia enténdese baixo o prisma do agradecemento que os de Orio lle recoñecen ao Vila de Cangas, tras o seu empréstito no ano 1989 da Balea canguesa para competir na Bandeira da Concha. O modus operandi da colaboración, lévase a cabo por medio dun convenio có Concello de Cangas.

Os técnicos planifican a tempada para conseguir resultados a tres anos vista. A dinámica de adestramento achega novidades no aspecto físico do remeiro. Comezan a facer análises de sangue para ter un seguimento médico dos deportistas e insístese máis que nunca en comportamentos saudables da vida destes, entre os que destaca unha dieta axeitada que optimice os resultados no campo de regatas. Consciente Ferral de que a técnica é a que fai gañar segundos nas regatas, é esixente cos seus deportistas, de maneira que en terra e en auga lles esixe aos seus remeiros o cento por cento. A permisividade queda relegada ao esquecemento.



As novas medidas pronto producen resultados e a mellora respecto á tempada anterior faise palpable nas primeiras regatas. Destaca por exemplo da Bandeira de Oleiros, un dos mellores postos conseguidos na liga, despois dunha concienciada batalla contra os de Tirán por gañar a quenda.

En contrapartida, un mal sabor de boca é o que deixa a regata da final do Trofeo Teresa Herrera, no que á enfermidade dun dos remeiros titulares, Jesús Manuel Martínez *Suso Loqueiras*, se lle une quizais o exceso de carga de adestramentos da semana anterior na Costa das Velas que deu como resultado o esgotamento das forzas do equipo á hora de regatear en augas coruñesas, polo que obteñen un noveno posto, o peor da tempada.

Así as cousas, a tempada do 2005 en traíñeiras deixa ao equipo cangués nun sexto posto da liga.

Os nomes dos remeiros que este ano participan na traíñeira canguesa son os seguintes: Agustín García, Andrés Romero, Mario Lagoa *Pillao*, Fernando Crego *Mandingo*, Oscar Rebouzas, David Fandiño *Pejo*, Juan Lanzós, Manuel Lemos Rodríguez *Lolo*, Félix Lagoa, Antonio Parcero, Sergio Rodríguez *Torrente*, Isidro Freire -como patrón-, José María Fernández *Josiño*, Fran Santomé, Jesús Manuel Martínez *Suso Loqueiras*, José Ferral, Manuel Malvar, Juan Carlos Fernández, Isaac e Carlos Ramírez *Keler*.

VIXÉSIMA TEMPADA 2005/2006

Adestrando o equipo temos a Valente Campos González e Jose Ferral.

A **tempada de bateis** comeza o catro de febreiro en augas de Chapela. Aínda que se nota a falta de rodaxe nas primeiras tomas de contacto, son os equipos máis modestos os que empezan a apuntar alto. No cadro dos tres primeiros de cada regata, as rapazas xuvenil/sénior do Vila de Cangas logran inscribir os seus nomes en repetidas ocasións, e teñen as súas competidoras máis fortes en Coruxo e Chapela. Ao final no Campionato Galego, que se celebra en Corcubión, as nosas rapazas obteñen un quinto posto.

A **tempada de traíñeiriñas** comeza en maio en Coruxo, co sistema de persecución contra o reloxo, onde os sénior do Vila quedan nun sétimo posto. Na regata de traíñeiriñas da Liga Galicia Sur, que se celebra en Tirán, os nosos rapaces da categoría sénior quedan en sétimo lugar.

Mentres tanto, no panorama autonómico, as remeiras rapazas de dez clubs reúnen en Chapela na I Bandeira Marcha Mundial das Mulleres. Unha regata reivindicativa coa que as participantes reclaman o fin da discriminación de xénero en traíñeiriñas e traíñeiras.





Balea 2006

Tempada de traíñeiras: as novas estratexias de José Ferral e Juan Ángel Garmendia, comezadas en 2005, dan os seus froitos e para esta tempada conséguense uns resultados excelentes. A participación na Liga Galega de Traíñeiras remata nun sexto posto.

Os nomes dos remeiros que este ano participan na traíñeira canguesa son os seguintes: Isidro Gómez, Marcos Molanes, Juan Carlos Fernández, Carlos Ramírez Keler, Juan Soliño, Alberto Gil, David Fandiño *Pejo*, Óscar Rebouzas *Peri*, David Alfada, José Ferral, Jesús Manuel Martínez *Suso Loqueiras*, Antonio Giráldez *Tuercas*, Mario Lagoa *Pillao*, Fernando Crego *Mandingo*, Tomás Cochón, Darío Moldes, José María Fernández *Josiño* e Isolino Freire, como patrón.

Valoración da quinta directiva, polo seu presidente, Fernando Crego Vidal:

Penso que a valoración desta directiva é positiva. Houbo un grande esforzo e sacrificio por todos os seus membros. O compromiso destacaba en todos nós. O obxectivo era fundamentalmente conseguir material e recursos económicos para poder lograr as metas establecidas, tanto no ámbito deportivo como humano. O Club de Remo Vila de Cangas participou na fundación da Liga Galega de Traíñeiras. Queríamos estar involucrados no mundo do remo e intentar deixar o noso club, no mellor estado posible.





diego velo © 2010 Photography

2006-2010: sexta directiva

VIXÉSIMO PRIMEIRA TEMPADA 2006/2007

En setembro dá comezo unha nova directiva no noso club, cando se acaban de cumprir os vinte anos da entidade. Á cabeza desta, érguese como o seu presidente Jesús Molanes Molanes²⁶. Como adestradores temos, nestes tempos, a José Paz e David Fandiño.

Un novo bote de remo olímpico pasa a formar parte do material do noso club. Trátase dun dobre *Scull Filippi* –modelo Italia 2–, doado pola Deputación de Pontevedra. En canto aos remeiros propiamente, faise un bo traballo coa canteira de equipo, con vinte nenos novos que pasan a engrosar as filas de equipo.



Curumbayos 2006

Na primeira Gala de Premios Nacionais de Remo 2006, organizada pola Federación Española de Remo e celebrada en Tui, noméanse remeiros do ano a Juan Zunzunegui Guimeráns, Juan Manuel Florido Pellón, Jesús Álvarez González e M.^a Teresa Mas de Xaxars Rivero.

En febreiro empeza a **tempada de batel**: novas incorporacións únense á liga galega, son os equipos do Grove –filial de Amegrove– e Arealonga. Os nosos bateis cangueses empezan dunha forma modesta a súa participación na liguilla. A única categoría que destaca no Vila, para os tempos en que nos atopamos é a infantil masculina, que logra un terceiro posto no Campionato Galego de Bateis que se celebra en augas de Meira.

²⁶ Ver apéndice documental nº 17



En contrapartida, quen pisa forte esta tempada son os de Vilaxoán, o mesmo que Robaleira nas categorías inferiores, ademais de Chapela e Mecos.

A **tempada de traiñeiriñas** comeza en maio en Cesantes. Non obstante e como en tempadas anteriores, ao non posuír os rapaces do Vila un bote competitivo e darse de baixa numerosos remeiros veteranos, queda nos últimos postos da *liguilla* galega.

No que respecta á **traiñeira**, desgraciadamente este ano a Balea non toma parte na liga galega, xa que a escaseza de remeiros imposibilita completar a súa tripulación. Isto débese á veteranía de certos remeiros, que ven esgotada a súa carreira deportiva, por unha simple cuestión de lei natural de paso dos anos. En contrapartida, non hai mozos preparados nin suficientes para tomar as rendas da traiñeira canguesa.

Polos últimos sucesos acaecidos e os que virán proximamente, pódese dicir en termos xerais, que a partir do ano 2007 o Club de Remo Vila de Cangas entra nunha espiral de mala sorte con resultados deportivos máis ben pobres.

VIXÉSIMO SEGUNDA TEMPADA 2007/2008

Cos ánimos baixos debido á traxectoria descendente pola que está a atravesar o equipo, faise o posible por tomar parte nas diferentes regatas, para que polo menos o club dea testemuño activo da súa presenza no panorama do remo galego. Con este obxectivo, o novo adestrador do Vila, Pablo Paz, planea a estratexia que se vai seguir na metodoloxía do seu adestramento.

Batel: o equipo do Vila non consegue un posto entre os catro primeiros do Campionato Territorial Sur, e queda sen posibilidades de participación no campionato galego.

Traiñeiriña: esta tempada tampouco se consegue gran cousa na traiñeiriña, que queda nos últimos postos da *liguilla*.

Tempada de traiñeiras: o obxectivo este ano do noso equipo é sacar a traiñeira á auga. Non obstante, non hai demasiados deportistas. Pouca xente con experiencia e, en cambio, moita que comeza no remo. A pesar das ilusións, no mes de xullo abandónase a liga, debido a falta de remadores para a Balea. Remata nun dezaseisavo posto na LGT,

Os nomes dos remeiros que este ano participan na traiñeira canguesa son os seguintes: Marcos Molanes, Juan Carlos Fernández, David Fandiño, Tomás Cochón, Santiago Graña, José Alberto Lorenzo, Manuel Lemos, Esteban Paz, Moisés Álvarez, José María Bonet, José Paz, Gaspar Rivero, Hugo Bouveta, Amable Guimeráns e Santiago Rúa.

No que respecta a **remo olímpico**, unha tripulación toma parte no Campionato de España de Castrelo do Miño. Na modalidade de 2x M^a José Bermúdez y María Brocos como veterano feminino, obteñen un primer posto.



VIXÉSIMO TERCEIRA TEMPADA 2008/2009

Fíchase a José Manuel Iglesias *Buca* como adestrador, quen achega numerosos remeiros provenientes doutros equipos. A Deputación de Pontevedra entrégalle ao Vila material deportivo consistente en máis de sesenta chándales repartidos entre os remeiros das diferentes categorías.

Batel: o calendario de bateis do 2009 inclúe un total de trece regatas na zona sur da Federación Galega de Remo e culmina co Campionato de España que este ano se celebra en Cantabria. No noso equipo, é a categoría de promesa feminina a que mellores resultados obtén cun quinto posto no Campionato Territorial Sur.

Tempada de traíñeiras: a estratexia do novo adestrador, *Buca*, parece que dá resultados e por primeira vez na historia do Vila sácanse dúas traíñeiras nos adestramentos.



Balea 2009

Arranca a proba raíña de remo do período estival, con catorce equipos tomando parte na LGT, cun total de dezaseis regatas por diante. Na primeira bandeira, que se celebra en Vilaxoán, a Balea canguesa queda nun oitavo lugar. Será o mellor posto obtido en toda a tempada.

A mellora na metodoloxía do adestrador, obsérvase na suba de postos que se produce na Liga Galega de Traíñeiras, onde queda, ao final, nun doceavo lugar e recupera catro postos respecto á tempada anterior.

Os nomes dos remeiros que este ano participan na traíñeira canguesa son os seguintes: Francisco Javier Pequeño, Graciano Carrillo, Mario Lagoa, Jesús Sotelo, Marcos Gómez, Santiago Otero, David Fandiño, José María Bonet, Moisés Álvarez, Darío Álvarez, David Sánchez, Víctor Manuel, Víctor Hugo Pacheco, Iván Rival, Manuel Lemos, Esteban Paz, Santiago Graña, Carlos couso, Juan Ángel Fernández, Rubén Santos, José Alberto Lorenzo e Diego Portela.



VIXÉSIMO CUARTA TEMPADA 2009/2010

Nesta tempada mellóranse levemente os resultados deportivos do equipo. Os adestradores que se encargan de orquestrar o armazón estratéxico do equipo son Manu Malvar, responsable das categorías femininas e da xuvenil masculina; Santiago Núñez e José Paz, encargados da categoría sénior masculina.

O perfil dos remeiros é moi variado, dende veteranos que levan moitos anos vogando no equipo, a xente que por primeira vez toma contacto co remo. A estratexia, debido a este heteroxéneo perfil, é adoptar unha planificación moi xenérica, e darlles cabida ás diversas aptitudes dos deportistas. Realízase un traballo moi de base, tanto no ámbito físico como técnico. Outra táctica acertada é incorporar a remeiros xuvenís de clubs como Cesantes ou Bueu, pero a devandita incorporación prodúcese avanzada xa a tempada e o acoplamento entre os distintos remeiros faise a marchas demasiado forzadas.

En canto a botes, a prioridade é a traíñeira, é por iso que a presenza do batel e a traíñeira é só testemuñal, sen tempo para preparar os remeiros nas devanditas embarcacións.

Aínda así, no que respecta ao *batel* son, neste caso, as rapazas xuvenís do Vila as que si destacan. A pesar de que ao longo da liguilla galega de bateis copan en numerosas ocasións os quintos postos, chegados o Campionato Galego, celebrado na Pobra, quedan nun terceiro posto –o mellor da tempada– por detrás de Robaleira e Chapela. Acceden ademais ao Campionato de España a través dun convite, e logran ao final un sétimo posto.

Tempada de traíñeiras: a leve melloría pola que atravesa o equipo no ámbito deportivo, déixase sentir nos resultados da traíñeira. Tanto é así que rozan un sexto posto, que perden por descualificación. Non obstante, un fatídico accidente de tráfico estraga coas novas ilusións do Vila. A data, 21 de agosto de 2010. O lugar, autoestrada AP-9, de camiño á sétima Bandeira do Concello de Ferrol, coa liga avanzada en máis da súa metade. A furgoneta na que se viaxa, acabada de saír de fábrica cinco meses atrás e doada en parte pola Deputación de Pontevedra, queda en estado de sinistro total despois de voltear varias veces sobre o asfalto. Milagrosamente, non se producen feridos graves, tan só pequenos golpes e mazaduras. A peor parte lévaa a traíñeira Amilibia, comprada no ano 2005 ao club biscaíño Itxasoko Ama de Santurtzi, a cal queda partida en tres grandes anacos en medio da autoestrada. O mesmo que a palamenta, destruída en gran parte. Estímanse as perdas de tal accidente nuns 45.000 euros. Non obstante, o equipo non se abandona ao desánimo, senón que continúa a súa participación na LGT e compite coa vella traíñeira Pedro Cuesta, desbotada cinco anos atrás por quedar obsoleta en competitividade. Como remolque úsase un prestado do Club de Remo de Bueu. A pesar de que a liga está xa bastante avanzada, o cambio de bote déixase sentir nos resultados deportivos e rematan a tempada nun catorceavo posto.





Balea 2010

Atención especial merece o xesto dos remeiros veteranos que, a pesar do número mínimo de remadores, que rozan case sempre a escaseza, non desfalecen no empeño que continuar ao lado do Vila ata o final da tempada. Loanza recoñecida polo adestrador, Santiago Núñez.

Os nomes dos remeiros que este ano participan na traíñeira canguesa son os seguintes: David Acuña, Rubén Juncal, Mario Sotelo, Alfonso Millán, Carlos Pérez, Tomás Cochón, José Alberto Lorenzo, Jesús Sotelo, Alberto Silva, Esteban Paz, Moisés Álvarez, Antonio Freiría, Manuel Lemos, Juan Carlos Fernández, Diego Portela, Graciano Carrillo, David Leiro, Iván García González, Víctor Hugo Pacheco, Rubén García, Brais Soliño, Sergio Rodríguez, José Paz, Ángel Ferrari e Gaspar Ribero.

Valoración da sexta directiva por parte dos seus membros integrantes:

A nosa premisa foi manter o Club aberto, de modo que se fixese promoción do remo en Cangas. Aínda que non se participase, non se deixaron de celebrar a Bandeira de Bateis e a Bandeira de Traíñeiras. Agradecemos especialmente a colaboración e axuda desinteresada a Vicente Parcero, aos clubs de ciclismo de Cangas, ao Club de Balonmán e á Asociación de Minusválidos de Moaña, a través de Manuel Romero.





Tempada 2011

2010-2011: sétima directiva

VIXÉSIMO QUINTA TEMPADA 2010/2011

Toca estreir nova directiva ao se cumprir os catro anos de vixencia da anterior. Non obstante, aos poucos días da devandita elección, prodúcese a dimisión da presidenta desta, María José Durán Souto, o que provoca a elección dun novo presidente, que recae na persoa de José Ignacio Casqueiro Pazó²⁷.

Coa tempada empezada, os adestradores para os tempos en que nos atopamos son os mozos Marco Valladares e Noelia Martínez. O éxodo masivo de deportistas cara a clubs como Meira ou Tirán, producen no Vila unha situación nunca antes vivida, de case ausencia total de remeiros. Asumido o feito de que esta tempada as pretensións non pasan por botar os botes ao mar, levan a cabo unha serie de medidas por parte da directiva, que teñen como obxectivo final solicitar novos remeiros para a canteira e que o club poida seguir de xeito activo no remo galego.

Aproveitando o vinte e cinco aniversario do club e a paréntese que sofre o remo no equipo, decídense realizar unha serie de actos que renoven o espírito e ilusións do conxunto humano que forma parte do equipo cangués.

Entre os devanditos actos faise unha cerimonia conmemorativa do XXV aniversario da súa creación, recordando a historia do club e coa pretensión de xuntar ao maior número de xente que estivera vinculada coa entidade, por ser, ante todo, un recoñecemento ao esforzo de tantas persoas ao longo dos anos. Entre as ditas persoas cabe nomear, a título póstumo, a aqueles que perderon a vida e que pertenceron ao club. É o caso de: Ricardo del Río Currás, Armando Iglesias Novovotiche, J. Antonio Álvarez Carrera, Alberto Carracelas, Roberto Docio, Diego Portela, e os socios falecidos que sempre apoiaron ao equipo.

Lévase tamén a cabo unha exposición temática na capela do hospital do Concello de Cangas onde se recorda a historia do equipo dende o ano da súa creación, 1986. Isto con relación á Área Social.

En canto á Área Deportiva de Formación, realízanse no mes de xuño charlas nos centros escolares do Concello de Cangas para uns setecentos nenos. Charlas das que se encargan directivos e colaboradores da entidade, como Óscar Carracelas, Mario Sotelo, Víctor Martínez *Marinakis* e Iván García González.

As charlas teñen por obxecto a captación de rapaces e rapazas entre 11 e 17 anos, co fin de que realicen os cursos de remo en banco fixo no mes de xullo e agosto. As devanditas charlas baséanse nunha unidade didáctica de remo, publicada pola Sociedad Deportiva de Remo de Pedreña. Ademais lévase a cabo un Campionato de Remo-Ergómetro, coa aplicación *Venue Racing*. Os responsables de impartir os cursos son Gaspar Rivero e Óscar Carracelas (ex-presidentes do Club de Remo). Úsanse para iso remo ergómetros, un foso, catro bateis e unha traíñeira. Como resposta á campaña informativa dos responsables do club, preséntanse aos cursos unha trintena de mozos.

²⁷ Ver apéndice documental nº 18



Na Área Deportiva de Rendemento, régulanse convenios para a realización de prácticas na entidade coa Facultade de Ciencias da Saúde e do Deporte (INEF da Coruña e Pontevedra) e o IES María Soliño (CFGS Animación de Actividades Físicas e Deportivas).

O obxectivo primordial da directiva é posibilitar que o Vila de Cangas volva funcionar como club de remo, para o cal tamén se necesita material. É por iso que se levan a cabo as xestións necesarias para a compra dunha traíñeira aos estaleiros Amilibia, que será en parte pagada cunha subvención económica da Deputación de Pontevedra. Adquírese ademais un remolque de segunda man ao asturiano Club de Remo La Unión de Medal e complétase a palamenta da traíñeira.

En suma e visto que esta tempada o remo no noso equipo do emblema do sol non toma parte activa na liga galega, os seus directivos escollen a acertada alternativa de procurar que as cousas non sigan estancadas e todas as iniciativas que parten do seu enxeño teñen como prioridade, reavivar o sangue que caracterizou este equipo ao longo dos anos, e non deixar que tanto esforzo, vontade e méritos caian en saco roto.

Valoración da sétima directiva, por parte do vogal, Iván García González:

Entre os nosos obxectivos destacou especialmente impulsar definitivamente a canteira para non deixala no esquecemento. Facer promoción do deporte de remo na Vila de Cangas, en centros educativos, para intentar volver a una situación como a que se vivía nas orixes do club. O punto de inflexión que nos levou a reflexionar sobre estas necesidades, foi a case absoluta carencia de remeiros sufrida este último año.

Formulamos a medio prazo, a uns tres ou catro anos vista, recuperar a actividade en todas as categorías. E, sobre todo, intentar espertar o arraigamento latente que existe cara a este club coa celebración do XXV aniversario e facer un percorrido pola súa historia con todas as persoas que formaron parte del. Dar coñecemento dos logros destacados no seu momento, para que as novas xeracións coñezan e valoren os esforzos feitos ata o día de hoxe para que, deste modo, se unan a este proxecto tan interesante que é o Club de Remo Vila de Cangas.







Cadro técnico e adestradores

1ª DIRECTIVA. 1987: Ricardo del Río - Santiago Chapela.- Inf. masc; Cad. masc.
Ricardo del Río.- Xuv.masc; Sén.masc.

1988: Ricardo del Río - Santiago Chapela.- Inf. masc; Cad. masc.
Ricardo del Río.- Xuv. masc; Sén. masc.

1989: Ricardo del Río.- Inf. masc; Cad. masc.
Vicente Parcero.- Xuv. masc; Sén. masc.

1990: Gaspar Rivero.- Inf. masc; Cad. masc; Fem.
Vicente Parcero.- Xuv. masc; Sén. masc.

1991: Gaspar Rivero.- Inf. masc.
Cándido Bernárdez.- Cad. masc.
Cándido Bernárdez-Manuel González.- Fem.
Vicente Parcero.- Xuv. masc; Sén. masc.

2ª DIRECTIVA 1992: Cándido Bernárdez.- Inf. masc; Cad. masc.
Gaspar Rivero.- Fem.
Pepe Paz.- Xuv. masc; Sen.masc.

1993: Fernando Crego - Óscar Carracelas.- Inf. masc; Cad. masc.
Cándido Bernárdez.- Fem.
Cándido Bernárdez - Pepe Paz.- Xuv. masc; Sén. masc.

1994: Gaspar Rivero.- Inf. masc; Cad. masc; Inf./Cad. fem.
Cándido Bernárdez.- Xuv./Sén. fem.
Hermelo.- Xuv. masc; Sén. masc.

1995: Cándido Bernárdez.- Inf. masc; Cad. masc; Inf./Cad. fem.
Xuv./Sén. fem.

Hermelo.- Xuv. masc; Sén. masc.

3ª DIRECTIVA 1996: Cándido Bernárdez - Jorge Castro.- Inf. masc; Cad. masc.
Inf./Cad. fem.
Xuv./Sén. fem.
Cándido Bernárdez.- Xuv. masc; Sén. masc.

1997: Valente Campos.- Inf. masc; Cad. masc.
Cándido Bernárdez.- Xuv./Sén. fem; Xuv. masc.
Sén. masc.

1998: Valente Campos.- Inf. masc; Cad. masc; Inf./Cad fem.
Cándido Bernárdez.- Xuv./Sén. fem; Xuv. masc.
Sén. masc.



- 4ª DIRECTIVA 1999:** Valente Campos.- Inf. masc; Cad. masc; Inf./Cad fem.
Xuv./Sén. fem.
Cándido Bernárdez.- Xuv. masc; Sén masc.
- 2000:** Fernando Pastoriz.- Cad. masc.
Pablo Paz - Moncho.- Xuv./Sén. fem; Xuv. masc; Sén. masc.
- 2001:** Fernando Pastoriza.- Cad. masc.
Pablo Paz.- Xuv./Sén. fem; Xuv. masc; Sén. masc.
- 2002:** Javier García Lago - Jaime Gil (colaborador).- Inf. masc.
Cad. masc.
Sén. masc.
Inf./Cad. fem.
- 5ª DIRECTIVA 2003:** Javier García Lago.- Inf. masc; Inf./Cad. fem; Xuv. masc.
Xuv./Sén. fem; Sén. masc.
- 2004:** Óscar Rebouzas.- Inf./Cad. fem.
Javier García Lago.-Xuv./Sén. fem.
Javier García Lago - Isidro Freire (colaborador). Xuv. masc.
Javier García Lago.- Sén. masc.
- 2005:** Manuel Malvar.- Inf./Cad. fem; Sén. fem.
José Ferral - J. A. Garmendia.- Xuv. masc; Sén. masc.
- 2006:** Valente Campos.- Inf.masc; Cad. masc; Inf./Cad. fem.
Prom. fem; Xuv./Sén. fem.
José Ferral - J. A. Garmendia.- Xuv. masc; Sén. masc.
- 6ª DIRECTIVA 2007:** David Fandiño.- Inf./Cad. fem; Inf.masc; Cad.masc.
José Paz.- Sén. masc.
- 2008:** David Fandiño.- Inf. masc; Cad. masc; Prom. fem.
Pablo Paz.- Sén. masc.
- 2009:** Manuel Malvar.- Cad. masc; Prom. fem; Xuv. masc.
José Manuel Iglesias.- Sén. masc.
- 2010:** Manuel Malvar.- Prom. fem; Xuv. fem; Xuv. masc.
José Paz - Santiago Núñez.- Sén. masc.
- 7ª DIRECTIVA 2011:** Noelia Martínez.- Xuv.masc; Prom. fem.
Marco Valladares.- Sénior masc.







**VILA DE CANGAS:
ATLETISMO**

En marzo do ano 1987, primeira tempada do club, decídese ampliar as modalidades deportivas do equipo, ante a gran cantidade de atletas do contorno da vila de Cangas. Nace deste modo a sección de atletismo, que ao principio será unicamente feminina e dedicada á modalidade de fondo. As primeiras preparadoras físicas son dúas mulleres, Sofía Hernández e María del Carmen Rodal Sotelo, que inflúen na elección exclusiva do xénero feminino para a modalidade de atletismo, ante a falta de rapazas na actividade de remo. Certo é que estas primeiras preparadoras non teñen relación previa coa educación física, non obstante, onde hai vontade ás veces sobra experiencia e con todas as ganas e o empeño, estas dúas mulleres comezan, coa moderación dos seus medios, unha actividade que pronto desborda as expectativas iniciais. Carmen Rodal, ou Mucha como gusta que a chamen os seus amigos, abandona o equipo nos albores da súa creación, debido ao seu estado de xestación

Nos adestramentos das deportistas, o fondo é a primeira metodoloxía aplicada. Entre as novas atletas, nun número de doce aproximadamente, distínguense os seguintes nomes: Carmen Soliño Caride, Isabel Paredes Rodas, Charo Bernárdez Camaño, Cristina Viéitez Sotelo, Gloria Pereira Lovera, Toñi Pereira Lovera, Carlota Pereira Lovera, Mari Carracelas Fernández, Araceli Carracelas Graña, Cristina Costas Campos, Flori Iglesias Parcerro e María José Abal Rodríguez.

Ante a necesidade de preparadores físicos experimentados, Ricardo del Río e Sofía Hernández contactan co matrimonio formado por José Calvar e María del Carmen Parada, os cales non dubidan en poñer os seus coñecementos ao servizo do club.

Mentres Mucha se encargaba dos deportistas máis pequenos, Calvar e María del Carmen Parada fano das categorías medias, en tanto que o adestrador Carlos Collazo se ocupa do nivel de perfeccionamento.

Calvar contacta co adestrador Francisco Mayo, a quen lle envía os deportistas máis cualificados, e este derívallos ao adestrador olímpico Alfonso Ortega.

Para atraer máis atletas, a directiva contacta cos colexios da zona, que contan con equipos de atletismo propio. Co propósito de buscar alternativas que suplan a baixa de Mucha, iníciáanse conversacións co profesor de educación física do Colexio de San Roque de Darbo, don Eligio Garrido. Don Eligio fai transvasamento dalgúns dos deportistas máis destacados ao equipo do Vila. O xénero feminino deixa de ser absoluto protagonista e comezan a verse tamén nenos correndo pola vila, lucindo as cores do club. Entre o equipamento, destaca un chándal deportivo azul, cunha tira branca e amarela. A partir deste momento destaca ademais de fondo, cross, lonxitude, valla, peso, xavelina, marcha ou altura.

Recordan agora os atletas mozos de antano, unha curiosa anécdota esbozada baixo o veo de sorrisos de morriña. De como don Eligio chamaba co apelativo de “empanadilla”, os deportistas que menos esforzo mostraban nos seus adestramentos. Bromas á parte, incúlcase o deporte como un modo de vida san entre os mozos. Segundo palabras de don Eligio: *“grazas ao atletismo, humanízase o deporte e a xente edúcase”*.



Outras novas fichaxes entran no equipo como preparadores físicos. É o caso de Evaristo Cancelas, encargado de obstáculo e velocidade, e Serafín Parcero.

A dinámica dos adestramentos é a seguinte: comézase no pavillón de deportes do colexio de Rodeira (o antigo centro educativo, hoxe instituto de educación secundaria) onde os mozos se cambian de roupa. O exercicio físico empeza con carreiras pola praia, para continuar correndo cara ao centro da vila, pasando pola zona aterrada da actual alameda nova de Cangas. O propósito é facer fondo, e chegar á zona da vella fábrica de Massó, onde gustan de afondar no adestramento máis tempo, ao non existir o perigo da circulación de vehículos. Aquí fanse series curtas ou longas de velocidade e improvisan un circuíto medido de 500 ou 1000 metros.

En ocasións tamén se fai fondo polo Monte Carrasco, ou velocidade, para o cal se improvisan pistas rudimentarias medindo previamente as distancias cunha fita métrica. Ante a falta dunhas pistas, os obstáculos colócanse na praia de Rodeira. A falta de loxística, súplese coa imaxinación, de maneira que os obstáculos e os tacos se fan de xeito artesanal. Con don Eligio, o centro de traballo é o pavillón deportivo do Colexio da Rúa, onde se adestra fondo.

O horario de adestramento abrangue case todos os días da semana, entre as oito da tarde e as dez da noite. Algúns dos directivos, como Sofía Hernández, Camilo Nores ou Manuel Boubeta, son os encargados de facerlles os bocadillos aos mozos. Ao rematar o adestramento, moitos nenos regresan ás súas casas nos mesmos coches dos adestradores, enxeñando medios para que os pais non se opoñan ao adestramento por falta de tempo.

A motivación que teñen estes mozos para dedicarlle unhas horas ao día ao adestramento é ver a actividade como un xogo divertido, onde non é tan importante gañar ou perder, senón formar parte dun equipo, onde o esforzo non está disputado coa diversión. Polo menos, esa é a concepción que se ten ao principio. Aqueles mozos que empezan a destacar no ámbito autonómico e nacional son conscientes da responsabilidade que entraña o esforzo. O seu carácter moldéase á par que a entrega do seu sacrificio dá os seus froitos.

A posta de longo do equipo prodúcese nas festas do Cristo de Cangas, no verán do 87.

A tempada deportiva comeza con cross a primeiros de ano e coas distintas modalidades de atletismo a partir dos meses de abril e maio.

No calendario de competicións destaca primeiramente a competición entre colexios de Cangas, de onde saen os mellores que se destinan á competición de Moaña. Para os novos atletas, as olimpíadas escolares son unha escusa perfecta de diversión e unha ocasión para facer novos amigos, de forma que a expectación está á volta da esquina de cada proba.



O mes de maio resérvase para o campionato provincial, ao que o Vila de Cangas se presenta como equipo. Destacan nas súas filas para a devandita contenda os mellores atletas dos colexios da zona. Un par de semanas despois do provincial, celébrase o Campionato Galego, ao que o Vila presenta as categorías de alevín, infantil, cadete, xuvenil, júnior e sénior A tempada de atletismo finaliza co Campionato de España, ao que se presentan os mellores equipos de cada comunidade autónoma, con categorías de cadete, xuvenil, júnior e sénior.

Empézase a organizar a proba de pedestrismo (proba de fondo urbana) en todas as categorías, que coincide co mes de decembro, na festividade da Inmaculada Concepción

Nas competicións, o noso equipo ten nesas datas especial rivalidade co Club Ximnástica de Pontevedra así como co Club Celta de Vigo, por ser os mellores contrincantes da palestra.

Para finais do 87, cóntase xa con oitenta mozos federados que adestran a diario sen apenas material e nunhas condicións que distan de ser óptimas. A media de idade achégase aos doce ou trece anos. Ao pouco tempo da creación da sección de atletismo, o noso equipo convértese no primeiro equipo galego debido ao número de atletas federados, o cal fala moi ás claras do gran poder de atracción de atletas ás filas do Vila.

Cara ao ano 90, créase a sección de pista. Pronto empeza a destacar o equipo en cross no ámbito autonómico e logra o título de campión galego en equipos en cross, nas categorías de alevín, infantil e cadete. Título que revalidan en numerosas ocasións. A sección de atletismo do Vila obtén tamén o título de mellor club galego en categorías menores.

Un dos principais directivos do club encárgase tamén como empresario do patrocinio do equipo de atletismo. Falamos de Aquilino Rodríguez.

A canteira do Vila de Cangas engrosa as súas filas con atletas que pronto empezan a destacar no ámbito do deporte. É o caso de:

Elisabeth Pazó Barreiro, que chega ao club na primeira tempada, por ser alumna de don Eligio no Colexio de San Roque. A súa especialidade son as probas combinadas: velocidade, 80 metros obstáculos, lonxitude, peso e altura.

Tamén se incorporaron ao equipo atletas do Club de Atletismo de Samertolameu. Cangueses de nacemento que se viran obrigados a emigrar ao club moañés, ante a falta dun propio na vila natal.

Óscar Fernández procede tamén do Colexio de San Roque. Aparece no Vila de Cangas en 1989. Dedicase ao lanzamento de peso, disco e xavelina. Chega a destacar no ámbito nacional. No ano 1992, Óscar é bolseiro no Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra.



María Jesús Gestido Rodríguez, destaca en fondo. Hai dous anos corre os 1.000 metros nun tempo de 2:56.

Vanessa Currás: peso e disco.

Belén Portela: 80 metros obstáculos.

Gemma Riobó: altura.

Jesús Pérez Gallego: altura.

Miguel Graña: peso e disco.

Alberto Tenorio: marcha.

Montserrat Broullón: velocidade.

Somati Parcero: 80 metros obstáculos.

Marina Caballero: fondo.

Adrián Pena: obstáculos.

José Calvar: cross e fondo (3.000 m.).

Cada ano ao rematar a tempada, o equipo de atletismo vai de cámping catro ou cinco días. Os destinos escollidos son os arredores da vila de Cangas, como a zona de Limens, Nerga ou Cabo Home.

Na novena tempada 1994/1995 prodúcese a escisión entre a sección de atletismo e a de remo do Club Vila de Cangas. O motivo de tal separación é basicamente unha cuestión de orzamentos económicos. O número de deportistas da sección de atletismo crece dun xeito importante, non obstante, as subvencións económicas que chegan ao club adoitan ir destinadas a remo. É por iso que ante a diferenza de intereses e como mellor solución para que as dúas seccións se poidan desenvolver dun modo igualitario, sen que unha permaneza á sombra doutra, decídese a autodeterminación de atletismo, que se erixe en club independente.

Valoración da Sección de Atletismo do Club Vila de Cangas, por parte dunha das súas deportistas, María Jesús Gestido Rodríguez:

Empecei a miña carreira deportiva cando era unha nena neste club. Axudoume a forxar o carácter, a organizarme e a saber que as cousas custan un esforzo. “Querer é poder”, recordo xente que tiña moi boas condicións, non obstante non posuían o tesón necesario para intentar chegar lonxe. Para nós, ao principio, todo era como un xogo, pero pronto se converteu en algo máis, nunha competición por ser o mellor. Pertencer ao club de atletismo, inculcou en min un afán de superación. Foron moitos nenos de Cangas e as súas parroquias os que pasaron polo club. Era un orgullo portar as cores do Vila, identificarse coa vila. Os materiais ao principio eran escasos, recordo un chándal azul cunha tira branca e outra amarela.

Estou encantada de que os inicios da miña carreira deportiva fosen neste club, e cando me preguntan, digo con orgullo que empecei no Vila de Cangas.







EPÍLOGO



Máis dun centenar de follas son testemuño do esplendor dun equipo. Forza, vontade e un longo etcétera que tingue cada recordo da nosa existencia.

O noso nome, Club de Remo Vila de Cangas. A nosa idade, vinte e cinco anos. O noso estado, punto de inflexión. A necesidade, novos voluntarios que rexeneren o sangue do equipo, con novos ideais e ganas de traballar.

Tres son os piares da nosa organización: a directiva, multitude de mans voluntarias que arriman o ombro nunha mesma dirección; os remeiros, deportistas novos detrás dunha actividade que dignifique a súa persoa; os socios, colectivo que xunta o factor común do cariño e o apego vital á entidade.

Orgullosos do estatus alcanzado e sen querer permanecer impasibles ao transcurso dos anos, pretendemos renovarnos para non quedar ancorados ao recordo de éxitos pretéritos. Facendo caso omiso daquel verso de Jorge Manrique que reza: «Calquera tempo pasado foi mellor», credo de escépticos pesimistas, o noso club pretende renovarse para volver ser grande entre os grandes, merecedor de triunfos e fiel testemuña de que “querer é poder”. Porque segundas partes, tamén poden ser boas.

O obxectivo último deste volume non é só o de actuar como arquivo mnemotécnico do tempo, senón perpetuar a nosa existencia, a existencia do Vila de Cangas.

En contrapartida, garantimos que as cores do Vila bombearán no sangue dos seus deportistas e a súa pel estará tinguida polos anos de voga. O sol, insignia e escudo do noso equipo, conformará os remeiros que porten con orgullo o seu emblema sobre o peito, con cada voga, ao son de cada ondada.

Que todo este pasado glorioso non quede no esquecemento da memoria é a tarefa que agora se lle encomenda ao ávido lector que escudriña estas letras, en busca dun significado a xeito de compendio. A síntese é que existen moitos segredos para triunfar. Aínda que na práctica todas as teorías se derruban. Todo se reduce á sorte dunha longa paciencia.

O segundo volume da Saga do Vila quizais tarde en escribirse outros vinte e cinco anos. A pregunta é: queres formar parte da nosa historia?







APÉNDICES



ASIENTO DE PRESENTACION

Se hace constar que los Estatutos *Club de Lomo Vila do Conego*
con domicilio en *Das Vinos da Localidade Conego do Morrazo*
Provincia *Pontevedra* perteneciente a la Federación
de *Lomo* han sido presentados en el día de la
fecha en el Registro de Clubs, Federaciones y Entidades deportivas de
la Dirección General de Deportes de la Xunta de Galicia para su
examen y aprobación, si procede.

La Coruña, *16 Septiembre 1986*
EL JEFE DEL REGISTRO,



DILIGENCIA: La extiendo para hacer constar que los presentes Estatutos de
Club de Lomo Vila do Conego,
registrado con el n.º 896.

han sido aprobados, de conformidad con lo dispuesto en el Decreto
n.º 82/1983, de 21 de Abril, publicado en el Diario Oficial de Galicia n.º 47, de
fecha 13 de Mayo de 1983.

La Coruña, *14 de Septiembre* de 1986
EL JEFE DEL REGISTRO



INSCRITA EN EL CENSO DE ENTIDADES JURIDICAS DEL MINISTERIO
DE HACIENDA CON EL C. I. *036040681*

Nº 1 - XUNTA XESTORA TEMPORAL

Presidente: Camilo Camaño Xestido
Vicepresidente 1º: Amable Rodal Barreiro
Vicepresidente 2º: Fernando Luaces Fernández
Secretario: Camilo Nores Maquieira
Tesoureiro: Serafín Docampo Menduína
Contadora: Sofía Hernández Sánchez
Vogal 1º: Vicente Parceró Gil
Vogal 2º: Manuel Gandón Nores
Vogal 3º: Juan Piñeiro Vázquez
Vicesecretario: Ricardo del Río Currás

Nº 2- PRESENTACIÓN OFICIAL DO CLUB DE REMO VILA DE CANGAS

Artigo publicado en *La Voz de Galicia*, o 20 de outubro de 1986, por A. García.

Cangas: presentouse oficialmente o Club de Remo Vila de Cangas

Foi presentado, de modo oficial, o Club de Remo Vila de Cangas. Con tal motivo, a cidade viviu un día de festa, que comezou co acto de presentación, nas inmediacións da praia de Rodeira, que estivo a cargo de Xosé Currás. Na súa alocución, Currás recordou a importancia que sempre tivo o remo en Galicia e, especialmente, en Cangas. Pediulles axuda a todos para que, de novo, se potencie este deporte tan popular.

Presentou seguidamente a xestora que, nestes momentos, e ata a primeira asemblea xeral, está composta por Camilo Camaño, Amable Rodal, Serafín Docampo, Camilo Nores, Fernando Luaces e Sofía Fernández. O preparador físico é Ricardo del Río e o adestrador Vicente Parceró Gil.

O presidente da xestora, Camilo Camaño, explicoulles aos presentes como naceu a iniciativa de formar este club de remo e recalcou o sentido cultural e deportivo deste. Tivo palabras de agradecemento para cantas persoas colaboraron no primeiro paso e pediu continuidade nesta colaboración, e propúxolles aos representantes da corporación municipal alí presentes, que se instaure, ao igual que noutros municipios onde está implantado o remo, a Bandeira do Concello de Cangas.

Destacou Camilo Camaño o material e os medios humanos con que conta actualmente, que espera vaian en aumento. Neste momento conta con dous bateis e unha traíñeira.

Entre as representacións oficiais asistentes no acto, atopábanse o tenente de alcalde, Alejandro López e outros concelleiros; representantes de clubs colegas, como Amegrove, Tui, Moaña, etc.; o presidente da Federación de Remo, Seijas Galán; axudante de Mariña de Cangas, Daniel Villanueva; o deputado provincial e concelleiro cangués César López, un representante da Casa do Mar e o xuíz de distrito, entre outros.



Referiuse moi especialmente o presidente da xestora á axuda recibida do club moarés Nosa Señora dos Remedios e, ao final da súa intervención, entregáronse pergameos de recoñecemento a vinte remeiros veteranos que foron campións de España en 1961. Tamén se lles entregaron outros a diversos organismos públicos e culturais como o Concello de Moaña, Cangas, Bueu, Garda Civil, Casa do Mar etc.

O IVE

Non faltaron referencias á aplicación do IVE ás embarcacións deportivas para o remo. Solicitouse publicamente que, á marxe das xestións que se realicen, as entidades deportivas queden exentas do 33% que se aplica.

Tampouco faltou a promesa do representante do concello, Alejandro López, que asegurou que se crearía a I Bandeira Concello de Cangas solicitada por Camilo Camaño e que se apoiaría a iniciativa do club e o seu labor. Seijas Galán, da Federación de Remo, avogou pola necesidade de crear este tipo de asociacións e a súa potenciación, que basean os seus fins e intereses no deporte do remo popular.

Pechou a quenda de intervencións César López, que dixo ser coñecedor das axudas que a deputación provincial dispón anualmente para estas iniciativas, tanto de tipo económico como material, e prometeu comunicarlle á administración as inquietudes do novo club de remo do Morrazo Vila de Cangas.

A continuación foi servida unha comida con empanadas e outros pratos típicos desta vila, que degustaron centos de persoas, en cuxo transcurso actuou o grupo folclórico da APA do colexio de San Roque de Darbo e o grupo de gaitas de Aldán.

Nº 3- LISTADO DE SOCIOS FUNDADORES

- | | |
|-------------------------------|---|
| 1. Ricardo del Río Currás | 17. M. ^a Carmen Rodal Sotelo |
| 2. Martín Rial González | 18. Manuel Gondón Nores |
| 3. Guillermo Rodal González | 19. Juan Piñeiro Vázquez |
| 4. Salvador Dasilva Hermelo | 20. Aquilino Rodríguez González |
| 5. Andrés Piñeiro Soliño | 21. Gustavo Rodríguez Durán |
| 6. Manuel Martínez Fernández | 22. Juan C. Lorenzo Crespo |
| 7. José Pedro Rial López | 23. Belarmino Fernández Cabodevila |
| 8. Manuel A. Vales Vahamonde | 24. Javier Bértolo Vieitez |
| 9. José Luis Fonseca Alvarez | 25. Manuel Méndez Rico |
| 10. J. Enrique Sotelo Villar | 26. Braulio Pérez López |
| 11. Manuel Cao Sotelo | 27. Gaspar Rivero González |
| 12. Camilo Camaño Xestido | 28. Manuel Martínez Chapela |
| 13. Fernando Luaces Fernández | 29. José Rial González |
| 14. Camilo Nores Maquieira | 30. Ángel González Carballo |
| 15. Serafín Docampo Mendiña | 31. Ramón Rios Soage |
| 16. Vicente Parceros Gil | 32. Luis Piñeiro Soliño |



- | | |
|---------------------------------|---|
| 33. Fernándo Ocaña Lagoa | 55. Armando Troncoso Currás |
| 34. José del Río Currás | 56. Manuel Pastoriza Carro |
| 35. Avelino Avilés Martínez | 57. Manuel Boubeta Carro |
| 36. Carlos Fernández Pérez | 58. Fernándo Lorenzo Gago |
| 37. Juan Manuel Rivas Sequeiros | 59. Jesús Boubeta García |
| 38. José Fernández Iglesias | 60. Agustín Guimerans Gallego |
| 39. Jaime Fernández Molanes | 61. José Otero Lemos |
| 40. Alfonso Martínez Paz | 62. Jesús Cao Graña |
| 41. Manuel Hermelo Vaqueiro | 63. Leoncio González Martínez |
| 42. Antonio Vaqueiro Hermelo | 64. Javier Piñeiro Santos |
| 43. Agostiño Entenza González | 65. Dolores Maquieira Troncoso |
| 44. Emilio Torres Soliño | 66. Clemente Bernándeز Fonseca |
| 45. Segundo Torres Soliño | 67. Agustín Vilas Otero |
| 46. María Coronado Vizcaya | 68. José Pérez Rúa |
| 47. Juan Carlos Macuño Martinez | 69. Saúl Santos Rodríguez |
| 48. José Rodríguez Martinez | 70. Javier Piñeiro Santos |
| 49. Antón Entenza Rodríguez | 71. José Antonio González Pérez |
| 50. Emilio Cordeiro Cancelas | 72. Francisco J. Piñeiro Lorenzo |
| 51. Manuel González Lemos | 73. M. ^a Alejandra Boubeta Boubeta |
| 52. Manuel Romero Malvado | 74. Alfonso Marcos González |
| 53. Francisco Fraga Pousada | 75. Pablo Nogueira Cancelas |
| 54. Manuel Dopico Lamas | |

Nº 4 - PRIMEIRA XUNTA DIRECTIVA - 1986-1991

Presidente: Camilo Camaño Xestido

Vicepresidenta 1º: Sofía Hernández Sánchez

Vicepresidente 2º: Belarmino Fernández Cabodevilla

Secretario: Camilo Nores Maquieira

Vicesecretario 1º: Manolo Boubeta Costas

Vicesecretaria 2º: Esther López González

Tesoureiro: Serafín Docampo Mendiña

Vicetesoureiro: Manuel Romero

Contador: Agustín Entenza González

Vogais: Fernando Luaces González, Juan Piñar Vázquez, José Otero Lemos, Jaime González Germade, Juan Rodríguez Molanes, Manuel Hermelo Baqueiro, J. Luis Paredes Cabaleiro, J. Manuel Martinez Chapela, José Rial González, Gerardo Vieira Fraga, José Rodriguez Martinez, Armando Iglesias Novovotiche, José Rodas Costas, Manuel Álvarez Martinez

Responsable de relacións públicas: Armando Álvarez Álvarez.



Nº 5 - I BANDEIRA VILA DE CANGAS DE BATEIS 1987

Artigo publicado en *Faro de Vigo*, o 19 de marzo de 1987, por Franco Cobas.

Éxito de organización do Club Vila de Cangas

Cun magnífico labor que todo o mundo gabou, o Club de Remo Vila de Cangas de recente andaina, celebrou a súa regata de bateis o pasado sábado na dársena da vila canguesa.

Repetiron vitoria absoluta por tempos en infantís, os atletas de Samertolameu de Meira, seguiuilles Chapela, mentres Amegrove e Remedios ocuparon a terceira e cuarta praza, e desbancaron a Bueu (terceiro en Cambados) á quinta posición.

En cadetes, outra vez Amegrove do Grove foi o gran e dobre campión, e anotouse o primeiro e segundo posto, mentres Remo Chapela segue sendo terceiro a apenas un segundo de diferenza, e séguelles San Juan tamén ameazador e moi preto do cuarto lugar.

A proba de xuvenís tamén a acadou, igual que en Cambados, o Club de Remo Chapela, pero o segundo lugar en Cangas foi para Remedios de Tirán, que mellorou a súa terceira praza, que deixou esta vez para Samertolameu de Meira. Amegrove conservou a súa cuarta posición absoluta.

En sénior si que se produciu un pequeno xiro con respecto á regata de Cambados da pasada semana. Remedios e San Juan, esta vez empregáronse máis a fondo e de forma curiosísima e espectacular, finalizaron ambos os dous vencedores. Foi unha manga emocionante ao máis alto grao, e entraron na meta os dous equipos de Tirán coas proas iguais, polo que os xuíces mellor situados que ninguén decretaron igualdade absoluta e polo tanto empate. Circunstancia inusual en remo, pero que fala por si soa da emoción e beleza. Terceiro foi C. Mar de Bueu que debutou con bo pé en sénior e cuarto Mecos do Grove, moi mellorado en detrimento de Remo Chapela que foi quinto.

Nº 6 - CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BATEIS 1988 - Cedeira

Artigo publicado en *Faro de Vigo*, o 9 de maio de 1988, por Franco Cobas.

Festival dos remeiros galegos no Campionato de España de bateis

Medallas de ouro para Vila de Cangas e Amegrove; Chapela conseguiu prata e Amegrove e A Cabana, bronce

Os Bateis galegos conseguiron unha actuación de auténtico éxito nos XLV Campionatos de España que se celebraron na vila coruñesa de Cedeira, o sábado coas eliminatorias e onte domingo coas finais. Non soamente coa clasificación de seis deles para as finais de honra, senón que foron espléndidos Campións de España en infantís e xuvenís e medallas nas catro categorías.



Un auténtico festival para os remeiros galegos, nun ambiente pleno de alegría e emoción, cun numerosísimo público que non só soubo animar con todo entusiasmo os seus remeiros, senón tamén aplaudir e alentar moi deportivamente os vascos, cántabros e astures, que competiron cos galegos. Unha gran festa malia o tempo plúmbeo e gris, que non foi obstáculo para o éxito que sumaron os nosos remeiros, en especial, Vila de Cangas-Yamaha e Amegrove do Grove, brillantes campións de España; senón tamén Pescanova-Chapela, medalla de prata en cadetes; Amegrove, medalla de bronce en cadetes igualmente e A Cabana; bronce en sénior. Pero analicemos as súas actuacións e as dos outros seis bateis galegos: Cabo de Cruz, Samertolameu de Meira, Muros e San Juan.

A proba de infantís deparounos a primeira grande alegría cunha vitoria sensacional de Sergio Rodriguez, Eusebio Cordeiro, César Núñez e David Castro, co patrón Andrés Cordeiro do Club Vila de Cangas-Yamaha, que cun ritmo frenético e trepidante non deron respiro a Bermeo, Laredo e Guetaria, difíciles rivais, entrando na meta en gran campión. Medalla de ouro e Bandeira de Campións de España que ondearon entre os aplausos daquel formidable público afeccionado. Cabo de Cruz gañou moi ben e con superioridade a final de consolación, con Meira en terceiro lugar. [...]

RESULTADOS TÉCNICOS

As clasificacións nas distintas categorías e os tempos empregados polas tripulacións nos 500 metros (infantís), 1.000 (cadetes), 1.050 (xuevnís) e 2.000 metros (*juniors*) foron as seguintes:

Infantís: 1. Cangas do Morrazo (Galicia) 2.15: 54
2. Bermeo (Biscaia) 2.16: 18
3. Laredo (Cantabria) 2.17: 19
4. Guetaria (Guipúscoa) 2.18: 44

Cadetes: 1. Santoña (Cantabria) 4.32: 27
2. Chapela (Galicia) 4.33: 70
3. Amegrove (Galicia) 4.34: 28
4. Ondarroa (Biscaia) 4.36: 32

Xuevnís: 1. Amegrove (Galicia) 6.53: 56
2. Santurce (Biscaia) 7.01: 87
3. Ondarroa (Biscaia) 7.08: 90
4. Carasa (Cantabria) 7.13: 49

Sénior: 1. Zírbana (Biscaia) 9.18: 05
2. Iberia (Biscaia) 9.22: 72
3. Cabana (Galicia) 9.23: 33
4. Remedios (Galicia) 9.30: 32



Nº 7 - IV TROFEO CONDE DE FENOSA. CAMPIONATO DE GALICIA DE BATEIS 1989 - Cangas

Artigo publicado en *Faro de Vigo*, o 1 de maio de 1989, por Franco Cobas.

Vila de Cangas, Cedeira, Amegrove e Chapela gañaron o Conde de Fenosa

Un tempo estival e soleado presidiu a formidable xornada, cos peiraos de Cangas abarrotados dun numerosísimo público que animou continuamente os seus remeiros. Soamente unha forte brisa de NW varría o campo de regatas que sopraba pola amura de estribor na recta de chegada, pero sen chegar a molestar demasiado.

As vitorias botaron unha superioridade de Galicia Sur, pois tres títulos quedaron aquí por soamente un que levaron os de Norte, e o mesmo nos equipos clasificados para o Campionato de España, xa que Galicia Sur clasificou 6 por 2 do Norte. Tamén houbo sorpresas e a alegría de ver clasificado a Virxe da Guía en sénior, non menos sorpresa foi ver a “caída” de Remedios. E en xuvenís, o desencanto de que non se clasificasen Vila de Cangas; nin en cadetes, Meira e Chapela cos que, en teoría, contabamos.

A categoría de infantís confirmou o prognóstico e Vila de Cangas-Yamaha levou a vitoria e superou claramente a Amegrove do Grove; mentres Pescanova-Chapela, gañador na primeira manga, era terceiro e Samertolameu de Meira, cuarto.

En cadetes houbo un campión que a nós non nos sorprendeu: o Club de Remo de Cedeira, que gañou e gañou moi ben nunha apertada final. Xa na confrontación de Vilagarcía, onde non tivo sorte nas eliminatorias, demostrou que había que contar con eles, e onte confirmárono. Seguírono N. S. Remedios-Unión.

O Fénix de Tirán foi segundo, C. Mar de Mugardos, terceiro e Pescanova-Chapela, cuarto. Todos nun segundo e 20/100. Fenomenal.

En xuvenís vitoria clara dos favoritos. Amegrove do Grove que souberon poñer en práctica a estratexia adecuada e remaron coa súa voga intratable.

Segundo foi Mar de Mugardos que superou a Vila de Cangas-Yamaha, posible favorito, pero equivocou a enfilación e perdeu metros a forza de buscar un innecesario abrigo do vento, e terceiro C. Remo de Ares, gañador da primeira manga.

E en sénior saltou a sorpresa. Os dous favoritos víronse “apeados” do título e Campionato de España: A Cabana de Ferrol e N. S. Remedios de Tirán eran os máis fortes, en teoría, entre os 8 participantes; non obstante Remedios, nun despiste grande, que adoita suceder nunha de cada cen regatas, equivocou a boia de virada e cando rectificou, perdeu todo. A Cabana, aínda gañando moi ben na súa manga, foi superada por tempos e con todas as honras por Pescanova-Chapela que se levou o título galego e estes co C. Remo Virxe da Guía, a clasificación para o nacional. Un éxito fabuloso, sen dúbida, en especial, para Virxe da Guía, que a súa segunda tempada xa van participar nun Campionato de España, o que significa unha xusta recompensa ao traballo e esforzo posto no empeño por este novel e novísimo club.



Logo de finalizar as regatas, fíxose entrega dos premios a todos os clubs participantes no Palco de Honra coa presenza do presidente da Federación Galega de Remo, José M.^a Seijas Galán e presidente do club organizador, Club de Remo Vila de Cangas-Yamaha, Camilo Caamaño e os seus directivos e colaboradores, así como outras autoridades civís e militares, Francisco Guerra, director do Banco Pastor de Cangas, José Manuel Siso, delegado de Unión Fenosa, como representante dos patrocinadores; así como Juan Guillín, dinámico secretario da comisión organizadora do trofeo Conde de Fenosa de Remo.

CLASIFICACIÓN

Os resultados oficiais xerais, dos que quedan clasificados os dous primeiros en cada categoría para o Campionato de España de Bateis 1989:

Infantís: 1. Vila de Cangas-Yamaha 2.06: 53
2. Amegrove de O Grove 2.10: 40
3. Pescanova-Chapela 2.10: 52
4. Samertolameu de Meira 2:13:79

Cadetes: 1. C. de Remo de Cedeira 4.16: 40
2. N. S. Remedios-U. e Fénix (Tirán) 4.18: 62
3. Club de Mar de Mugardos 4.19: 10
4. C. R. Pescanova-Chapela 4.19: 82

Xuvenís: 1. Amegrove do Grove 6.39: 36
2. Club de Mar de Mugardos 6.42: 88
3. Club de Remo de Ares 6.43: 60
4. Vila de Cangas-Yamaha 6.47: 85

Sénior: 1. C. R. Pescanova-Chapela 8.50: 89
2. C. Remo Virxe da Guía 8.52: 31
3. Club de Remo A Cabana Ferrol 8.52: 52
4. Club de Remo Cabo de Cruz 9.04: 84

Nº 8 - CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BATEIS 1989 - Santander

Artigo publicado en *Faro de Vigo*, o 10 de maio de 1989, por Franco Cobas.

Amegrove e Vila de Cangas, tal como estaba previsto, campións

Por segundo ano consecutivo demostraron ser as tripulacións máis fortes de España

Dixerámolo o sábado en *Faro de Vigo* e os nosos prognósticos cumpríronse puntualmente: Vila de Cangas-Yamaha en infantís e Amegrove do Grove en xuvenís, campións de España por segundo ano consecutivo.



O Campionato de España celebrado na baía de Santander o sábado e domingo, nun nacional que estivo presidido pola desorganización, incidencias e atrasos, cun campo de regatas mal medido e mal situado, unhas carreiras máis longas que outras etc. Todo un cúmulo de despropósitos que non deberon suceder nun Campionato de España. Malia todo, os remeiros galegos estiveron sensacionais e demostraron a súa forza e nivel nesta modalidade de banco fixo, o batel, no que dende hai varios anos son inimigos para bater polas escuadras asturiana, vasca e cántabra. Catro medallas trouxeron esta vez, nin máis nin menos que dúas bandeiras de Campións de España e as conseguintes medallas de ouro para o Club de Remo Vila de Cangas-Yamaha, na categoría infantil; e o Club de Remo Amegrove do Grove, en xuvenís, títulos que renovan ambos os dous, tras as súas vitorias formidables nas mesmas categorías o pasado ano no nacional de Cedeira.

[...] Xa nas eliminatorias do sábado os infantís de Vila de Cangas e Amegrove gañaron as súas respectivas mangas e cos tempos marcados e significáronse como grandes favoritos, adiviñándose unha gran loita entre galegos para o título (o mesmo que veu sucedendo toda a tempada nas regatas rexionais). A final non tivo máis cor que o amarelo dos cangueiros e grovenses, que decidiron o título por centésimas a favor dos primeiros, quedando Santoña, terceiros, a tres segundos de ambos os dous pola popa. A tripulación de Vila de Cangas-Yamaha estaba conformada polos remeiros José Ferverza Molanes, Roberto Costas Costas, Miguel Iglesias Costas e Eusebio Cordeiro Rodal e o patrón Andrés Cordeiro Rodal, ambos os dous irmáns repetiron o título de campións de España, pois xa estiveron na tripulación vitoriosa en Cedeira. [...]

CLASIFICACIÓN

Infantís (final de honra): 1. Vila de Cangas-Yamaha 2.50: 00
2. Amegrove de O Grove 2.50: 93
3. Santoña 2.53: 95
4. Santurce 2.56: 96

Nº 9- CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TRAIÑEIRIÑAS 1989- ZIÉRBANA

Artigo publicado en *Faro de Vigo*, o 5 de xuño de 1989, por Efe

Ouro para Vila de Cangas no nacional de traíñeiriñas

Tamén na categoría xuvenil, Amegrove alcanzou a medalla de bronce

[...] En categoría xuvenil, o Campionato de España recaeu nos galegos do Vila de Cangas, os que se impuxeron por tan só 48 centésimas aos asturianos de Castropol tras unha emocionante pugna entre ambos os dous botes. [...]



Quenda moi disputada

A quenda máis disputada de todas foi a que poñía en xogo o título xuvenil. Vila de Cangas obtivo cinco segundos na primeira ceavoga, pero Castropol reaccionou e colocouse na cabeza na segunda e última manobra. O último longo foi un destacado man a man entre galegos e asturianos, que desembocou nunha apertada *txampa* final na que os de Cangas se impuxeron por menos de medio segundo.

CLASIFICACIÓNS

Categoría xuvenil. Quenda de honra: 1. Vila de Cangas 10.30: 08
2. Castropol 10.30: 56
3. Amegrove 10.40: 08
4. Camargo 10.46.02

Nº 10- CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BATEIS 1991- Cangas

Artigo publicado en *Faro de Vigo*, o 6 de maio de 1991, por L. V.

Vila de Cangas brillante gañador no Campionato de España de Bateis

As embarcacións pontevedresas dominaron as quendas de infantís e cadetes

O remo galego logrou onte dous títulos nacionais na edición trinta e oito dos Campionatos de España de Bateis, disputados en Cangas do Morrazo. Ao igual que sucedera o ano pasado en Guetarea, os éxitos chegaron nas categorías inferiores. Amegrove conquistou o seu segundo triunfo consecutivo en infantís e Vila de Cangas impúxose en cadetes, tras un apertado final. En xuvenís e sénior, os vascos demostraron a súa superioridade, con dobrete para os remeiros de Orio. A xornada final do campionato disputouse cunha forte brisa e cheo absoluto no dique de abrigo do peirao de Cangas, que fixo as veces de improvisada bancada.

A canteira do remo galego volveu demostrar onte a súa puxanza, con vitorias nos Campionatos de España dentro das categorías infantil e cadete. [...].

Dentro da categoría cadete eran tres os barcos galegos que optaban ao título: Os Mecos, Vila de Cangas e Amegrove. Unha vez máis Amegrove parecía o favorito. Na primeira ceavoga tomou a dianteira Elantxove, pero a súa vantaxe era enganosa. Os vascos remaban a 38 padas por minuto, pero os seus tres perseguidores galegos facían a 42 padas. Na segunda ceavoga, Amegrove mandaba na regata, pero quedou no último longo. O mar parecía aberto para Elantxove, cando Vila de Cangas iniciou a súa remontada. As dúas tripulacións chegaron cos brazos en alto, dando por segura a súa vitoria. Tras uns minutos, eternos para a afección local, os xuíces déronlle o Campionato ao Vila de Cangas. [...]



CLASIFICACIÓNS

- Cadetes: final de honra:** 1. Vila de Cangas - Yamaha 6.33: 06
2. Elantxobe 6.33: 59
3. C. R. Mecos - Electrón 6.34: 02
4. Amegrove do Grove 6.36: 51

Nº 11 - SEGUNDA XUNTA DIRECTIVA - 1992-1995

Presidente: Gaspar Rivero González

Secretaria: María del Carmen Rodal Sotelo

Tesoureiro: Aquilino Rodríguez González

Vogais: Manuel Romero Fernández, Manuel Boubeta Costas, Vicente Parcero Gil, Enrique Broullón Villar, Agostiño Entenza González.

Nº 12 - OS BALBUCIDOS DO REMO FEMININO

Artigo publicado en *La Voz de Galicia*, o 23 de marzo de 1992, por J. L. B.

O club Vila de Cangas animou a súa exitosa formación de mulleres

A tripulación máis mimada de Pontevedra

Nominalmente só son o equipo feminino B do Club Vila de Cangas, pero na práctica pódese considerar as súas catro compoñentes como as rapazas máis mimadas do remo pontevedrés. As irmás xemelgas María José e María Jesús Bermúdez Herbello, Carmen Fernández e Marga Marchena son coidadas entre algodóns dende que na tempada pasada empezaron a despuntar nas primeiras probas de exhibición, cando conseguían doadas vitorias ante escuadras máis veteranas nas probas de bateis. Dende o inicio do curso escolar viven xuntas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra. No medio dun retiro case monacal, alternan os seus estudos de BUP coa dureza das cinco horas de adestramento diario nas augas do Lérez e no ximnasio do instituto deportivo.

As catro, que non só forman un grande equipo deportivo senón tamén humano, reivindicán a súa condición de pioneiras deste deporte no sur de Galicia: <<No norte as rapazas xa practican e compiten en bateis dende o ano pasado. Aquí é a primeira tempada en que os equipos femininos realizamos o calendario completo. Levamos un ano e medio practicando remo e creo que somos as primeiras que o fixemos. Ademais no centro de Pontevedra somos as únicas rapazas bolseiras para a sección de remo>>.

Vitorias constantes

A pesar da súa inexperiencia -todas elas son xuvenís de primeiro ano e teñen entre 16 e 17 anos- non lles deron opción aos seus rivais no que vai de liga. María José, con certo orgullo, recorda perfectamente a vantaxe que lles sacaron ás súas perseguidoras



nas últimas tres regatas: <<Na primeira foron 29 segundos, na seguinte 17 e na terceira 23. Non tivemos rival ata o momento e as únicas que nos fan algo de sombra son as compañeiras do equipo do Vila de Cangas>> [...]

Vida monacal

Aínda que a súa xuventude resultaría propicia para levar o ritmo de vida do prototipo adolescente, o Centro de Alta Tecnificación Deportiva sométeas a unha vida totalmente monacal.

As xemelgas do equipo explícanos con certo aire resignado, entre a satisfacción pola melloría física e intelectual e a amargura por privarse doutras diversións atraentes: <<Levantámonos cedo e ás mañás combinamos os adestramentos cos estudos. Á tarde temos as clases de terceiro de BUP e ao final do día unha hora e media de estudo obrigatorio, ademais da preparación no Lérez e no ximnasio. En total, son cinco horas de adestramento diario, pero levámolo ben, porque nos gusta, aínda que adoitamos rematar moi cansas>>. [...]

Problemas de vestiarios

A novidade que supón o remo feminino pálpase nalgúns aspectos prácticos que poderían parecer nimios e acabarían supoñendo preocupacións. Por exemplo, un dos problemas inéditos con que se toparon os clubs esta tempada é a carencia de vestiarios específicos para acoller as mulleres. Ata agora imperaba nas duchas unha lóxica comunidade indiscriminada, pero a chegada das rapazas obrigará a emprender obras de reforma nas instalacións dos clubs pioneiros en contar co seu concurso.

Outras sociedades deportivas non terán que renovar os seus vestiarios. Simplemente porque certa actitude obstinada lles impide aínda aceptar a presenza de mulleres vogando nos seus bateis.

Pais reticentes, a oposición na propia casa

Os primeiros intentos das rapazas canguesas sobre un batel foron hai ano e medio, ao principio coa intención de facer algo novo e despois por puro entusiasmo. As catro son cómplices á hora de xustificar a súa afección: <<Queremos romper a desigualdade entre homes e mulleres neste deporte, que sempre estivo dominado polos rapaces. Aínda que en forza nunca poderemos igualalos, en técnica mesmo o faremos mellor>>.

Mesmo cunhas ideas tan claras, o sentir machista púxollo difícil ao principio: <<Os nosos pais non o vían ben, dicían que eran cousas de rapaces e que había outros deportes para nós, pero agora non perden unha regata e anímannos moitísimo>>, explicou María José, a máis desenvolvida das catro, e como elas din, << a máis forte>>.

Un home sen temoneiro

A pesar das súas reivindicacións a favor da muller, o temoneiro é un home, Alberto Lagoa. << Non hai posibilidade de atopar unha rapaza para este posto, pero nós somos as que mandamos, aínda que el nos orienta nas regatas>>, matiza Carmen.



Aínda que elas reciben axudas por estar no Centro de Tecnificación, queren pedir máis apoio para o seu club, o Vila de Cangas, que segundo as propias remeiras: <<A pesar de ser campión de España, non conta cos medios necesarios e habitualmente ten que pedir material prestado. O Concello de Cangas debería de axudar máis a un dos clubs que máis pasea o seu nome>>.

<<Si que hai un pouco de machismo>>

Vilagarcía (Redacción, por F. S.). Esquecido o soño de ser princesa, esta era a penúltima praza que lles quedaba por conquistar, e que xa están aquí. Preto dun centenar de rapazas irromperon nun deporte que parecía coto privado do xénero masculino, e esta tempada están a competir en regatas máis ou menos improvisadas polo litoral galego.

Algúns clubs míranas por enriba do ombro e con aire de superioridade, e outros lánzanse con entusiasmo a explotar esta veta, pero por enriba das diferenzas de criterio, uns e outros saben que son o mellor cebo para conseguir que os rapaces non cambien o remo polo balón ou a raqueta.

Dez clubs en vangarda

Os Mecos-Auga de Mondariz, Vila de Cangas, Amigos da Vela Latina, Liceo de Bouzas, Fogar do Pescador, Mugar dos, San Felipe, Portiño, Esteirana ou Noia son algúns dos clubs que incorporaron tripulacións femininas á competición do batel, e aínda que os seus resultados non teñen aínda un carácter oficial, están a regatear de xeito regular durante estes comezos de ano.

Ademais, a maioría destes clubs pioneiros entenden que se debería organizar un campionato no ámbito autonómico, co fin de estimular a participación, mentres que outros máis tradicionalistas consideran a presenza feminina como unha simple anécdota.

Nº 13 - TERCEIRA XUNTA DIRECTIVA - 1995-1999

Presidente: Óscar Carracelas Costas

Vicepresidente: Roberto Docío Molanes

Secretario: Fernando Crego Vidal

Tesoureiro: Salvador Dasilva Hermelo

Delegados: Cándido Bernárdez Cabanelas, Jorge Castro Piris

Vogais: Jesús M. Martínez Cortizo, Antonio Parcerro Iglesias, Teresa Bernárdez Cabanelas, José María Bernárdez Bonet, Anxo Figueroa Vidal.

Nº 14 - CUARTA XUNTA DIRECTIVA - 1999-2002

Presidente: José Antonio Álvarez Carrera

Vicepresidenta: María Teresa Bernárdez Cabanelas

Secretaria: María Elisa Núñez Martínez

Tesoureira. Remedios Esther Rial Sanjuán

Vogal: Juan Cochón Ríos



Nº 15 - CATRO PRESIDENTES E UN GRANDE OBXECTIVO, AGORA CUMPRIDO

Artigo publicado na revista *Tempo de Traíñas*, Ano IV, nº 25, p. 21.

Ao longo destes anos, o Vila de Cangas tivo catro presidentes, Camilo Xestido foi ou primeiro e xunto coa súa directiva principiou o longo camiño pola consecución dun edificio onde ter a súa sede. Era obvio que para el non foi simplemente un acto de inauguración máis. “Son tantas ás cousas que pasan agora mesmo pola cabeza que me resultaría complicado elixir unha. Quizais, lembre con máis cariño aquela primeira traíña que mercamos a Remedios. Pagamos 250 mil pesetas, era vella e moi pesada, pero traballando día e noite renovámola e case milagrosamente participou na súa primeira regata aos poucos días”, lembrou Xestido.

“Isto naceu por impulso dun grupo que vía que Cangas quedaba postergada polo tirón que deron os equipos de Moaña (Meira, San Juan e Remedios) e quixemos facer algo. Así, unha noite xuntámonos Camilo Nores, Ricardo del Río, Manel Iglesias, Vicente, Sofía e mais eu, e démoslle forma ou club. Pouco tempo despois engadiuse o atletismo e chegamos a ter mil fichas. Era unha tolada aquilo!

Gaspar Rivero foi ou segundo presidente do Vila e quen dende a reflexión sinalou: “Como di o refrán *nunca é tarde se a dita é boa*. Para chegar a isto non se sabe ben a cantidade de frustracións e desgustos que se pasaron pero agora xa pasaron e benvido sexa”; dixo Gaspar.

“O club é un seguro, sobre todo para a saúde dos deportistas. Despois de todo o que se pasou agora traballárase con máis seguridade, hixiene etc. A traíña sempre foi a materia pendente do Vila de Cangas. En bateis e traíñeira e banco móbil, temos un historial consolidado entre os grandes. Pero sempre valorei máis o traballo de bases e a formación dos deportistas e agora temos medios par seguir nesa liña”, recoñeceu Rivero.

Óscar Carracelas foi o presidente anterior ao actual e, por suposto, tivo a súa participación neste logro. “Para min é o *máis do máis* e se o remo xa tiña vida en Cangas, agora terá o dobre ou máis. Como dicía o defunto do meu irmán, os remeiros de Cangas coñecíanos ben polos pés que os tiñamos marcados. Agora temos unha rampla e van facer outra e os barcos xa non se golpearán. Os remeiros poden saír ao mar facilmente ou adestrar a cuberto se o tempo non é bo. Sairán de aquí duchados... Hai un lugar para reparar os barcos...É algo estupendo!”, definiu Carracelas.

O sentir dos propios deportistas non defire moito dos directivos. Por exemplo, María José, remeira con moitos títulos no seu haber manifestou: “Pasamos de non ter nada a ter algo e sentímonos moi ben. É unha motivación máis pola que traballar”. Mentres a súa compañeira Sheila engade: “Tantos anos loitando por tantas cousas e por fin conseguimos as cousas. Primeiro ter bandeiras femininas e agora estas instalacións, cousa que nos da moral para seguir neste deporte tan duro e sacrificado.



Nº 16 - QUINTA XUNTA DIRECTIVA - 2002-2006

Presidente: Fernando Crego Vidal

Vicepresidente: Antonio Parcero Iglesias

Vicepresidente segundo: José Freire Iglesias

Tesoureiro: Jesús Gestido Coya

Secretario: Manuel Lemos Rodríguez

Vogais: Jaime Gil Rodríguez, Jesús Gestido Camaño, José Ramón Fernández Conde,
Mario Gil Rodríguez.

Nº 17 - SEXTA XUNTA DIRECTIVA - 2006-2010

Presidente: Jesús Molanes Molanes

Vicepresidenta: R.Esther Rial Sanjuán

Tesoureiro: Amable Guimeráns Entenza

Secretario: Andrés Romero Martínez

Vogais: David Fandiño Rodas, Tomás Cochón Rial, José Paz Collazo, Francisco J. Fernández Santomé, José Ramón Fernández Conde, José María Fernández Bonet, Marcos Molanes Otero, Pedro Molanes Boubeta, Carlos Ramírez Insua, Rita Gago Malvido.

Nº 18 - SÉTIMA XUNTA DIRECTIVA - 2010-2011

Presidente: José Ignacio Casqueiro Pazó

Secretario: Manuel Lemos Rodríguez

Tesoureiro: Mario Sotelo Dacosta

Vogais: Aarón Villar Durán, José Ramón Fernández Conde, María José Durán Souto e Iván García González.







Apéndice estadístico

CAMPIONATOS DE ESPAÑA BATEIS

- 1987 Bermeo, 7º . Cad. Masc.**
Manolo González, Liño Graña,
Mario Rodríguez, José Ferrál e
Chapi
- 1988 Cedeira, OURO. Inf. Masc.**
Sergio Rodríguez, David Castro,
César Núñez, Eusebio e Andrés
Cordeiro
- 1989 Santander, OURO. Inf. Masc.**
Miguel Iglesias, Roberto Costas,
José Ferverza, Eusebio e Andrés
Cordeiro
- 1990 Guetaria, BRONCE. Xuv.Masc.**
Fernándo Crego, Xaime Martínez,
José Ferral, Óscar Carracelas e
Andrés Cordeiro
- 1991 Cangas, OURO. Cad. Masc.**
Miguel Iglesias, Roberto Costas,
Alberto Nogueira, Eusebio e
Andrés Cordeiro
- 1993 Castro Urdiales, OURO. Abs. Fem.**
M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez,
Carmen Fernández, Margarita
Marchena e Aroa Soage
- 1993 Castro Urdiales, 5º. Sén. Masc.**
Fernándo Crego, Óscar Carracelas,
Jesús Manuel Martínez, David
Barreiro e Alberto Lagoa
- 1994 Sestao, BRONCE. Inf./Cad. Fem.**
Sara Gestido, Rosa Fernández,
Sonia Casqueiro, Sheila Rodríguez
e Aroa Soage
- 1994 Sestao, 4º. Xuv./Sén. Fem.**
M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez,
Natalia Mera, Margarita Marchena
e Aroa Soage
- 1994 Sestao, 7º. Sén. Masc.**
Fernándo Crego, Óscar Carracelas,
Jesús Manuel Martínez, Jesús
Iglesias e David Fandiño
- 1995 A Coruña, OURO. Inf./Cad. Fem.**
Sara Gestido, Sheila Rodríguez,
Aroa Soage, Sonia Casqueiro e
M.^a del Socorro Soage
- 1995 A Coruña, BRONCE.
Xuv./Sén. Fem.**
M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez,
Natalia Mera, Rosa Rocha e
Aroa Soage
- 1995 A Coruña, PRATA. Cad. Masc.**
Óscar Rebouzas, Ángel Paredes,
Rodrigo Rodríguez, Manuel
Boubeta e Rodrigo Viéitez.
Suplentes: Juan Fernández Lanzós,
Sergio Fernández, Agustín García
- 1996 Avilés, BRONCE. Inf./Cad. Fem.**
Sara Gestido, Rosa Rocha, Alicia,
Aroa Soage e M.^a del Socorro
Soage
- 1996 Avilés, Bronce. Xuv./Sén. Fem.**
M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez,
Sheila Rodríguez, Alicia e M.^a del
Socorro Soage
- 1997 Castro Urdiales, PRATA.
Xuv./Sén. Fem.**
M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez,
Sheila Rodríguez, Alicia e Aroa
Soage
- 1997 Castro Urdiales, BRONCE.
Inf.Masc.**
Tomás Cochón, Rafa Franco,
Antonio Giraldez, Mario Lagoa e
Isolino Campos.



- 1997 Castro Urdiales, BRONCE. Xuv. Masc.**
Óscar Rebouzas, Angel Paredes, Juan Soliño, Manuel Boubeta e Juan Bernárdez.
Suplente: David Fandiño
- 1998 Castro Urdiales, OURO. Xuv./Sén. Fem.**
M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez, Sheila Rodríguez, Alicia e Aroa.
Suplentes: Rosa Rocha e Patricia Fernández
- 1998 Castro Urdiales, 5º. Inf. Masc.**
Jesús Ibán Fernández, Rafa Franco, Diego Nogueira, Diego Camaño e Isolino Campos.
Suplente: Víctor Martínez
- 1998 Castro Urdiales, 7º. Cad. Masc.**
Alberto Carracelas, Tomás Cochón, Rubén Cerqueira, Antonio Giráldez e Juan Bernárdez
- 1999 A Coruña, BRONCE. Cad. Masc.**
Tomás Cochón, Xullo Iglesias, Antonio Giráldez, Jesús Ibán Fernández e Isolino Campos
- 2000 Trasona, PRATA. Xuv./Sén. Fem.**
M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez, Teresa Castro, Sheila e Noelia Martínez
- 2002 Sestao, PRATA. Inf./Cad. Fem.**
Marta Cochón, Cecilia González, Noelia Martínez, Verónica Fernández e Cecilia Vilas.
Suplentes: Laura Riobó e Sandra Rodríguez
- 2003 A Coruña, OURO. Inf./Cad. Fem.**
Marta Cochón, Noelia Martínez, Rebeca Lago, Nerea Costas e Cecilia Vilas

- 2003 A Coruña, 7º. Xuv./Sén. Fem.**
Rosa Rocha, Sonia Casqueiro, Cecilia González, Rebeca, Romina Santomé e Sandra Rodríguez
- 2004 Ferrol, 9º. Inf./Cad. Fem.**
Marta Cochón, Nerea Costas, Andrea Prieto, Iria Castro, Marta Lago e Laura Riobo
- 2005 Santander, 4º. Inf./Cad. Fem.**
Marta Cochón, Nerea Costas, Andrea Prieto, Laura Riobo e Cecilia Vilas. Suplentes: Marta Lago e Iria Castro
- 2010 Ferrol, 7º. Xuv. Fem.**
Sara González, Ruth Ventosinos, Sara Malvar, Andrea Tiscar e Alejandro Ferreira

CAMPIONATOS DE ESPAÑA TRAINERILLAS

- 1989 Zierbana, OURO. Xuv. Masc.**
Lino Graña, J. Luis Iglesias, José Ferral, Xaime Martínez, Fernando Crego, Manuel González e Teixeira
- 1990 Cillero, PRATA. Xuv. Masc.**
José Ferral, Xaime Martínez, Óscar Carracelas, Mario Rodríguez, Jesús Manuel Martínez, David e Jaime Gil
- 1995 Avilés, 5º. Xuv. Masc.**
Jesús Gestido, José Ignacio Casqueiro, Maximino Piñeiro, Manolo Lemos, Fernando Malvido, Berto e Nécora
- 1996 Castro Urdiales, FR. Xuv. Masc.**
Óscar Rebouzas, Ángel Paredes, Rodrigo Rodríguez, Manuel Boubeta, Fernando Lanzós, David Freire e Alberto Lago



**CAMPIONATOS DE ESPAÑA DE
BANCO MÓBIL**

- 1990 Castrelo do Miño, BRONCE. Cad. Masc. 2-**
Sergio Rodríguez e César Núñez
- 1990 Castrelo do Miño, 5º. Inf. Masc. 8+**
- 1991 Legutiano, OURO. Cad. Masc. 2-**
Jesús Gestido e José Ignacio Casqueiro
- 1991 Legutiano, 4º. Xuv. Masc. 4-**
David Castro, Sergio Rodríguez,
David Lago e Santiago (Olímpico)
- 1991 Legutiano, 7º. Cad. Fem. 2x**
M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez
- 1992 Legutiano, OURO. Cad. Masc. 2-**
Jesús Gestido e José Ignacio Casqueiro
- 1992 Legutiano, PRATA. Cad. Masc. 1x**
Miguel Iglesias
- 1992 Legutiano, 7º. Xuv. Masc. 1x**
Eusebio Cordeiro.
- 1992 Legutiano, BRONCE. Xuv. Fem. 1x**
M.^a Jesús Bermúdez
- 1992 Legutiano, BRONCE. Xuv. Fem. 2x**
M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez
- 1992 Legutiano, PRATA. Xuv. Fem. 4x**
M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez,
Carmen Fernández e Margarita Marchena
- 1992 Legutiano, 4º. Xuv. Masc. 2-**
Eusebio Cordeiro e Francisco Prieto
- 1992 Legutiano, OURO. Xuv. Masc. 4+**
Sergio Rodríguez, David Castro,
Roberto Costas, David Lago e David Fandiño
- 1992 Legutiano, PRATA. Xuv. Masc. 4-**
Sergio Rodríguez, David Castro,
David Lago e Francisco Prieto
- 1993 Mequinenza, OURO. Cad. Masc. 2-**
Jesús Gestido e José Ignacio Casqueiro
- 1993 Mequinenza, OURO. Xuv. Fem. 2x**
M.^a Jesús e M.^a José Bermúdez
- 1994 Banyolas, OURO. Cad. Fem. 2x**
Sara Gestido e Rosa
- 1994 Banyolas, OURO. Xuv. Masc. 2-**
Jesús Gestido e José Ignacio Casqueiro
- 1994 Banyolas, OURO. Xuv. Masc. 2+**
Maximino Piñeiro, Miguel Iglesias
e David Fandiño
- 1994 Banyolas, 6º. Sén. Fem. 1x**
M.^a Jesús Bermúdez
- 1995 Sevilla, OURO. Xuv. Masc. 2x**
Maximino Piñeiro e Bernardo Maiz Bar
- 1995 Sevilla, PRATA. Xuv. Masc. 2-**
Jesús Gestido e José Ignacio Casqueiro
- 1995 Sevilla, OURO. Xuv. Masc. 4x**
Jesús Gestido, José Ignacio Casqueiro,
Maximino Piñeiro e Bernardo Maiz Bar
- 1996 Banyolas, OURO. Xuv. Masc. 2+**
Rodrigo Rodríguez, Sergio Fernández e Rodrigo Viéitez
- 1999 Mequinenza, 5º. Inf. Masc. 2x**
Rodrigo Rodríguez e Víctor Martínez
- 1999 Mequinenza, Final B. Cad. Masc. 8+**
Tomás Cochón, Julio Iglesias,
Antonio Giráldez, Jesús Ibán Fernández,
Mario Lagoa, Abraham Ruibal, Salvador da Silva,
Rafael Franco e Rafa
- 2008 Castrelo do Miño, OURO. Vet. Fem. 2x**
M.^a José Bermúdez e María Brocos



**CAMPIONATOS DO MUNDO DE
BANCO MÓBIL**

1992 Montreal, 6º. Xuv. Masc. 8+

David Castro, David Lago e
Francisco Prieto

1993 Oslo, 6º. Xuv. Fem. 4x

M.^a Jesús Bermúdez

1994 Múnic, 4º. Xuv. Masc. 4-

Jesús Gestido e José Ignacio
Casqueiro

1994 Múnic, 5º. Xuv. Masc. 2+

Maximino Piñeiro e
Miguel Iglesias

1995 Poznan, BRONCE. Xuv. Masc. 4-

José Ignacio Casqueiro e
Maximino Piñeiro

1995 Poznan, 9º. Xuv. Masc. 8+

Jesús Gestido

1997 Bélxica, 7º. Xuv. Masc. 8+

Rodrigo Rodríguez



ANO 1987

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Cambados 07/03/1987

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 11º e 13º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 6º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 8º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS. Cangas 14/03/1987

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 8º e 13º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 5º e 7º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 10º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Chapela 19/03/19897

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 9º e 17º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 6º e 7º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 11º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

O Grove 21/03/1987 (Mecos)

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 8º e 12º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 5º e 6º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 10º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Meira 28/03/1987

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 3º e 12º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 8º e 9º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 9º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Bueu 11/04/1987

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 6º e 11º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 1º e 6º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 8º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Tirán 12/04/1987 (San Xoán)

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 3º e 14º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 6º e 7º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 7º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Cesantes 16/04/1987

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 7º e 12º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 5º e 7º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 8º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

O Grove 18/04/1987 (Amegrove)

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 4º e 12º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 4º e 8º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 7º

● III BANDEIRA CONCELLO MOAÑA BATEIS.

Tirán 26/04/1987 (Remedios)

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 6º e 15º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 4º e 7º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Marín 01/05/1987

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 7º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 4º

■ CAMPIONATO TERRITORIAL SUR BATEIS

II TROFEO CONDE FENOSA BATEIS

■ CAMPIONATO GALEGO BATEIS.

Meira 03/05/1987

CADETE MASCULINO Vila de Cangas 2º

■ CAMPIONATO ESPAÑA BATEIS.

Bermeo 9-10/05/1987

CADETE MASCULINO Vila de Cangas 7º

● REGATA LIGUIÑA TRAIÑEIRIÑAS.

Tirán 16/05/1987 (Remedios)

XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 4º

● REGATA LIGUIÑA TRAIÑEIRIÑAS.

Cangas 23/05/1987 (Vila Cangas)

XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5º

● REGATA LIGUIÑA TRAIÑEIRIÑAS.

Chapela 24/05/1987

XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5º

● II BANDEIRA CONCELLO MOAÑA

TRAIÑEIRIÑAS. Tirán 31/05/1987

(San Xoán)

XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 6º

■ CAMPIONATO TERRITORIAL SUR

TRAIÑEIRIÑAS.

O Grove 06/06/1987 (Amegrove)

XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5º

● I BANDEIRA CONCELLO REDONDELA

TRAIÑEIRAS. Chapela 28/06/1987

Vila de Cangas 9º

● I BANDEIRA INTERCÉLTICA DO MORRAZO

BATEIS. Moaña 04/07/1987

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 3º

CADETE MASCULINO Vila de Cangas 3º

● I BANDEIRA INTERCÉLTICA DO MORRAZO

TRAIÑEIRAS. Moaña 04/07/1987

Vila de Cangas 6º

● VI GRAN PREMIO-BANDEIRA EL CORTE

INGLÉS TRAIÑEIRAS. Vigo 12/07/1987

Vila de Cangas 9º

● V BANDEIRA CONCELLO MOAÑA TRAIÑEIRAS.

Meira 19/07/1987 Vila de Cangas 6º

● TROFEO NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS

TRAIÑEIRAS. Tirán 26/07/1987

Vila de Cangas 4º

● IV BANDEIRA DESCUBRIMENTO TRAIÑEIRAS.

Baiona 01/08/1987

Vila de Cangas 6º

● I TROFEO FESTA SAN SALVADOR BATEIS.

Teis 06/08/1987

CADETE MASCULINO Vila de Cangas 1º

● III BANDEIRA CONCELLO O GROVE

TRAIÑEIRAS. O Grove 08/08/1987 (Mecos)

Vila de Cangas 4º

● II BANDEIRA XUNTA GALICIA TRAIÑEIRAS.

Tirán 15/08/1987 (San Juan)

Vila de Cangas 9º

■ IX TROFEO CONDE FENOSA TRAIÑEIRAS.

Vilagarcía 29-30/08/1987

Vila de Cangas 9º (clasificatoria)

● I BANDEIRA CONCELLO CANGAS TRAIÑEIRAS.

Cangas 05/09/1987 Vila de Cangas 6º

● II BANDEIRA CONCELLO VIGO TRAIÑEIRAS.

Vigo 13/09/1987

Vila de Cangas 6º



ANO 1988

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

O Grove 05/03/1988 (Mecos)

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 5º e 6º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 3º e 10º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5º e 6º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS. Marín 12/03/1988

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º e 7º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 3º e 4º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5º e 7º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Bouzas 19/03/1988

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º e 9º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 2º e 6º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Chapela 26/03/1988

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º e 10º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 2º e 5º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5º e 9º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 7º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Cesantes 02/04/1988

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º e 7º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 4º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5º e 11º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 7º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Tirán 04/04/1988 (Remedios)

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º e 13º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 1º e 5º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 7º e 8º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 7º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Cangas 09/04/1988

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º e 9º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 1º e 6º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 4º e 8º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 7º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS.

Tirán 10/04/1988 (San Juan)

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º e 10º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 1º e 5º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 4º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 6º

● IV BANDEIRA CONCELLO MOAÑA BATEIS.

Meira 16/04/1988

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º e 10º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 2º e 5º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 4º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 7º

● REGATA LIGUIÑA BATEIS. Bueu 17/04/1988

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 4º e 13º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 2º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 3º

■ CAMPIONATO TERRITORIAL SUR BATEIS.

O Grove 24/04/1988 (Amegrove)

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 2º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5º

■ III TROFEO CONDE FENOSA BATEIS. CAMPIONATO GALEGO BATEIS.

A Pobra do Caramiñal 30/04/1988

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 3º

■ XLV CAMPIONATO ESPAÑA BATEIS.

Cedeira 07-08/05/1988

INFANTÍS Vila de Cangas 1º

● REGATA LIGUIÑA TRAIÑEIRIÑAS.

Cangas 14/05/1988

XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 5º

● REGATA LIGUIÑA TRAIÑEIRIÑAS.

Meira 15/05/1988

XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 6º

● REGATA LIGUIÑA TRAIÑEIRIÑAS.

Chapela 22/05/1988

XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5º

■ III BANDEIRA CONCELLO MOAÑA

TRAIÑEIRIÑAS. CAMPIONATO GALEGO SUR

TRAIÑEIRIÑAS. Tirán 28/05/1988 (Remedios)

XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 3º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 7º

■ CAMPIONATO GALEGO TRAIÑEIRIÑAS.

Tirán 29/05/1988 (San Xoán)

XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 3º

● I BANDEIRA DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

TRAIÑEIRAS. Vilagarcía 25/06/1988

Vila de Cangas 9º

● VII GRAN PREMIO-BANDEIRA EL CORTE

INGLÉS TRAIÑEIRAS. Vigo 03/07/1988

Vila de Cangas 9º

● VI BANDEIRA CONCELLO MOAÑA

TRAIÑEIRAS. Tirán 17/07/1988 (San Xoán)

Vila de Cangas 6º

● IV BANDEIRA CONCELLO O GROVE

TRAIÑEIRAS. O Grove 23/07/1988

(Amegrove)

Vila de Cangas 12º

● II BANDEIRA CONCELLO REDONDELA

TRAIÑEIRAS. Cesantes 25/07/1988

Vila de Cangas 9º

● II BANDEIRA INTERCÉLTICO DO MORRAZO

TRAIÑEIRAS. Tirán 28/07/1988 (Remedios)

Vila de Cangas 6º

● I BANDEIRA CONCELLO BUEU TRAIÑEIRAS.

Bueu 29/07/1988

Vila de Cangas 6º

● III BANDEIRA CONCELLO VIGO TRAIÑEIRAS.

Vigo 31/07/1988

Vila de Cangas 8º

● III TROFEO TERESA HERRERA TRAIÑEIRAS.

A Coruña 06/07/08

Vila de Cangas 12º

● II TROFEO FESTA SAN SALVADOR BATEIS.

Teis 08/08/1988

INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º e 5º

CADETE MASCULINO Vila de Cangas 5º

● III BANDEIRA XUNTA GALICIA TRAIÑEIRAS.

Rianxo 15/08/1988

Vila de Cangas 9º



- **IV BANDEIRA CONCELLO VILAGARCÍA TRAIÑEIRAS.** Vilagarcía de Arousa 20/08/1988
Vila de Cangas 7º
- **V BANDEIRA DESCUBRIMENTO TRAIÑEIRAS.** Baiona 21/08/1988
Vila de Cangas 5º
- **X TROFEO CONDE FENOSA TRAIÑEIRAS.** Meira 27-28/08/1988
Vila de Cangas 8º
- **II BANDEIRA CONCELLO CANGAS TRAIÑEIRAS.** Cangas 03/09/1988
Vila de Cangas 5º

ANO 1989

- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.** Meira 04/03/1989
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 9º e 15º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2º e 5º
- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.** O Grove 11/03/1989 (Mecos)
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 3º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 9º e 14º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5º e 6º
- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.** Tirán 18/03/1989 (Remedios)
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 2º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 8º e 15º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2º e 5º
- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.** Chapela 23/03/1989
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 2º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 12º e 13º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2º e 19º
- **CONFRONTA AUTONÓMICA BATEIS.** O Grove 26/03/1989 (Amegrove)
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 3º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
- **CONFRONTA NACIONAL BATEIS.** Vilagarcía de Arousa 01-02/04/1989
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 2º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 3º
- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.** Marín 08/04/1989
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 13º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2º e 3º
- **I BANDEIRA CONCELLO VIGO BATEIS.** Teis 22/04/1989
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 11º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2º e 4º
- **CAMPIONATO TERRITORIAL SUR BATEIS.** Bueu 23/04/1989
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 12º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2º
- **IV TROFEO CONDE FENOSA BATEIS CAMPIONATO GALEGO BATEIS.** Cangas 30/04/1989
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 4º

- **V BANDEIRA CONCELLO MOAÑA BATEIS.** Tirán 01/05/1989 (San Xoán)
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 7º e 8º
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2º
- **XLVI CAMPIONATO ESPAÑA BATEIS.** Santander 06-07/05/1989
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
- **REGATA LIGUIÑA TRAIÑEIRIÑAS.** Cangas 13/05/1989
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 6º
- **REGATA LIGUIÑA TRAIÑEIRIÑAS.** Tirán 14/05/1989 (Remedios)
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 6º
- **REGATA LIGUIÑA TRAIÑEIRIÑAS.** O Grove 20/05/1989 (Amegrove)
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 6º
- **IV BANDEIRA CONCELLO MOAÑA TRAIÑEIRIÑAS.** Meira 21/05/1989
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 5º
- **CAMPIONATO TERRITORIAL SUR TRAIÑEIRIÑAS.** Chapela 25/05/1989
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 6º
- **CAMPIONATO GALEGO TRAIÑEIRIÑAS.** Ares 28/05/1989
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2º
- **XLIII CAMPIONATO ESPAÑA TRAIÑEIRIÑAS.** Zierbena 03-04/06/1989
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 1º
- **II BANDEIRA DEPUTACIÓN PONTEVEDRA TRAIÑEIRAS.** Tirán 25/06/1989 (Remedios)
Vila de Cangas 8º
- **TROFEO CONCELLO CESURES TRAIÑEIRAS.** Cesures 01/07/1989
Vila de Cangas 9º
- **I BANDEIRA FESTA SAN CRISTOVO BATEIS.** Cangas 08/07/1989
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 3º
- **VIII GRAN PREMIO-BANDEIRA EL CORTE INGLÉS TRAIÑEIRAS.** Vigo 09/07/1989
Vila de Cangas 11º
- **VII BANDEIRA CONCELLO MOAÑA TRAIÑEIRAS.** Tirán 15/07/1989 (Remedios)
Vila de Cangas 8º
- **V BANDEIRA CONCELLO O GROVE TRAIÑEIRAS.** O Grove 22/07/1989 (Mecos)
Vila de Cangas 1º
- **III BANDEIRA INTERCÉLTICO DO MORRAZO TRAIÑEIRAS.** Meira 23/07/1989
Vila de Cangas 5º
- **IV BANDEIRA CONCELLO VIGO TRAIÑEIRAS.** Vigo 29/07/1989
Vila de Cangas 8º
- **III BANDEIRA CONCELLO REDONDELA TRAIÑEIRAS.** Chapela 30/07/1989
Vila de Cangas 5º



- **IV TROFEO TERESA HERRERA TRAIÑEIRAS.**
A Coruña 05/08/1989
Vila de Cangas 13^o
- **VI BANDERA PRÍNCIPE ASTURIAS TRAIÑEIRAS.** Castropol 06/08/1989
Vila de Cangas 6^o
- **VI BANDEIRA DESCUBRIMENTO TRAIÑEIRAS.**
Baiona 13/08/1989 Vila de Cangas 4^o
- **III BANDEIRA XUNTA GALICIA TRAIÑEIRAS.**
Meira 15/08/1989
Vila de Cangas 7^o
- **XI TROFEO CONDE FENOSA TRAIÑEIRAS.**
Tirán 26/08/1989 (San Juan)
Vila de Cangas 9^o
- **III BANDEIRA CONCELLO CANGAS TRAIÑEIRAS.** Cangas 02/09/1989
Vila de Cangas 4^o

ANO 1990

- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.**
O Grove 24/02/1990 (Mecos)
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 6^o e 13^o
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 13^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 10^o e 11^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 2^o
- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.**
Meira 03/03/1990
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 10^o e 16^o
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 6^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 7^o e 11^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 3^o
- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.**
Cesantes 10/03/1990
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 8^o e 16^o
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 15^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 3^o e 10^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 3^o
- **II BANDEIRA CONCELLO VIGO BATEIS.**
Teis 17/03/1990
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 5^o
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 10^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 1^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 3^o
- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.**
Chapela 24/03/1990
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 10^o e 19^o
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 10^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 9^o e 12^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 3^o
- **VI BANDEIRA CONCELLO MOAÑA BATEIS.**
Tirán 31/03/1990 (Remedios)
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 3^o e 20^o
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 7^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 1^o e 9^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 4^o
- **CONFRONTA AUTONÓMICA BATEIS.**
Vilagarcía 08/04/1990
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 5^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas retirado
- **CAMPIONATO TERITORIAL SUR BATEIS.**
Cangas 21/04/1990
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 8^o
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 7^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 5^o
- **V TROFEO CONDE FENOSA BATEIS**
CAMPIONATO GALEGO BATEIS.
Fene 29/04/1990
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 3^o
- **XLVII CAMPIONATO ESPAÑA BATEIS.**
Getaria 05-06/05/1990
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 3^o
- **REGATA LIGUIÑA TRAIÑEIRIÑAS.**
O Grove 26/05/1990 (Amegrove)
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 6^o
- **CAMPIONATO TERRITORIAL SUR TRAIÑEIRIÑAS.** Meira 02/06/1990
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 3^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 6^o
- **CAMPIONATO GALEGO TRAIÑEIRIÑAS.**
Meira 03/06/1990
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 1^o
- **XLIV CAMPIONATO ESPAÑA TRAIÑEIRIÑAS.**
Celeiro 09-10/06/1990
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 2^o
- **I BANDEIRA AUTOESTRADAS ATLÁNTICO TRAIÑEIRAS.** Chapela-Rande-Moaña 16/06/1990
Cangas-Vigo 17/06/1990
Vila de Cangas 7^o - Vila de Cangas 6^o
- **III BANDEIRA DEPUTACIÓN PONTEVEDRA TRAIÑEIRAS.** Bueu 01/07/1990
Vila de Cangas 6^o
- **IX GRAN PREMIO-BANDEIRA EL CORTE INGLÉS TRAIÑEIRAS.** Vigo 08/07/1990
Vila de Cangas 10^o
- **XII TROFEO FESTA CARME TRAIÑEIRAS.**
O Grove 14/07/1990 (Mecos)
Vila de Cangas 2^o
- **VIII BANDEIRA CONCELLO MOAÑA TRAIÑEIRAS.** Meira 15/07/1990
Vila de Cangas 6^o
- **V BANDEIRA CONCELLO VIGO TRAIÑEIRAS.**
Teis 21/07/1990
Vila de Cangas 4^o
- **X TROFEO PARROQUIA TIRÁN TRAIÑEIRAS.**
Tirán 28/07/1990
Vila de Cangas 4^o
- **V TROFEO TERESA HERRERA TRAIÑEIRAS.**
A Coruña 05/08/1990
Vila de Cangas 5^o
- **IV BANDEIRA XUNTA GALICIA TRAIÑEIRAS.**
Cabo de Cruz 11/08/1990
Vila de Cangas 12^o
- **VI BANDEIRA CONCELLO O GROVE TRAIÑEIRAS.**
O Grove 15/08/1990 (Amegrove)
Vila de Cangas 8^o
- **VI BANDEIRA CONCELLO VILAGARCÍA TRAIÑEIRAS.**
Vilagarcía de Arousa 18/08/1990
Vila de Cangas 4^o



- **XII TROFEO CONDE FENOSA TRAIÑEIRAS.**
Meira 25/08/1990
Vila de Cangas 11^o
- **II TROFEO FESTA CRISTO TRAIÑEIRAS.**
Cangas 01/09/1990
Vila de Cangas 6^o

ANO 1991

- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.**
Marín 02/03/1991
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 7^o e 11^o
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 1^o e 12^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 5^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 1^o
- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.**
Tirán 17/03/1991 (San Juan)
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 6^o e 7^o
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 5^o e 12^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 12^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 1^o
- **I MEMORIAL JOLAS BATEIS. III BANDEIRA CONCELLO VIGO BATEIS.**
Teis 23/03/1991
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 5^o e 8^o
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 6^o e 17^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 11^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 1^o
- **REGATA LIGUIÑA BATEIS.**
Cesantes 28/03/1991
INFANTIL MASCULINO Vila de Cangas 5^o e 9^o
CADETE MASCULINO Vila de Cangas 2^o e 13^o
XUVENIL MASCULINO Vila de Cangas 6^o
SÉNIOR MASCULINO Vila de Cangas 1^o
